



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

# Anexo II. Marco normativo e programas

**PLAN DIRECTOR**  
da Rede Natura 2000 de Galicia

26-Xaneiro-2011





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

# **PLAN DIRECTOR**

## **da Rede Natura 2000 de Galicia**

**26-Xaneiro-2011**

## **Anexo II. Marco normativo e programas**

Cofinanciado



**FEDER**

# PLAN DIRECTOR da Rede Natura 2000 de Galicia

## Dirección Técnica

Ricardo García-Borregón Millán  
Rogelio Fernández Díaz  
Belén Bris Marino

Dirección Xeral de Conservación da Natureza  
Consellería do Medio Rural  
Xunta de Galicia

## Equipo redactor

Pablo Ramil Rego  
Javier Ferreiro da Costa  
Belén de Nóvoa Fernández  
Boris Alejandro Hinojo Sánchez  
Marco Antonio Rubinos Román

Grupo de Investigación 1934-TB  
IBADER – Campus de Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela

Enrique Valero Gutiérrez del Olmo  
Juan Picos Martín  
Xana Álvarez Bermúdez  
Víctor Estévez González

Grupo de Investigación AF-4  
E.U.I.T. Forestal – Campus de Pontevedra  
Universidade de Vigo

## Limiar

O Tratado de Funcionamento da Unión Europea establece no seu artigo 191 (antigo artigo 174 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea) que a política da Unión no ámbito do medio ambiente contribuirá, entre outros, a garantir a conservación e a protección e a mellora do medio ambiente.

O Cumio de Río de Janeiro de 1992, introducía un novo paradigma mundial mediante a procura dun modelo de desenvolvemento humano sostible. Estes mesmos principios serían tamén os inspiradores de que a Comisión Europea promulgase a DC 92/43/CEE, coñecida como Directiva Hábitat, que fixaba como obxectivo fundamental propiciar o mantemento da biodiversidade no ámbito territorial da Unión Europea, ao tempo que se tiñan en conta as esixencias económicas, sociais, culturais e rexionais.

Para acadar o seu obxectivo principal, a DC 92/43/CEE crea unha rede ecolóxica europea coherente de zonas especiais de conservación, denominada «Natura 2000», composta polos lugares que alberguen tipos de hábitats naturais e por hábitats de especies, dos que deberán garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, e na que tamén se inclúen as zonas designadas conforme ás disposicións da DC 2009/147/CE.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle no seu artigo 27.30 a competencia exclusiva para ditar normas adicionais de protección do medio e a paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23a da Constitución.

Os lugares que vertebran a Rede Natura 2000 en Galicia foron declarados polo Goberno Autónomo, ao amparo da Lei 9/2001, como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), integrándose deste modo dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos. Pola súa banda, a Lei estatal 42/2007 designa estes espazos como Espazos Protexidos Rede Natura 2000.

A articulación de medidas de xestión require, de acordo coa DC 92/43/CEE, a realización dun plan de xestión específico para os lugares da Rede Natura 2000, así como o establecemento de medidas regulamentarias e administrativas, acordos coas esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats e especies de interese para a conservación, e especialmente as contempladas nos anexos das DC 92/43/CEE e da DC 2009/147/CE.

Instrumento de planificación e xestión, que se estrutura e adapta no presente documento, á figura do "Plan de Ordenación dos Recursos Naturais", prevista na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, e na Lei 42/2007, complementando os obxectivos formulados nas propias normativas autonómica e estatal, cos obxectivos e directrices da Rede Natura 2000.

O presente Plan contempla o ámbito de protección dos espazos, a identificación dos compoñentes clave para a conservación da biodiversidade e a avaliación das afeccións que poidan incidir no seu estado de conservación. A necesidade de dotar aos distintos espazos de criterios homoxéneos de planificación e ordenación, xustifica a inclusión dunha zonificación de usos para cada espazo, coherente coa distribución territorial dos valores naturais e cos usos do territorio. Acordes coa zonificación establécense as directrices de ordenación, incluíndo as normas de uso e aproveitamento do territorio e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar dos hábitats naturais e das especies silvestres.

En consecuencia, tendo en conta a declaración do pasado ano 2010 como "Ano de Biodiversidade", o novo horizonte para o ano 2020 na conservación da biodiversidade a nivel mundial e europeo, e a presente declaración do ano 2011 como "Ano Internacional dos Bosques", o presente Plan contribúe á conservación dos recursos naturais a través do fomento do desenvolvemento sostible, tendo en conta que a conservación da biodiversidade poderá, en determinados casos, requirir o mantemento e mesmo o estímulo de determinadas actividades humanas.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

<b>☞</b>	<b>Anexo II: Marco normativo e programas</b>	
1.	<b>Introdución</b>	<b>1</b>
2.	<b>Marco legal</b>	<b>2</b>
2.1	Ámbito internacional	3
2.2	Unión Europea	4
2.3	Estado Español	5
2.4	Comunidade Autónoma de Galicia	6
3.	<b>Programas de incidencia sobre a conservación</b>	<b>9</b>
3.1	Medio Mariño	10
3.2	Usos Agrícolas e Desenvolvemento Rural	23
3.3	Usos Forestais	53
3.4	Conservación da biodiversidade	72
4.	<b>Definicións</b>	<b>80</b>



# 1. Introducción

## **1** **Introdución**

---

O presente Anexo do Plan Director da Red Natura 2000 de Galicia inclúe as disposicións normativas relativas á conservación da biodiversidade e de promoción do desenvolvemento sostible, de xeito que se presentan nun primeiro apartado aqueles convenios e acordos internacionais que tiveron unha repercusión directa na normativa ambiental comunitaria, estatal e autonómica, presentándose tamén unha relación das disposicións máis salientables nestes 3 niveis.

Tamén se elaborou unha relación daqueles plans, programas e estratexias que, a diferentes niveis, son de referencia para diversos sectores da actividade socioeconómica que posúen incidencia sobre a conservación e a xestión da biodiversidade.

Finalmente, inclúese un apartado relativo ás definicións daqueles termos e expresións, legais ou técnicos, introducidos a través da lexislación e referencias consultadas, e empregados na elaboración do presente Plan.



## **2. Marco legal**

## 2

## Marco legal

---

A partir da declaración do Parque Estatal de Yosemite (1864) e do Parque Nacional de Yellowstone (1872) en Estados Unidos, aparecen en todo o mundo os primeiros Espazos Naturais protexidos cunha lexislación específica, normalmente de ámbito estatal. En Europa, os estados pioneiros en materia de conservación foron Suecia, Suíza e España coa declaración de varios Parques Nacionais antes de 1920.

Non obstante, non será ata mediados do século XX cando xorden as primeiras formulacións acerca da necesidade de colaboración interestatal para unha adecuada conservación dos Espazos Naturais protexidos e do medio natural, considerado como patrimonio común da humanidade e cuxa evolución é independente das fronteiras políticas.

A **Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Humano**, celebrada en Estocolmo en 1972, marca os comezos da protección ambiental a nivel internacional, promovendo a aparición de lexislacións nacionais e supranacionais destinadas á protección dos recursos naturais. A **Declaración de Río de Janeiro sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento** (1992), reafirmará a Declaración da Conferencia das Nacións Unidas sobre o medio Humano e trata de basearse nela co obxectivo de establecer unha alianza mundial nova e equitativa, promovendo acordos internacionais dirixidos á protección da integridade do sistema ambiental a escala global. Nesta Conferencia consolídase e proclama a nivel internacional a idea de "desenvolvemento sostible", ademais de aprobarse catro documentos entre os que destaca o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, o cal establece entre o seu articulado, como obxectivo fundamental, a conservación da diversidade biolóxica.

## 2.1 **Ámbito internacional**

---

A preservación da diversidade biolóxica é unha prioridade recoñecida en todos os acordos e normativas ambientais e moi especialmente na **Estratexia Mundial para a Conservación da Natureza** (1980) e no **Convenio sobre a Biodiversidade** (Río de Janeiro, 1992). Acordos internacionais que tiveron unha repercusión directa na normativa ambiental comunitaria, estatal e autonómica que se promulgou nestas tres décadas.

As disposicións autonómicas, estatais e comunitarias, xunto aos diversos convenios internacionais subscritos e ratificados polo Goberno español, en especial o de Washington, Berna e Bonn, conforman o réxime xurídico básico protector dos recursos naturais, sen menoscabo da súa necesaria explotación en aras dun desenvolvemento económico e social ordenado en harmonía co medio natural. Entre os Convenios Internacionais ratificados polo Estado Español e vinculados coa protección e conservación da natureza atópanse:

- \* Conferencia Internacional sobre a Conservación e Utilización da Biosfera, UNESCO, ONU (,París, 1968)
- \* Convenio relativo a humedais de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas (Ramsar, 1971).
- \* Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente (Estocolmo, 1972)
- \* Convención para a protección do patrimonio mundial cultural e natural, Unesco, Nacións Unidas (Parides, 1972)
- \* Convención sobre a conservación das especies migratorias de animais silvestres. (Bonn, 1979).
- \* Convenio de Berna relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa (Berna, 1979)
- \* Convención sobre o comercio internacional de especies de fauna e flora salvaxes en vía de extinción, CITES (Washington, 1979)
- \* Conferencia Ministerial sobre a protección dos bosques en Europa (París, 1990)
- \* Convención das Nacións Unidas sobre diversidade biolóxica (Río de Janeiro, 1992).
- \* Convención das Nacións Unidas sobre o cambio climático (Nova York, 1992).
- \* Anexo V do Convenio de Protección e Conservación dos Ecosistemas e a Diversidade Biolóxica das áreas mariñas, Convenio OSPAR (Sintra, 1998).
- \* Convenio de Aarhus, sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (Aarhus, Dinamarca, 1998).
- \* Protocolo de Kyoto da convención marco das nacións unidas sobre o cambio climático (Adoptado en Montreal, 2000).
- \* Convenio Europeo da Paisaxe (Florenca, 2000).
- \* Protocolo de Cartagena relativo á seguridade da biotecnoloxía da convención de Nacións Unidas sobre a diversidade biolóxica (Adoptado en Montreal, 2000).

## 2.2 Unión Europea

---

No cumio de París (1972) a Comunidade Económica Europea establece como unha das súas prioridades a protección do medio ambiente. As primeiras accións comunitarias que comezaron en 1972, no marco de 4 programas de acción sucesivos, as accións legislativas emprendidas baseábanse nun enfoque vertical e sectorial dos problemas ecolóxicos. Durante este período, a Comunidade adoptou preto de 200 actos legislativos, consistentes fundamentalmente en limitar a contaminación mediante a introdución de normas mínimas, en particular en materia de xestión dos residuos e contaminación da auga e do aire. A acción comunitaria foise desenvolvendo co paso dos anos, ata que o Tratado da Unión Europea lle conferiu o carácter de política. O Tratado de Amsterdam (1997) proseguíu esta evolución, mediante a integración do principio de desenvolvemento sostible entre os obxectivos da Comunidade Europea e facendo da obtención dun elevado nivel de protección do medio ambiente unha das súas prioridades absolutas.

En aras da eficacia, o V Programa de Acción para o Medio Ambiente, titulado "Cara a un desenvolvemento sostible" sentou os principios dunha estratexia europea voluntarista para o período 1992-2000 e marcou o principio dunha acción comunitaria horizontal, tendo en conta todos os factores de contaminación (industria, enerxía, turismo, transportes, agricultura, etc.). A Comisión confirmou este enfoque transversal da política de medio ambiente tras as comunicacións de 1998, así como polo Consello Europeo de Viena do mesmo ano e posteriormente coa comunicación de maio de 2001. O VI Programa de Acción en Materia de Medio Ambiente, establece as prioridades da Comunidade Europea ata 2010. Faise fincapé en catro ámbitos: o cambio climático, a natureza e a biodiversidade, o medio ambiente e a saúde, e a xestión dos recursos naturais e dos residuos. Destes emanan unha serie de liñas de acción: mellorar a aplicación da normativa ambiental, traballar co mercado e os cidadáns, e aumentar a integración do medio ambiente nas demais políticas comunitarias. Un aspecto innovador que merece destacarse é a política de produtos integrada, o obxectivo do cal é desenvolver un mercado máis ecolóxico velando por que os produtos sexan máis respectuosos co medio ambiente ao longo da súa vida útil. Este camiño institucional percorrido para a conservación do medio ambiente ten a súa concreción en tres instrumentos legislativos coñecidos comunmente como Directiva Aves, Directiva Hábitat e Directiva Marco da Auga.

- \* Directiva 85/337/CEE, do Consello, do 27 de xuño, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- \* Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- \* Decisión 93/626/CEE, Convenio sobre Biodiversidade.
- \* Regulamento (CE) n° 338/97, de 9/12/1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.
- \* Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo sobre unha estratexia da Comunidade Europea en materia de Biodiversidade (Com (1998) 42 final).
- \* Directiva 97/11/CE, do Consello, do 3 de marzo, pola que se modifica a Directiva 85/337/CEE.
- \* Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas
- \* Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo, do 27 de marzo de 2001: plan de acción sobre biodiversidade para a conservación dos recursos naturais.
- \* Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental.
- \* Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de novembro, relativa á conservación das aves silvestres.

## 2.3 Estado Español

---

O artigo 45 da Constitución Española, encadrado dentro do Título I, que regula os dereitos e deberes fundamentais, reconece o dereito a gozar dun medio ambiente axeitado e obriga, en consecuencia, aos poderes públicos e á propia cidadanía á súa axeitada protección e conservación. De acordo coa repartición de competencias establecida no artigo 149.1.23º da Constitución, á que necesariamente se subordinan os Estatutos de Autonomía e a lexislación xeral e sectorial, a protección do medio ambiente en España baséase nun réxime de competencias compartido entre a Administración Xeral do Estado coas Comunidades Autónomas. No marco de competencias atribuídas á Administración Xeral do Estado, as propiamente relacionadas coa política ambiental corresponden, con carácter xeral, ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM). Non obstante, moitas das políticas ou actividades sectoriais xestionadas por outros departamentos adoitan presentar tamén interaccións máis ou menos importantes co medio ambiente, en función dos efectos que as devanditas políticas teñen sobre os distintos tipos de hábitats e de ecosistemas.

Segundo este mesmo artigo, as Comunidades Autónomas contan con capacidade normativa propia sobre protección do medio ambiente, que se traduce tanto na posibilidade de desenvolver a lexislación básica coma na facultade de establecer normas adicionais de protección. En ambos os dous aspectos, existe na actualidade abundante normativa aprobada por cada Comunidade Autónoma nas distintas especialidades ambientais.

Corresponde ao MARM segundo o Artigo 1 do RD 1130/2008, no ámbito de competencias do Estado, a elaboración da lexislación estatal en materia de augas e costas, medio ambiente e montes e meteoroloxía e climatoloxía; a proposta e execución das directrices xerais do Goberno sobre a política agraria, pesqueira e alimentaria; a xestión directa do dominio público hidráulico, do dominio público marítimo-terrestre; a representación do Estado nos organismos internacionais correspondentes a estas materias, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación; así como a coordinación de actuacións, a cooperación e a concertación no deseño e aplicación de todas as políticas que afecten ao ámbito de competencias das comunidades autónomas e das restantes administracións públicas, propiciando a súa participación a través dos órganos e instrumentos de cooperación axeitados.

- \* Lei 22/1988, do 23 de xullo, de Costas.
- \* Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
- \* Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas
- \* Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.
- \* Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente
- \* Lei 27/2006 do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.
- \* Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- \* Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.
- \* Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.
- \* Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo.
- \* Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.
- \* Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.

## 2.4 Comunidade Autónoma de Galicia

---

O Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, BOE 101, 28/04/1981) establece, no seu Artigo 1 do Título preliminar e máis no Artigo 27 do Título II, o marco competencial en relación á conservación, xestión e planificación dos compoñentes da biodiversidade.

Dende a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia produciuse un incremento continuo das normativas que fan referencia directa ou indirectamente ao medio ambiente e á conservación da natureza, representando na actualidade aproximadamente un terzo do conxunto da lexislación autonómica, entre a que debe resaltarse as seguintes:

- \* Decreto 3160/1978, do 4 de decembro de 1978, polo que se declara o Parque Natural de Monte Aloia
- \* Real Decreto 2497/1980, de 17 de outubro, polo que se declara o Parque Natural das Illas Cíes.
- \* Orde do 10 de decembro de 1984 sobre protección do Acivro *Ilex Aquifolium*, L. no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
- \* Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común
- \* Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia
- \* Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia
- \* Decreto 139/1992, polo que se declara parque natural o Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Concello de Ribeira – A Coruña).
- \* Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Concello de Ribeira – A Coruña)
- \* Decreto 149/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Recuperación do Oso Pardo.
- \* Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial.
- \* Decreto 32/1993, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural de Baixa Limia-Serra do Xurés
- \* Lei 1/1995, de 2 de Xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- \* Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se da nova redacción á disposición derogatoria única da Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia.
- \* Lei 12/1995, do 29 de decembro, do Imposto sobre a contaminación atmosférica.
- \* Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.
- \* Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Fragas do Eume
- \* Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais
- \* Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia
- \* Decreto 155/1997, do 5 de xuño, polo que se declara o Parque Natural do Invernadeiro.
- \* Decreto 218/1997, do 30 de xullo, polo que se declara o Parque Natural das Fragas do Eume
- \* Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica
- \* Decreto 155/1998, do 28 de maio, polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés.
- \* Decreto 156/1998, do 28 de maio, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural das Illas Cíes.
- \* Decreto 166/1999, do 27 de maio, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Invernadeiro.
- \* Decreto 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas.

- \* Decreto 76/2000, do 25 de febreiro, polo que se declara monumento natural a Fraga de Catasós, no concello de Lalín (Pontevedra).
- \* Decreto 77/2000, do 25 de febreiro, polo que se declara monumento natural o Souto da Retorta, no concello de Viveiro (Lugo).
- \* Decreto 78/2000, do 25 de febreiro, polo que se declara monumento natural o Souto de Rozabales, no concello de Manzaneda (Ourense).
- \* Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- \* Decreto 101/2000, do 31 de marzo, polo que se declara monumento natural a Costa de Dexo.
- \* Decreto 295/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, en relación co pacto ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia.
- \* Decreto 274/2001, do 27 de setembro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Monte Aloia.
- \* Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia
- \* Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.
- \* Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.
- \* Decreto 77/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da Serra da Enciña da Lastra. DOG 55, 18/04/2002.
- \* Decreto 88/2002, do 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Espacio Natural da Illa de Cortegada e o seu contorno.
- \* Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, pola Lei 6/2007 e pola Lei 2/2010.
- \* Decreto 157/2002, do 4 de abril, polo que se declara o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra
- \* Decreto 30/2004, do 22 de xaneiro, polo que se crea a Xunta Consultiva do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.
- \* Decreto 31/2004, do 22 de xaneiro, polo que se crea a Xunta Consultiva do Parque Natural do Monte Aloia.
- \* Decreto 32/2004, do 22 de xaneiro, polo que se crea a Xunta Consultiva do Parque Natural das Fragas do Eume.
- \* Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como zonas de especial protección dos valores naturais.
- \* Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro, polo que se declara a Praia das Catedrais como monumento natural.
- \* Decreto 124/2005, de 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e a figura de espazo privado de interese natural.
- \* Decreto 540/2005, do 13 de outubro, polo que se crea a Xunta Consultiva do Parque Natural do Invernadeiro.
- \* Decreto 45/2007, do 1 de marzo, polo que se declara monumento natural da Carballa da Rocha, no concello de Rairiz de Veiga.
- \* Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
- \* Decreto 264/2007, do 20 de decembro, polo que se declara monumento natural da Serra de Pena Corneira, na provincia de Ourense.
- \* Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se aplica, provisionalmente, o réxime de zona de especial protección dos valores naturais ao espazo natural Miño-Neira.
- \* Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local o espazo natural de Voutureira, no concello de San Cibrao das Viñas.
- \* Decreto 265/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica a composición das xuntas consultivas dos parques naturais de Galicia.

- \* Orde do 18 de febreiro de 2008 pola que se declara de xeito provisional, como espazo privado de interese natural, o espazo natural de Sobreiras do Faro, no concello de Oia.
- \* Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- \* Decreto 131/2008, do 19 de xuño, polo que se declara zona de especial protección para as aves o espazo natural Pena Trevinca.
- \* Decreto 263/2008, do 13 de novembro, polo que se declara paisaxe protexida o val do río Navea.
- \* Decreto 294/2008, do 11 de decembro, polo que se declara paisaxe protexida os Penedos de Pasarela e Traba.
- \* Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- \* Orde do 30 de xaneiro de 2009 pola que se declara de xeito provisional, o espazo natural de interese local de Puzo do Lago, no concello de Maside.
- \* Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés.
- \* Decreto 65/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Monte Aloia.
- \* Orde do 2 de xuño de 2009 pola que se declaran, de xeito provisorio, como espazo natural de interese local as Illas de San Pedro, no concello da Coruña, na provincia da Coruña
- \* Orde do 21 de outubro de 2009 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local Xunqueira de Alba, no concello de Pontevedra (Pontevedra).
- \* Decreto 401/2009, de 22 de outubro, polo que se declara o ámbito do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés.
- \* Decreto 411/2009, do 12 de novembro, polo que se declara a zona de especial protección para as aves da Limia.
- \* Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.
- \* Decreto 222/2010, do 23 de decembro, polo que se aproba o Plan de conservación do espazo privado de interese natural Sobreiras do Faro.
- \* Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio
- \* Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.



### **3. Programas de incidencia sobre a conservación**

# 3

## **Programas de incidencia sobre a conservación**

---

A continuación preséntanse, organizados en 4 grandes bloques de actividade (medio mariño, usos agrícolas e desenvolvemento rural, usos forestais, conservación da biodiversidade), unha revisión das fontes de información máis salientables en canto aos plans e programas desenvolvidos a diferentes niveis (internacional, europeo, nacional), que son de referencia en cada un dos sectores anteriores e que posúen unha incidencia sobre a conservación e a xestión dos recursos naturais e da biodiversidade.

## 3.1 Medio Mariño

---

O presente apartado contempla unha revisión das fontes de información internacional, europea e nacional, recompilando das mesmas a información referente aos plans, programas e acordos ou convenios que posúen unha incidencia sobre o desenvolvemento da conservación e xestión dos valores naturais no sector mariño. Deste xeito, inclúese de seguido unha relación dos documentos manexados, así como unha descrición máis ou menos extensa dos seus obxectivos, directrices, e contidos máis relevantes.

### ✳ Libro verde sobre a política europea marítima

Este documento, titulado "Libro Verde - Cara a unha futura política marítima da Unión: perspectiva europea dos océanos e os mares, está publicado na Comunicación COM (2006) 275. O Libro Verde inscríbese na mesma liña que a Estratexia de Lisboa O seu obxectivo é aplicar o concepto de desenvolvemento sostible mediante a conciliación das dimensións económica, social e ambiental da explotación dos recursos dos mares e os océanos, que por iso deben situarse no centro do debate.

As actividades marítimas constitúen un dos ámbitos esenciais da Estratexia de Lisboa, pola importancia que ten a economía marítima. Segundo unha estimación, os sectores relacionados coa explotación dos mares representan entre o 3% e o 5% do produto interior bruto da Unión Europea (UE), que ocupa o primeiro lugar mundial nos seguintes ámbitos:

- transporte marítimo (dada a magnitude dos intercambios comerciais por vía marítima);
- turismo costeiro (dado que dous terzos das fronteiras da Unión son costas);
- produción de enerxía no mar (grazas aos recursos de gas e petróleo do mar do Norte);
- técnicas de construción naval (grazas á construción de buques excepcionais pola súa complexidade, a súa seguridade e a súa incidencia ambiental);
- servizos conexos (grazas aos coñecementos técnicos sobre tecnoloxías mariñas).

Ademais, a UE é líder en varios ámbitos que se poden seguir desenvolvendo, como a construción de buques de cruceiro, as enerxías renovables e os portos.

Resulta primordial preservar a competitividade destes sectores, de grande importancia socioeconómica. Por esta razón, o Libro Verde examina os distintos factores que inciden na competitividade: o estado do medio mariño, os coñecementos científicos sobre todos os aspectos relacionados cos océanos, a innovación e a cualificación da man de obra.

O medio mariño enfróntase, entre outras cousas, a:

- a diminución acelerada de biodiversidade (con consecuencias para o desenvolvemento do potencial da «biotecnoloxía azul»);
- a explotación excesiva dos recursos (con consecuencias para a pesca);
- o cambio climático (con consecuencias para a pesca e o turismo costeiro);
- a contaminación terrestre;
- a acidificación da auga do mar;
- a contaminación causada polas verteduras dos buques;
- os accidentes marítimos (pola falta dunha maior seguridade marítima).

Para reducir os efectos destes fenómenos sobre o medio, a Estratexia temática para o medio ambiente mariño terá por obxectivo:

- reforzar a lexislación relativa á seguridade marítima;
- utilizar a avaliación dos riscos para a elaboración das políticas neste ámbito;
- axudar aos países en desenvolvemento a aplicar o Convenio Internacional para o Control e a Xestión da Auga de Lastre e os Sedimentos dos Buques ;
- introducir as tecnoloxías de tratamento das augas de lastre.

A investigación é importante para tomar decisións estratéxicas con coñecemento de causa, e podería beneficiarse, ademais, do Séptimo Programa Marco, que presta especial atención aos científicos prioritarios de carácter intertemático. Non obstante, os Estados membros poden ir aínda máis lonxe mediante a coordinación dos seus programas nacionais de investigación para lograr unha investigación paneuropea e evitar as duplicacións. Tamén é importante a cooperación dos científicos cos desenvolvedor de tecnoloxía.

A innovación pode servir para achegar solucións dentro de ámbitos en plena evolución como a enerxía e o cambio climático. As solucións achegadas tamén poderían beneficiar aos terceiros países orientados cara a un desenvolvemento sostible, podendo constituír así unha vantaxe competitiva. A enerxía eólica, as turbinas que explotan as correntes das mareas e os recursos de gas e petróleo dos grandes fondos mariños poden constituír novas fontes de enerxía. A captura de carbono, a redución das emisións de NOx procedentes dos buques, o abandono do transporte por estrada en favor do transporte marítimo e os hidratos de metano poden axudar, pola súa banda, a combater o cambio climático.

O Libro Verde formúlase como responder á escaseza de man de obra cualificada, causada pola interacción dunha serie de factores nefastos. Unha organización eficaz das empresas por un lado, e do marco regulador polo outro, tamén pode axudar ao desenvolvemento sostible. O sector privado pode organizarse en redes de excelencia marítima - *clusters*- articuladas en torno a proxectos comúns. Pola súa banda, os lexisladores deberían simplificar a lexislación, e evitar que os fins dunha política determinada teñan consecuencias nefastas e contraditorias sobre outros obxectivos marítimos. Resulta esencial lograr un marco regulador estable e coherente, aprobado por todas as partes interesadas. Ademais, o Libro Verde estuda os mecanismos incentivadores para os armadores ou a observancia das normas internacionais en alto mar para loitar contra os pavillóns de conveniencia.

Case a metade da poboación europea vive nas costas ou preto destas, o atractivo das cales aumenta de día en día. Así pois, convén desenvolver estatísticas específicas para determinar cales son as infraestruturas de transporte e os servizos de interese xeral que mellor adáptense a estas tendencias. Paralelamente ao crecemento da poboación nas zonas costeiras, multiplícanse os riscos aos que esta ha de facer fronte, causados, entre outras cousas, polo cambio climático. Así pois, as autoridades públicas deben analizar eses riscos para poder planificar a protección da poboación, as actividades económicas e o medio, e xestionar os custos derivados diso. Ademais, as novas respostas dadas a eses riscos orixinarán novos coñecementos e experiencias que poderán exportarse a outros países.

O Libro Verde examina os efectos do turismo sostible sobre as economías locais, e estuda a relación entre a terra e o mar, tomando en consideración o carácter inseparable destes dous elementos para propoñer a súa integración nunha xestión única do mar, as terras e as zonas intermedias. Esta xestión integrada resulta especialmente útil no que se refire á contaminación mariña de orixe terrestre ou á ampliación dos portos para convertelos en plataformas multifuncionais.

É necesaria unha rede europea de datos sobre o medio mariño que englobe as redes nacionais xa existentes. O seu obxectivo sería a harmonización e a recollida de datos procedentes de distintas fontes para a súa utilización nun grande número de aplicacións, e encadraríase no sistema GMES.

A mellora dos datos e a súa difusión en tempo real facilitarán a navegación e a detección de actividades ilícitas no mar. Aínda que a UE xa cumpre as disposicións da Organización Marítima Internacional a este respecto, a interoperabilidade con sistemas independentes pode mellorarse.

O Libro Verde propón tamén un sistema de ordenación espacial para facer posible a coexistencia, ao longo das costas, de distintas actividades e disipar as dúbidas que os investidores poidan ter no que se refire á obtención de autorizacións. É importante definir os principios que se han de aplicar á ordenación espacial e utilizar os coñecementos proporcionados pola experiencia de Canadá.

Polo que se refire ao apoio financeiro, o Libro Verde destaca a necesidade de mellorar os datos sobre o nivel xeral de asistencia financeira da CE e estudar de qué xeito poden contribuír esas fontes á política marítima.

O bo goberno en vigor, executado a través de sectores ou rexións xeográficas, debe ser substituído por unha formulación transversal que terá consecuencias a nivel nacional, europea ou internacional.

Algúns Estados membros xa delegan diversas funcións das autoridades públicas nas autoridades nacionais competentes. Non obstante, os Estados membros poderían reforzar a integración mutua no ámbito aduaneiro ou no da seguridade das mercadorías, seguindo o exemplo da Axencia Europea para a Xestión de las Fronteiras Exteriores (Frontex) ou da Axencia Europea de Seguridade Marítima. Outros posibles proxectos son a creación dun corpo europeo de gardacostas e a realización dun espazo marítimo común regulado polas mesmas normas.

A integración beneficia ás economías de escala e permite que determinados equipos ou tecnoloxías, como os sistemas de vixilancia marítima, resulten máis alcanzables.

En razón de determinadas características, os ecosistemas mariños poderían xestionarse mellor a nivel rexional. Por outro lado, o nivel europeo podería ocuparse da defensa do interese común, así como da provisión dos instrumentos de ordenación espacial e do control do seu uso.

O cambio climático, a protección da biodiversidade, a inmigración ilegal, a pirataría, o acceso non discriminatorio ao mercado de servizos marítimos e outros fenómenos esixen que a Unión Europea comparta estas novas ideas coa comunidade internacional e se formule cáles son os mellores métodos para promover o seu punto de vista.

Pola súa banda, os distintos sectores marítimos deben cooperar para sensibilizar o público sobre o legado marítimo e sobre a importancia dos océanos e os mares nas nosas vidas. A Comisión suxire que a educación sexa a forza impulsora; sen dúbida unha imaxe máis positiva facilitaríala a contratación de mariñeiros.

A política marítima encádrase na Estratexia de Lisboa, xa que propón explotar as sinerxías entre a política rexional e as políticas de pesca, de investigación e innovación, empresarial, de transporte marítimo, de medio e de enerxía, co fin de fomentar o desenvolvemento sostible.

Ademais, nos obxectivos estratéxicos para o período de 2005 a 2009, a Comisión reclamou unha política marítima global, é dicir, unha política o obxectivo da cal sexa o crecemento e a creación de emprego, contribuíndo así ao establecemento dunha economía marítima forte, puxante, competitiva e sostible, en harmonía co medio mariño.

O Libro Verde invita as partes interesadas a participar no desenvolvemento dunha perspectiva transversal dos océanos e os mares. Os interesados poderán transmitir á Comisión as súas observacións sobre os asuntos formulados ata o 30 de xuño de 2007. Antes de finais de 2007, a

Comisión daría por concluído o proceso a través dunha comunicación na que fará propostas para o futuro.

### **✱ Directrices da Rede Natura 2000 no medio mariño**

---

A obra titulada "Directrices para o Establecemento da Rede Natura 2000 no Medio Mariño. Aplicación das Directivas de hábitats e aves silvestres", é unha guía que avalía o proceso de integración da Rede Natura 2000 no contexto xeral das políticas ambientais comunitarias, ofrecendo información sobre a lexislación comunitaria e internacional pertinente para o establecemento de Natura 2000 no medio mariño. Inclúe as definicións dos tipos de hábitats mariños do anexo I da Directiva de hábitats así como información máis xeral sobre as especies e os hábitats mariños, incluída a súa presenza en augas costeiras e non costeiras dos Estados membros. Nun segundo plano, ofrece información sobre os mellores sistemas de localización e avaliación dos hábitats e as especies mariñas, criterios de selección dos espazos e orientación sobre temas de xestión dos mesmos, centrándose na relación entre as actividades pesqueiras e as Directivas de hábitats e aves.

Esta guía non pretende ofrecer unha información detallada sobre todos os temas relacionados con Natura 2000 no ámbito mariño, especialmente no que se refire á xestión e á protección dos espazos. O seu interese, pola contra, é centrarse en temas clave relacionados co establecemento da rede utilizando a información dispoñible.

En definitiva, a guía está limitada polo texto das Directivas de hábitats e de aves e polos principios xerais que rexen a lexislación ambiental da Comunidade, sendo fiel a estes. Non ten carácter legislativo (non se establecen novas normas senón que se ofrece orientación sobre a aplicación das que xa existen). Reflicte unicamente a opinión dos servizos da Comisión e non ten carácter vinculante.

A necesidade de aplicar a totalidade das Directivas de hábitats e de aves silvestre ao medio mariño non costeiro da Unión Europea, especialmente no que se refire ao establecemento da rede Natura 2000, representa un reto clave para a política comunitaria de biodiversidade nos próximos anos. O establecemento dunha rede mariña de zonas de conservación dentro de Natura 2000 non só contribuirá considerablemente a deter a perda de biodiversidade na UE, senón que ademais favorecerá a conservación mariña e o uso sostible dos recursos mariños.

Ata a data identificáronse relativamente poucos espazos Natura 2000 para o medio mariño non costeiro: esta é a carencia máis importante da rede Natura. A aplicación das Directivas de hábitats e de aves ao medio mariño presenta retos clave, especialmente no que se refire ao alto mar (en contraposición coa costa) debido á falta de coñecementos científicos sobre a distribución/abundancia de especies e tipos de hábitats.

Na reunión dos responsables gubernamentais da protección da natureza dos Estados membros, celebrada en outubro de 2002, acordouse que era necesario seguir traballando para desenvolver unha interpretación común das disposicións para a designación e xestión de espazos mariños Natura 2000. Solicitouse á Comisión Europea que establecese un grupo de traballo ad hoc baixo a supervisión do Comité de Hábitats co fin de ofrecer orientación sobre este tema.

Dende marzo de 2003, un grupo de expertos no medio mariño estivo traballando para «desenvolver unha interpretación común das disposicións de Natura 2000 en relación co medio mariño de cara a facilitar a designación e a xestión futura destas zonas». Como tal, debería axudar aos Estados membros a levar a cabo esta importante tarefa e ofrecer material de referencia útil para outras partes interesadas. O documento tamén será de utilidade aos servizos da Comisión á hora de contemplar calquera tipo de acción neste ámbito. Así mesmo, ofrecerá ás partes interesadas información valiosa

e máis seguridade na planificación e o desenvolvemento, posto que haberá un maior coñecemento da opinión da Comisión sobre varios aspectos clave da aplicación das Directivas de hábitats e de aves no medio mariño.

Enténdese por «medio costeiro» ás augas interiores e ás augas territoriais, segundo a definición da CNUDM, dun Estado membro costeiro; «medio non costeiro» ou «alto mar» refírese ao espazo que abranguen as zonas marítimas que se estenden máis alá dos límites do mar territorial, onde os Estados membros exercen algún tipo de soberanía.

A conservación dos hábitats e especies mariñas de interese a escala europea non se conseguirá soamente coa designación de espazos Natura 2000 e unha boa xestión destes. Será necesario ademais atallar a presión humana á que ámbito mariño a vai sometido máis alá destes lugares como parte dunha estratexia de conservación mariña máis ampla.

As especies mariñas e os tipos de hábitats sobre os que se fai referencia son os cubertos polas disposicións das Directivas de hábitats e aves. Trátase dos tipos de hábitats que figuran no anexo I e as especies recollidas no anexo II da Directiva de hábitats e as especies de aves recollidas no anexo I así como as especies de aves migratorias que figuran na Directiva de aves (2009/147/CE) para as cales é necesario designar, protexer e xestionar espazos mariños Natura 2000.

A política comunitaria relativa á biodiversidade mariña, incluídas as zonas protexidas, estase a materializar en forma de compromisos a escala global, europea e rexional.

A escala comunitaria, os Xefes de Estado e de Goberno da UE comprometéronse a «deter a perda de biodiversidade [na UE] para 2010». E a escala mundial, uns 130 líderes mundiais reuníronse en torno a un pacto para «reducir considerablemente o índice actual de perda de biodiversidade [a escala mundial] para 2010». Ante a evidencia da continua e mesmo cada vez máis veloz perda de biodiversidade e dos servizos e bens de ecosistemas delicados -tal como ha púxose de manifesto na Avaliación para os Ecosistemas do Milenio-, o Consello Europeo fixo unha chamada reiterativa para acelerar os esforzos necesarios co fin de cumprir estes acordos.

O VI Programa Comunitario de Medio identifica «natureza e biodiversidade» como un dos temas que necesitan abordarse con maior urxencia. Os obxectivos e os ámbitos prioritarios en materia de natureza e biodiversidade establecidos polo Parlamento Europeo e o Consello no VI Programa Comunitario de Medio inclúen as disposicións incluídas no artigo 6.2 da DC 92/43/CEE:

- Crear a rede Natura 2000 e establecer os instrumentos e medidas técnicos e financeiros necesarios para a súa plena aplicación e para a protección, fóra das zonas que abrangue Natura 2000, das especies protexidas polas Directivas de hábitats e de aves.
- Novos estímulos para a promoción da protección das zonas marítimas, en particular, a través da rede Natura 2000, así como a través doutros medios comunitarios viables.

Como Parte contratante no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CDB), a Comunidade Europea preparou unha estratexia comunitaria de biodiversidade e plans de acción ao respecto co fin de, inter alia, introducir consideracións relativas á biodiversidade noutras políticas comunitarias. Os plans de acción sobre biodiversidade (PAB) relativos á conservación dos recursos naturais e á pesca recollen cuestións de biodiversidade mariña. Tamén se abordou a cuestión do impacto das flotas pesqueiras europeas en augas internacionais.

O sector agroalimentario no seu conxunto representa unha parte importante da economía da UE, pois dá traballo a 15 millóns de persoas (o 8,3% do emprego total) e supón o 4,4% do PIB. A UE produce alimentos e bebidas por valor duns 675000 millóns EUR anuais, o que fai dela o maior produtor mundial. Non obstante, o sector segue estando enormemente polarizado e fragmentado e as empresas que operan nel teñen ante si importantes oportunidades e ameazas. A silvicultura e as industrias relacionadas con ela empregan uns 3,4 millóns de persoas, e a súa produción anual alcanza un valor aproximado de 350000 millóns EUR, aínda que só se talla un pouco máis do 60% do crecemento anual dos bosques.

A agricultura e a silvicultura xuntas supoñen o 77% do chan utilizado na UE. Nos últimos anos, os resultados ambientais da agricultura (protección e mellora dos recursos naturais) foron dispares. No que respecta á calidade da auga, os excedentes totais de nitróxeno diminuíron lixeiramente dende 1990 na maior parte dos antigos Estados membros, aínda que algúns países e rexións seguen estando expostos a presións de lixiviación significativas. En moitas partes, segue habendo problemas de emisión de amoníaco, eutrofización, degradación de chans e mingua da biodiversidade. Non obstante, cada vez é maior a superficie dedicada á produción ecolóxica (5,4 millóns de hectáreas na UE) e á obtención de recursos renovables (estímase que en 2004 se utilizaron 1,4 millóns de hectáreas para a produción de bioenerxía, das cales 0,3 millóns de hectáreas se acollían á prima por cultivos enerxéticos e 0,6 millóns de hectáreas destinábanse a barbeito). A longo prazo, a agricultura e a silvicultura deberán adaptarse progresivamente aos cambios climáticos que se produzan. A protección da biodiversidade mellorou coa posta en marcha da rede Natura 2000, á que pertencen entre o 12 e o 13% das zonas agropecuarias e silvícolas. Os sistemas agrarios de grande valor natural, importantes para a preservación da biodiversidade e dos hábitats, a protección da paisaxe e a calidade dos chans, supoñen entre o 10 e o 30% da superficie agrícola total da maioría dos Estados membros. Nalgunhas zonas, a desaparición das actividades agropecuarias podería ter consecuencias graves para o medio.

As zonas rurais teñen pois ante si retos concretos nos anos vindeiros en materia de crecemento, emprego e sostibilidade, aínda que tamén teñen bazas reais: potencial de crecemento en novos sectores, oferta de actividades recreativas e turísticas, carácter atractivo como lugar para vivir e traballar e función de preservación dos recursos naturais e das paisaxes de gran valor.

O sector agroalimentario debe aproveitar as oportunidades que ofrecen as novas formulacións, a tecnoloxía e as innovacións para adaptarse á evolución da demanda dos mercados europeo e mundial. O recurso clave no que se debe invertir para que as zonas rurais e o sector agroalimentario miren ao futuro con confianza é o capital humano.

Con motivo da reactivación da estratexia de Lisboa, o Consello Europeo reafirmou que esta estratexia se inscribe no contexto máis extenso do requisito de desenvolvemento sostible, segundo a cal hai que responder ás necesidades presentes sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para

satisfacer as súas. O novo período de programación é unha oportunidade única para orientar a axuda do novo Feader cara ao crecemento, a creación de emprego e o desenvolvemento sostible, o que está en sintonía coa Declaración sobre os principios reitores do desenvolvemento sostible e co programa renovado de acción de Lisboa, que aconsella focalizar os recursos en medidas que fagan de Europa un lugar máis atractivo para inverter e traballar, que fomenten o coñecemento e a innovación como motores do crecemento e que creen máis postos de traballo e de mellor calidade.

A política de desenvolvemento rural debe axudar ás zonas rurais a alcanzar eses obxectivos no período 2007-2013. Para iso, é necesario dar un enfoque máis estratéxico á mellora da competitividade, a creación de emprego e a innovación nas zonas rurais e mellorar a gobernanza no que á execución de programas se refire. É preciso dar preeminencia aos investimentos destinados a desenvolver o capital humano, os coñecementos e o capital nos sectores agrario e silvícola, establecer novas formas de prestación de servizos ambientais beneficiosas para todas as partes e crear máis postos de traballo e de mellor calidade, especialmente para as mulleres e os mozos, diversificando as actividades. Ao axudar ás zonas rurais da UE a desenvolver todo o seu potencial para facelas atractivas como lugares para inverter, traballar e vivir, a política de desenvolvemento rural contribuirá ao desenvolvemento sostible do territorio europeo.

No marco dos obxectivos fixados polo Regulamento (CE) 1698/2005, as directrices estratéxicas que se expoñen a continuación determinan as prioridades da Comunidade neste ámbito, de conformidade co seu artigo 9. As directrices teñen por obxecto a integración das grandes prioridades políticas fixadas nas conclusións dos Consellos Europeos de Lisboa e Gotemburgo. En cada serie de prioridades descríbense, a título ilustrativo, accións fundamentais. Baseándose nestas directrices estratéxicas, os Estados membros deberán preparar o seu plan nacional de estratexias de desenvolvemento rural, que constituirá o marco de referencia para a preparación dos programas de desenvolvemento rural.

Os recursos que se asignen ás prioridades comunitarias en materia de desenvolvemento rural (dentro dos límites mínimos de financiamento de cada eixe que estableza a normativa) dependerán da situación específica, dos puntos fortes e fracos e das oportunidades de cada zona. Todas as prioridades comunitarias e a súa achega aos obxectivos de Lisboa e Gotemburgo deberán ser verquidas ao nivel de cada Estado membro, é dicir, reflectidas nun plan estratéxico nacional e en programas de desenvolvemento rural. En moitos casos, existirán prioridades nacionais ou rexionais en relación con problemas específicos da cadea agroalimentaria ou coa situación ambiental, climática e xeográfica da agricultura e a silvicultura. Ademais, é posible que as zonas rurais tamén deban afrontar outros problemas como a presión periurbana, o desemprego, a distancia ou a baixa densidade de poboación.

#### **a) Mellora da competitividade dos sectores agrario e silvícola**

Os sectores agrario, silvícola e de transformación alimentaria europeos dispoñen dun grande potencial para agrandar a gama dos produtos de gran calidade e cun grande valor engadido que demandan cada vez máis os consumidores europeos e os mercados mundiais.

Os recursos asignados ao eixe 1 deben contribuír a que o sector agroalimentario europeo sexa un sector forte e dinámico, centrándose nas prioridades de transferencia de coñecementos, modernización, innovación e calidade na cadea alimentaria e nos sectores prioritarios de inversión en capital físico e humano.

Para acometer estas prioridades, anímase aos Estados membros a dar primacía a actuacións básicas. Entre esas actuacións básicas poderían contarse as seguintes:

- i) reestruturar e modernizar o sector agrario, que segue desempeñando un papel importante no desenvolvemento de moitas zonas rurais, especialmente nos novos Estados

membros. Unha adaptación agraria acertada pode ser decisiva para mellorar a competitividade e a sostibilidade ambiental do sector agrario e impulsar a creación de emprego e o crecemento en ámbitos económicos afíns. Iso implica fomentar a anticipación dos cambios, no contexto da reestruturación e a modernización, e desenvolver unha política proactiva de formación e reconversión de agricultores, especialmente no que atinxe ás cualificacións transferibles;

- ii) mellorar a integración na cadea agroalimentaria. A industria alimentaria europea é unha das máis competitivas e innovadoras do mundo, pero ten que facer fronte a unha competencia mundial cada vez maior. A economía rural aínda ten unha marxe considerable para crear e comercializar novos produtos, reter máis valor nas zonas rurais por medio de programas de calidade e mellorar a visibilidade dos produtos europeos no estranxeiro. Recorrer a servizos de asesoramento e apoio para que os produtos cumpran a normas comunitarias contribuirá a este proceso de integración. Un sector agrario orientado ao mercado axudará a reforzar a posición do sector agroalimentario europeo como grande xerador de emprego e fonte de crecemento económico;
- iii) facilitar a innovación e o acceso á investigación e desenvolvemento (I+D). A innovación é un elemento cada vez máis importante nos sectores agrario, agroalimentario e silvícola europeos. Mentres que as grandes empresas agroalimentarias europeas adoitan estar na vangarda das novas tendencias, non é así nas empresas de transformación e explotacións agrícolas máis pequenas, que poderían mellorar notablemente os seus resultados se introducisen novos produtos e procesos. En particular, poderíase facilitar o acceso á I+D, ás innovacións e ás actuacións desenvolvidas en virtude do sétimo Programa marco mediante novas formas de cooperación;
- iv) impulsar a adopción e a difusión das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC). O sector agroalimentario no seu conxunto, e en especial as pequenas empresas, atópase demorado no que a tecnoloxías da información e a comunicación se refire. Exceptuando as grandes multinacionais e os seus grandes provedores, son moi poucas as empresas que incorporaron aplicacións de comercio electrónico. Os fondos de desenvolvemento rural deben ser complementarios de iniciativas da Comisión como i2010 nos ámbitos do comercio electrónico (especialmente no referido ás pequenas e medianas empresas), as competencias electrónicas e a aprendizaxe informatizada;
- v) estimular un espírito empresarial dinámico. As reformas recentes crearon un ámbito centrado no mercado para a agricultura europea. Iso amplía o abano de oportunidades para as empresas agrarias, se ben para aproveitar este potencial económico será preciso que desenvolvan a súa capacidade estratéxica e de organización. Neste sentido, propiciar o acceso de novos agricultores a esta profesión pode desempeñar un papel importante;
- vi) buscar novas saídas para os produtos agrícolas e silvícolas. As novas saídas poden ter un valor engadido superior, en especial para os produtos de calidade. Apoiar os investimentos e a formación en cuestións de produción non alimentaria dentro das actuacións de desenvolvemento rural pode complementar as medidas adoptadas en virtude do primeiro pilar, pois dará lugar á aparición de novas saídas para os produtos e contribuirá ao desenvolvemento de fontes renovables de enerxía, de biocombustibles e da capacidade de transformación;
- vii) mellorar o comportamento ambiental das explotacións agrícolas e silvícolas. A longo prazo, o desenvolvemento sostible dependerá da capacidade para producir produtos que os consumidores desexen comprar e que se axusten a normas ambientais estritas. Os investimentos destinados a mellorar o comportamento ambiental das explotacións poden dar lugar ademais a melloras produtivas, nunha situación beneficiosa para todos.

Para fomentar o relevo xeracional no sector agrario, podería estudarse a posibilidade de combinar medidas do eixe 1 adaptadas ás necesidades dos novos agricultores.

#### **b) Mellora do medio e do ámbito natural**

Co obxecto de protexer e mellorar os recursos naturais e as paisaxes das zonas rurais da UE, os recursos que se asignen ao eixe 2 deben utilizarse en tres ámbitos comunitarios prioritarios: biodiversidade, preservación e desenvolvemento dos sistemas agrarios e forestais de grande valor ambiental e das paisaxes agrarias tradicionais, auga e cambio climático.

As medidas que se arbitren neste eixe deben servir para integrar eses obxectivos ambientais e contribuír á realización da rede agraria e forestal de Natura 2000, ao compromiso de Gotemburgo de frear o declive da biodiversidade de aquí a 2010 e aos obxectivos da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas e do Protocolo de Kioto (loita contra o cambio climático).

Para acometer estas prioridades, anímase aos Estados membros a dar primacía a actuacións básicas. Entre esas actuacións básicas poderían contarse as seguintes:

- i) fomentar servizos ambientais e prácticas agropecuarias respectuosas cos animais. Os cidadáns europeos esperan que os agricultores cumpran as normas obrigatorias e moitos están de acordo en que os que se comprometan a ir máis lonxe, proporcionando servizos que o mercado non ofrecería por si só, deben ser remunerados por iso, especialmente cando os compromisos que asuman estean relacionados con recursos específicos de especial importancia no contexto da produción agraria e forestal, como a auga e o chan;
- ii) protexer as paisaxes rurais e os bosques. En Europa, grande parte do ámbito rural máis valioso débese á agricultura. A aplicación de prácticas sostibles de xestión rural pode contribuír a reducir os riscos asociados ao abandono, a desertización e os incendios forestais, en especial en zonas desfavorecidas. Os sistemas agrarios axeitados permiten preservar a paisaxe e os hábitats, dende as zonas húmidas ata as pradarias secas e os pastos de montaña. En numerosas zonas, estas paisaxes constitúen un elemento importante do patrimonio cultural e natural e é o que fai que constitúan zonas atractivas para vivir e traballar;
- iii) loitar contra o cambio climático. A agricultura e a silvicultura atópanse na vangarda do desenvolvemento de fontes renovables de enerxía e materia prima para as instalacións de bioenerxía. A aplicación de prácticas agrícolas e forestais axeitadas pode contribuír á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e a preservación do efecto de sumidoiro de carbono e a materia orgánica na composición dos chans, así como contribuír á adaptación ás repercusións do cambio climático;
- iv) reforzar a achega da agricultura ecolóxica. A agricultura ecolóxica constitúe unha forma global de agricultura sostible. Nese sentido, a súa achega aos obxectivos ambientais e de benestar animal merece ser reforzada;
- v) fomentar iniciativas económico-ambientais dobremente beneficiosas. A subministración de produtos-bens ambientais, especialmente a través de medidas agroambientales, pode contribuír á identidade das zonas rurais e dos alimentos que producen. Os devanditos produtos, como o turismo rural e outras actividades recreativas, poden dar paso ao crecemento económico e á creación de emprego, especialmente se van ligados á diversificación cara ao turismo, a artesanía, a formación ou o sector non alimentario;

- vi) fomentar o equilibrio territorial. Os programas de desenvolvemento rural poden ser vitais para que as zonas rurais resulten atractivas. Tamén poden axudar a manter un equilibrio perdurable entre as zonas urbanas e rurais nunha economía competitiva baseada no coñecemento. En combinación con outros eixes, as medidas de xestión do chan poden contribuír á axeitada repartición espacial das actividades económicas e á cohesión territorial.

### **c) Mellora da calidade de vida nas zonas rurais e fomento da diversificación da economía rural**

Os recursos que se asignen á diversificación da economía rural e á mellora da calidade de vida no medio rural en virtude do eixe 3 deben contribuír á prioridade básica de crear oportunidades de emprego e condicións propicias para o crecemento neses ámbitos. O abano de medidas posibles conforme a este eixe debe ir encamiñado principalmente a fomentar a capacitación, a adquisición de cualificacións e a organización, con miras á implementación de estratexias locais, e a conseguir que as zonas rurais sigan sendo atractivas para as xeracións futuras. Cando se promova a formación, a información e o espírito empresarial, deberá prestarse especial atención ás necesidades específicas das mulleres, dos mozos e dos traballadores de idade avanzada.

Para acometer estas prioridades, anímase aos Estados membros a dar primacía a actuacións básicas. Entre esas actuacións básicas poderían contarse as seguintes:

- i) incrementar a actividade económica e a taxa de emprego na economía rural, en sentido amplo. Nas zonas rurais, o crecemento, o emprego e o desenvolvemento sostible pasan pola diversificación das actividades, a cal é tamén unha premisa do equilibrio territorial, tanto dende o punto de vista económico coma dende o social. O turismo, a artesanía e as actividades recreativas son sectores de crecemento en moitas rexións e ofrecen oportunidades tanto para a diversificación das explotacións agrícolas en actividades distintas da agricultura coma para o desenvolvemento de microempresas na economía rural, en sentido amplo;
- ii) fomentar a entrada das mulleres no mercado laboral. En moitas zonas rurais, a insuficiencia de servizos de gardaría infantil representa unha barreira concreta. As iniciativas locais encamiñadas a crear servizos de atención infantil poden facilitar o acceso ao mercado laboral. A creación de gardarías pode combinarse con iniciativas tendentes a facilitar a creación de pequenas empresas relacionadas con actividades rurais e servizos locais;
- iii) devolver a alma aos pobos. Mediante iniciativas integradas que combinen a diversificación, a creación de empresas, a inversión en patrimonio cultural, a infraestrutura para servizos locais e a renovación poderase contribuír á mellora tanto das perspectivas económicas coma da calidade de vida;
- iv) promover a creación de microempresas e a artesanía, que pode apoiarse no saber tradicional ou pode introducir novos coñecementos, combinándoo coa compra de equipos, a formación e a asistencia, para promover o espírito de empresa e desenvolver o tecido económico;
- v) ensinar aos novos coñecementos necesarios para a diversificación da economía local pode responder á demanda turística, recreativa, de servizos ambientais, de prácticas rurais tradicionais e de produtos de calidade;
- vi) impulsar a aceptación e o uso das tecnoloxías de información e comunicación (TIC). A aceptación e difusión das TIC nas zonas rurais son imprescindibles para a diversificación e para o desenvolvemento local, a subministración de servizos locais e o fomento da inclusión electrónica. Mediante iniciativas locais de TIC destinadas a poñer á disposición dos habitantes, a través de estruturas públicas, equipos informáticos, conexión á rede e formación informática poden facerse economías de escala. Estas iniciativas poden facilitar enormemente a aceptación das tecnoloxías da información polos agricultores locais e as empresas rurais e o uso do comercio

electrónico. É preciso aproveitar plenamente as posibilidades ofrecidas por internet e polas comunicacións de banda ancha, por exemplo as financiadas a través de programas rexionais dos Fondos Estruturais, para paliar as desvantaxes da localización xeográfica;

- vii) impulsar a subministración de fontes renovables de enerxía e formas innovadoras de utilización destas pode contribuír á creación de novas saídas para os produtos agrícolas e silvícolas, á implantación de servizos locais e á diversificación da economía rural;
- viii) fomentar o desenvolvemento do turismo. O turismo é un sector decisivo para o crecemento de moitas zonas rurais, susceptible de aproveitar o patrimonio cultural e natural. Facendo un maior uso das TIC neste sector para as reservas, as campañas de promoción, a mercadotecnia, a concepción de servizos e de actividades recreativas pódese aumentar o número de turistas e a duración das estanzas, especialmente se se proporcionan enlaces coas instalacións máis pequenas e se fomenta o turismo rural;
- ix) modernización das infraestruturas locais, especialmente nos novos Estados membros. Nos próximos anos, acometeranse investimentos importantes nas principais infraestruturas de telecomunicacións, transporte, enerxía e auga. Os Fondos Estruturais contribuirán de xeito considerable a proxectos que van dende as redes transeuropeas ata as conexións con parques empresariais ou científicos. Para que esta axuda teña o máximo efecto multiplicador dende a óptica da creación de emprego e do crecemento, esas cuantiosas investimentos deberán conectarse ás estratexias locais de diversificación e desenvolvemento do potencial do sector agroalimentario mediante infraestruturas locais de pequenas dimensións financiadas a través de programas de desenvolvemento rural.

Por outra banda, Os recursos que se asignen ao eixe 4 (Leader) deben contribuír á consecución dos obxectivos prioritarios dos eixes 1, 2 e, sobre todo, 3, pero tamén ao obxectivo prioritario horizontal de mellorar a gobernanza e mobilizar o potencial de desenvolvemento endóxeno das zonas rurais.

A axuda que se dispense a través do eixe 4 abre a posibilidade de combinar os tres obxectivos (competitividade, medio e calidade de vida/diversificación) no contexto dunha estratexia de desenvolvemento local comunitaria baseada nas necesidades e características locais. Mediante fórmulas integradas nas que participen os agricultores, os silvicultores e os demais axentes do mundo rural é posible salvagardar e realzar o patrimonio natural e cultural local, sensibilizar a poboación sobre a importancia do medio e facer promoción dos produtos típicos locais, o turismo e os recursos e enerxías renovables e inverter neles.

Para acometer estas prioridades, animase aos Estados membros a dar primacía a actuacións básicas. Entre esas actuacións básicas poderían contarse as seguintes:

- i) desenvolver a capacidade local de cooperación e animación e fomentar a adquisición de cualificacións, para axudar a mobilizar o potencial local;
- ii) alentar a cooperación entre o sector privado e o sector público. En particular, Leader seguirá desempeñando un papel importante na incentivación de formulacións innovadoras de desenvolvemento rural e da cooperación entre o sector privado e o público;
- iii) fomento da cooperación e as innovacións. Iniciativas locais como Leader e as medidas de diversificación poden ser fundamentais para dar a coñecer ideas e formulacións novas ás persoas, alentar a innovación e o espírito de empresa e fomentar a participación e a inclusión e a subministración de servizos locais. As comunidades en liña poden axudar á difusión de coñecementos, ao intercambio de boas prácticas e á propagación de innovacións en materia de produtos e servizos rurais;

- iv) mellora da gobernanza local. Leader pode axudar a poñer en marcha formulacións innovadoras que xunten agricultura, silvicultura e economía local e, por ende, a diversificar a base económica e a fortalecer o tecido socioeconómico das zonas rurais.

Cando elaboren a súa estratexia nacional, os Estados membros deberán velar por que exista a máxima sinerxía posible entre os diferentes eixes e dentro destes e por que non se produzan contradicións. Se procede, poderán desenvolver enfoques integrados. Deberán reflexionar tamén sobre como imbricala con outras estratexias da UE como o Plan de actuación sobre a alimentación e a agricultura ecolóxicas, o compromiso de aumentar o uso de fontes de enerxía renovables, a necesidade de desenvolver unha estratexia da UE de loita contra o cambio climático a medio e longo prazo e a necesidade de anticipar os seus efectos probables na agricultura e a silvicultura, a estratexia forestal e o Plan de acción forestal da UE (que poden contribuir tanto ao crecemento e ao emprego como aos obxectivos de desenvolvemento sostible), así como as prioridades recollidas no sexto Programa de acción comunitario en materia de medio establecido pola Decisión non 1600/2002/CE do Parlamento Europeo e do Consello, en especial aquelas prioridades para as que se determinou que requiren estratexias temáticas de carácter ambiental (protección do chan, protección e conservación do medio mariño, utilización sostible de praguicidas, contaminación atmosférica, medio urbano e utilización sostible dos recursos).

Son varios os medios de que dispoñen a UE e os Estados membros para mellorar a gobernanza e a aplicación das estratexias. Pode recorrerse á asistencia técnica para crear redes europeas e nacionais de desenvolvemento rural que funcionen como plataformas de intercambio de boas prácticas e coñecementos sobre todo o relacionado coa elaboración, xestión e aplicación de estratexias entre os interesados. Ao preparar a estratexia nacional, deberán planearse medidas de información e publicidade co obxecto de que os diferentes axentes poidan participar dende un primeiro momento, medidas que deberán desenvolverse nas fases posteriores de execución.

É preciso alentar as sinerxías entre a política estrutural, a política de emprego e a política de desenvolvemento rural. Así, os Estados membros deberían velar por que as actuacións financiadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, o Fondo de Cohesión, o Fondo Social Europeo, o Fondo Europeo de Pesca e o Feader nunha zona dada e nun ámbito concreto de actividade fosen complementarias e coherentes entre si. Os principais principios reitores da liña de demarcación e os mecanismos de coordinación entre as actuacións financiadas polos diferentes fondos deben fixarse no marco estratéxico nacional de referencia ou no plan estratéxico nacional.

Nos investimentos en infraestruturas, o principio reitor podería ser a magnitude da intervención. Así, por exemplo, nos investimentos en infraestruturas de transporte ou doutro tipo de carácter nacional, rexional ou subrexional conviría recorrer aos instrumentos da política de cohesión, mentres que nas que sexan de carácter estritamente local podería recorrerse á medida do eixe 3 referente a servizos básicos, asegurando a conexión entre o nivel local e o rexional.

Pola súa banda, as medidas de desenvolvemento do capital humano enmarcadas na política de desenvolvemento rural deberían centrarse nos agricultores e nos axentes económicos que toman parte na diversificación da economía rural. A poboación das zonas rurais podería recibir axuda a través de medidas deseñadas segundo unha formulación integrada e que emanen da base. Estas medidas deberán acometerse axustándose plenamente aos obxectivos da estratexia europea de emprego, fixados nas Directrices integradas en materia de crecemento e emprego, e ser coherentes coas medidas dos programas nacionais de reforma enmarcados no proceso de Lisboa. O programa de traballo "Educación e formación 2010" pretende dar forma ao capítulo de educación e formación dos obxectivos de Lisboa. O principio que subxacer neste programa é o da aprendizaxe permanente e aplícase a todos os niveis e tipos de educación e de formación, incluídos os sectores agrario, silvícola e agroalimentario.

O Regulamento (CE) non 1698/2005 prevé un seguimento estratéxico das estratexias comunitaria e nacionais. A ferramenta de información sobre os avances que se vaian realizando será o marco común de seguimento e avaliación que se estableza en cooperación cos Estados membros. Ese marco establecerá un número limitado de indicadores comúns e unha metodoloxía común. Complementarase cos indicadores específicos de cada programa, adaptados á singularidade de cada zona.

Grazas a un conxunto de indicadores comúns poderanse agregar o rendemento, os resultados e as repercusións a escala da UE e avaliar os avances que vaia habendo na aplicación das prioridades comunitarias. Fixando uns indicadores de base ao comezo do período de programación poderase facer unha avaliación da posición de partida e deseñar a estratexia do programa.

As actividades de avaliación efectuaranse de xeito continuo e constarán dunha avaliación previa do programa, unha avaliación intermedia e unha avaliación final, ademais doutras actividades de avaliación que se consideren útiles para mellorar a xestión e os resultados do programa. Irán acompañadas de estudos temáticos e de avaliacións de síntese a escala comunitaria e de actividades da rede europea de desenvolvemento rural, como plataforma de intercambios e de adquisición de coñecementos de cara á avaliación nos Estados membros. Os intercambios de boas prácticas e de resultados de avaliación poden contribuír en gran medida á eficacia do desenvolvemento rural. Neste sentido, a rede europea pode desempeñar unha función fundamental facilitando os contactos.

### **Agrosistemas de alto valor natural**

---

As paisaxes agrícolas europeas proporcionan unha ampla variedade de condicións de vida a moitas plantas e animais. Nas últimas décadas téñense descrito as características xerais dos sistemas agrícolas tradicionais en termos de biodiversidade e prácticas de manexo, así como tamén se introduciu o termo de agrosistemas de alto valor natural (high nature value farmland, HNVF). De xeito habitual, estas áreas son terreos pastoreados situados en terras altas, prados alpinos, áreas estépicas na Europa oriental e do sur, así como dehesas e montados en España e Portugal. Certas áreas agrícolas con un maior grao de intensidade situadas en áreas baixas da Europa occidental poden tamén albergar elevadas presenzas de especies de interese para a conservación, como por exemplo de aves migratorias.

A necesidade de artellar medidas para evitar a perda do alto valor de naturalidade destas áreas é amplamente recoñecida. A conservación da biodiversidade nas áreas agrícolas é un obxectivo explícito da Estratexia Paneuropea da Biodiversidade e da Paisaxe (PEBLDS), da Convención de Berna, da Convención da Paisaxe europea, e, a nivel da EU, das Directivas de Hábitats e Aves, así como da Política de Desenvolvemento Rural (Período de Programación 2007-2013). No 6º Plan de Acción do Medio Ambiente, a EU establece como obxectivo parar o declive da biodiversidade para o ano 2010. Conservar os agrosistemas de alto valor natural é a chave para conseguir no 2010 este obxectivo de biodiversidade. Non obstante, os datos paneuropeos sobre distribución e estado de conservación destas áreas agrícolas de elevada naturalidade caracterízanse pola súa ausencia. Deste xeito, na Declaración de Kiev do ano 2003 os Ministros europeos de Medio Ambiente fixéronse o obxectivo de encher este oco de datos e tomar medidas de conservación adecuada.

En apoio deste proceso político, EEA e UNEP publicaban unha mensaxe conxunta (EEA 2004), presentando un mapa preliminar de agrosistemas de alto valor natural e analizando os obxectivos dos instrumentos de política agrícola. Este traballo empregaba o concepto que describe a estas áreas agrícolas de elevada naturalidade como "Aqueles áreas en Europa onde a agricultura é un importante (normalmente dominante) uso da terra e onde dita agricultura soporta, ou está asociada, a unha

elevada diversidade de especies e hábitats ou á presenza de especies de interese europea para a súa conservación, ou ambas as dúas opcións”.

Debido a que os datos axeitados relativos á biodiversidade non estaban dispoñibles a nivel europeo, estudouse a posibilidade de empregar dúas aproximacións para identificar os agrosistemas de alto valor natural, baseados en datos de coberturas do solo (a base de datos CORINE) cruzados cos datos dos agrosistemas. Os datos da cobertura do solo empréganse para proporcionar a mellor información estimada do patrón de distribución dos agrosistemas de elevado valor de naturalidade, mentres que os datos dos agrosistemas dan información sobre os tipos e características da explotación agrícola agrícola e da súa achega estimada ao sector agrícola. Estas dúas aproximacións foron combinadas para desenvolver indicador agroambiental europeo dos agrosistemas de elevado valor de naturalidade.

O desenvolvemento dun proceso de retroalimentación por parte dos expertos e os países amosou que era necesario un replanteo da metodoloxía para identificar agrosistemas de elevado valor de naturalidade, e por tanto actualizouse a información relativa á cobertura do solo no período entre 2005 e 2007, non incluíndo os datos relativos aos agrosistemas neste proceso de actualización. Esta actualización necesitou unha especificación máis ampla dos criterios aplicados para a estima da cobertura do solo, baseados no coñecemento biolóxico e dos datos. Para apoiar este traballo foron organizados 3 grupos de traballo rexionais: Europa Meridional, Occidental e Oriental. Nestes, foron convidados expertos nacionais para mellorar a metodoloxía empregada a nivel rexional e nacional. Presentouse posteriormente un borrador do mapa de coberturas mellorado, publicándose os resultados preliminares no informe de Belgrado (EEA 2007), como parte da Conferencia Paneuropea de Ministros de Medio Ambiente celebrada en Belgrado (10-12 outubro 2007). O mapa presentado foi mellorado cos conxuntos de datos sobre biodiversidade a noveis nacional e europeo

A finalidade de estimar a distribución dos agrosistemas de alto valor natural a nivel europeo segundo un método estandarizado é principalmente dispoñer dunha idea do seu estado actual, así como levar a cabo unha análise de tendencias europeas e dos obxectivos marcados polos instrumentos políticos, como o apoio aos sistemas agroambientais das áreas menos favorecidas (LFA). De xeito que se aumentase a súa precisión, foi actualizado e refinado o mapa preliminar, sobre a base dos novos datos de coberturas de solo, duns criterios de selección máis precisos e seleccionados rexionalmente, e de bases de datos adicionais sobre biodiversidade.

Debe salientarse que o resultado non foi nin o pretendido nin o máis axeitado para avaliar a repercusión das medidas de desenvolvemento rural a nivel nacional ou rexional. A Dirección Xeral europea de Agricultura e Desenvolvemento Rural encargou un estudo en 2006 para desenvolver orientacións sobre o deseño e implementación dun indicador de sistemas agrarios e forestais de alto valor natural (así como paisaxes agrícolas tradicionais) para usar baixo o marco de traballo comunitario de seguemento e avaliación común (CMEF) para a avaliación dos programas europeos de desenvolvemento rural.

A definición dos tres tipos de agrosistemas de alto valor natural a nivel europeo é a seguinte:

Tipo 1 - Agrosistemas cunha proporción alta de vexetación semi-natural.

Tipo 2 - Agrosistemas cun mosaico agrícola de intensidade baixa e elementos naturais e estruturais, como sebes arbóreas e arbustivas, muros de pedra, pequenos bosquetes e matogueiras, pequenos regatos, etc.

Tipo 3 - Agrosistemas que albergan especies raras ou unha proporción elevada de poboacións europeas ou mundiais.

As áreas do primeiro tipo son xeralmente dunha elevada riqueza específica, por definición require unha agricultura de tipo extensivo para o seu mantemento e posúe valores recoñecidos de conservación. O segundo tipo defínese por posuír unha representación a pequena escala da

variedade dos usos de terra e da vexetación natural, así como soe asociarse á agricultura de baixa intervención cunha riqueza específica relativamente elevada. Os hábitats cultivados dentro deste tipo poden non cualificarse necesariamente como semi-naturais, mais o manexo tería que ser o suficientemente extensivo para permitir albergar unha certa variedade florística. O terceiro tipo ven definido porque localmente os agrosistemas que localmente posúen un maior grao de intensidade tamén poden albergar concentracións altas de especies de interese para a conservación. Os tres tipos non son mutuamente excluíntes. Os pasteiros seminaturais por norma soen abranguir un elevado conxunto de especies raras, o que lles permite cualificarse como tipo 3. A unha menor extensión poden ser vencellados cos mosaicos de tipo 2. Ademais, os hábitats cultivados no tipo 2 pode ser parcialmente semi-naturais e así cualificarse como tipo 1. De todos os xeitos, todos os tipos gardan en común que conlevan unha alta contribución á conservación da biodiversidade a nivel europeo.

O esforzo xeral na elaboración da cartografía está baseado na existencia de bancos de datos e regras de selección consistentes a nivel europeo. Para mellorar a precisión, un panel de expertos europeos revisou tanto as regras de selección, como os mapas correspondentes. A metodoloxía do xeito que é aplicada proporciona resultados constantes ao longo do territorio europeo, permitindo a posibilidade dunha actualización cando se atopen dispoñibles novos datos. Con todo, proporciona como moito unha distribución aproximada e posúe diferentes carencias en varias partes de Europa. Mapas máis precisos poden ser levados a cabo soamente sobre a base dos conxuntos de datos nacionais e/ou incluíndo información dos sistemas agrarios e das súas prácticas.

A identificación dos agrosistemas de alto valor natural foi levada a cabo incrementalmente, mellorando o nivel e a precisión da información a cada paso. Foron empregados bancos de datos actualizados regularmente pola UE, para harmonizar o procedemento en todo o territorio e asegurar que pode ser repetido. Con todo, esta decisión tamén posúe inconvintes, xa que hai características dos agrosistemas de alto valor natural que non poden ser identificadas a nivel europeo (principalmente por falla de datos), como a diferenciación de clases de coberturas do solo segundo a súa intensidade de manexo. Nun número de casos determinado poderían ser implementados mediante datos nacionais, permitindo unha identificación máis precisa dos agrosistemas de alto valor natural dentro do marco de traballo conceptual global. Os pasos básicos seguidos para a confección da cartografía son os seguintes:

- 1 Selección de clases relevantes de coberturas de solo nas diferentes áreas medioambientais europeas.
- 2 Refinamento do borrador do mapa de coberturas de solo sobre regras adicionais (relativas a altitude, calidade do solo, etc.) e información específica a nivel nacional.
- 3 Adición das capas de datos da biodiversidade con cobertura europea.
- 4 Adición dos conxuntos de datos de biodiversidade nacionais.
- 5 Reescalado dos datos orixinais a un nivel axeitado de detalle para proporcionar un resultado harmonizado.

A base cartográfica empregada é a do proxecto CORINE (CLC) para o ano 2000 e a Estratificación Medioambiental de Europa. A clasificación de CORINE é demasiado xeral (por exemplo non permite diferenciar pasteiros intensivos e extensivos) e a súa resolución máis detallada non precisa máis de 25 ha. Os criterios de selección son diferenciados por área medioambiental e refinados baseándose na información de altitude, calidade do solo, clase de pendente, etc. A información adicional é utilizada na distribución da especies relevantes relacionadas cos agrosistemas de alto valor natural, particularmente con respecto aos tipos 1 e 3.

A cobertura do solo adoptada para tipo 1 (e parcialmente para o tipo 2) permite unha aproximación da localización da vexetación semi-natural, e pequena escala de mosaicos agrícolas de baixa intensidade. Para o tipo 3, é necesaria a información sobre a localización dos agrosistemas que albergan especies raras ou unha proporción relativamente elevada de poboacións europeas ou Mundiais. Isto recompírase dende fontes diversas: zonas Rede Natura 2000 (LIC e ZEPA, espazos

designados polas DC 92/43/CEE e DC 2009/147/CE), as IBA (Áreas de Importancia para as Aves), as PBA (Áreas de Importancia para as Bolboretas), e dos Bancos de Datos Nacionais de Biodiversidade.

### **✳ A Política Agrícola Común no horizonte 2020**

---

A Política Agrícola Común (PAC) enfróntase a unha serie de retos, uns de carácter singular e outros imprevistos, que invitan á UE a realizar eleccións estratéxicas para o futuro a longo prazo da súa agricultura e zonas rurais. Para abordar estes retos de forma efectiva, a PAC debe inscribirse no contexto de políticas económicas sólidas e finanzas públicas sostibles que contribúan á consecución dos obxectivos da Unión.

En consecuencia, mediante a Comunicación COM(2010)672 indícanse cales son os retos futuros no ámbito territorial, dos recursos naturais e alimentario para a PAC no horizonte 2020. En termos xerais avógase por que a PAC futura siga sendo unha política común forte estruturada en dous piares. De modo xeral, recoméndase perseguir os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Preservar o potencial de produción alimentaria sostible en todo o territorio da UE, co fin de garantir aos cidadáns europeos a seguridade alimentaria a longo prazo e de contribuír a satisfacer a demanda de alimentos mundial que, segundo a FAO, deberá aumentar nun 70% de aquí a 2050. Os recentes episodios de aumento da inestabilidade do mercado, a miúdo exacerbada polos cambios climáticos, acentúan máis aínda estas tendencias e presións. A capacidade de Europa de garantir a seguridade alimentaria é unha importante elección a longo prazo que Europa non pode dar por sentada.
- Apoiar ás comunidades agrícolas que subministran aos cidadáns europeos produtos alimentarios variados, valiosos, de calidade e producidos de xeito sostible, de conformidade cos compromisos adquiridos pola Unión en materia de medio ambiente, calidade da auga, saúde e benestar animal e cuestións fitosanitarias. A xestión activa dos recursos naturais pola agricultura é clave para preservar a paisaxe rural e combater a perda de biodiversidade, á vez que contribúe á mitigación do cambio climático e á adaptación aos seus efectos. Sobre esta base repousan o dinamismo dos territorios e a viabilidade económica a longo prazo.
- Manter comunidades rurais viables, nas que a agricultura é unha actividade económica importante creadora de emprego local, xa que produce múltiples beneficios económicos, sociais, ambientais e territoriais. Unha forte redución da produción local tamén tería incidencia nos gases de efecto invernadoiro e nos espazos naturais locais e limitaría as posibilidades de elección dos consumidores.

A agricultura é parte integrante da economía e da sociedade europeas. En termos de efectos indirectos, un recorte significativo da actividade agrícola europea xeraría perdas no PIB e de emprego en sectores económicos asociados, especialmente na cadea agroalimentaria, tributaria do sector agrícola primario da UE, que lle subministra materias primas de gran calidade, competitivas e seguras, pero tamén noutros sectores distintos do alimentario. Tamén se verían afectadas as actividades rurais, que abranguen dende o turismo e o transporte ata os servizos locais e públicos, e probablemente aumentaría o éxodo rural. Por conseguinte, produciríanse importantes consecuencias sociais e ambientais.

A reforma da PAC debe seguir avanzando para reforzar a competitividade, mellorar a utilización dos recursos fiscais e obter os beneficios da política pública efectiva demandada polos cidadáns europeos nos ámbitos da seguridade alimentaria, o medio ambiente, o cambio climático e o equilibrio social e

territorial, co fin de instaurar un crecemento máis sostible, máis intelixente e máis inclusivo nas zonas rurais de Europa.

Para alcanzar este obxectivo, en liña coa Comunicación sobre a revisión do presuposto da UE e coa súa orientación ao mercado, a futura PAC debería conter un primeiro pilar máis ecolóxico e distribuído máis equitativamente, e un segundo pilar máis orientado á competitividade e a innovación, o cambio climático e o medio ambiente. Deste xeito, a agricultura da UE podería liberar o seu potencial de produtividade, especialmente nos novos Estados membros, e contribuír á consecución dos obxectivos da estratexia Europa 2020. Se as axudas se canalizasen exclusivamente cara aos agricultores activos e remunerásen os servizos colectivos que estes prestan á sociedade, aumentaría a eficacia e a eficiencia das axudas e a PAC gañaría en lexitimidade. Garantir o control de das medidas adoptadas e continuar o traballo de simplificación iniciado é outros dous elementos fundamentais para a consecución destes obxectivos. Todo iso debe levarse a cabo no límite dos recursos presupostarios dispoñibles e tendo en conta os graves efectos da crise económica na agricultura.

Os obxectivos principais da PAC establecidos no Tratado de Roma permaneceron invariables ao longo dos anos. Non obstante, o proceso de reforma da PAC emprendido a principios dos anos 90 modificou totalmente a estrutura desta política.

Os retos actuais refírense á capacidade produtiva da agricultura, á crecente diversidade da agricultura e das zonas rurais tras as ampliacións sucesivas e ás esixencias dos cidadáns da UE en relación co medio ambiente, a seguridade e calidade dos alimentos, a nutrición, a saúde e o benestar animal, as cuestións fitosanitarias, a preservación da paisaxe e da biodiversidade e o cambio climático. Ao mesmo tempo, tamén evolucionaron considerablemente os instrumentos destinados á consecución destes obxectivos. Na actualidade, estrutúranse en dous piares complementarios: os pagamentos directos e as medidas de mercado constitúen o primeiro, e as medidas plurianuais de desenvolvemento rural, o segundo.

A introdución dos pagamentos directos supuxo un impulso para a adopción de reformas coherentes orientadas ao mercado e promoveu a competitividade do sector agrícola incentivando os agricultores para adaptarse ás condicións do mercado. Os pagamentos directos dissociados constitúen actualmente un apoio á renda de base e á produción de bens públicos básicos reclamados pola sociedade europea.

Debido a esta maior orientación ao mercado, un grande número de medidas de mercado, que ata agora eran os principais instrumentos da PAC, hoxe apenas representan unha rede de seguridade utilizada unicamente en casos de forte baixada de prezos.

A política de desenvolvemento rural aspira a promover a competitividade, a xestión sostible dos recursos naturais e o desenvolvemento equilibrado das zonas rurais grazas a medidas máis específicas e mellor orientadas. Dota os Estados membros, mediante o cofinanciamento, da flexibilidade necesaria para abordar a nivel nacional os problemas máis preocupantes. Outras iniciativas da PAC, tales como a política de calidade, a promoción, e a agricultura ecolóxica, tamén teñen grande influencia na situación dos agricultores.

Tomadas no seu conxunto, a serie actual de medidas constitúe a principal contribución da PAC: unha agricultura da UE equilibrada do punto de vista territorial e ambiental nun ámbito económico aberto. Para que a agricultura poida facilitar no futuro máis bens de interese público será necesaria unha política pública forte, xa que estes bens non poden remunerarse e se regular axeitadamente a través do funcionamento normal dos mercados.

A retirada da axuda pública produciría unha maior concentración da produción agrícola nalgúns zonas con condicións particularmente favorables, utilizando prácticas agrícolas máis intensivas,

mentres que as zonas menos competitivas se enfrontarían ao marxinamento e ao abandono da terra. Esta situación daría lugar a presións ambientais cada vez maiores e á deterioración de hábitats valiosos, con graves consecuencias económicas e sociais como a diminución irreversible da capacidade de produción agrícola europea.

Os retos que se formulan para a PAC cara o horizonte marcado no ano 2020 xiran en torno a 3 eixes principais:

### **1. Seguridade alimentaria**

A función principal da agricultura é a produción de alimentos. A UE deberá contribuír a satisfacer a demanda de alimentos mundial que previsiblemente aumentará no futuro. Por conseguinte, é esencial que a agricultura da UE manteña e aumente a súa capacidade de produción respectando ao mesmo tempo os compromisos adquiridos no marco do comercio internacional e da coherencia das políticas de desenvolvemento. Só un sector agrícola forte permitirá que o sector da industria alimentaria, altamente competitivo, siga sendo unha parte importante da economía e o comercio da UE (a UE é o primeiro exportador mundial da maior parte de produtos agrícolas transformados e de alto valor engadido). Debe favorecer as sinerxías entre a actividade agrícola e a gandeira, por exemplo no que respecta ás proteínas. Por outra banda, os cidadáns da UE esixen unha ampla opción de produtos alimentarios de elevada calidade, que cumpran normas estritas de seguridade, de calidade e de benestar animal, tamén no caso dos produtos locais. Neste contexto, na actualidade preocupan de xeito moi concreto as cuestións de accesibilidade, de dispoñibilidade e de aceptabilidade de alimentos sans e eficaces do punto de vista nutricional. A agricultura da UE enfrontase hoxe a un ámbito moito máis competitivo, xa que a economía mundial está cada vez máis integrada e os intercambios comerciais máis liberalizados. Espera que esta tendencia continúe nos próximos anos, en vista da posible conclusión das negociacións da Rolda de Doha e dos acordos rexionais e bilaterais actualmente en curso de negociación. Esta situación representa certamente un desafío para os agricultores da UE, pero tamén unha oportunidade para os exportadores de produtos agroalimentarios da UE. Por conseguinte, convén continuar mellorando a competitividade e a produtividade do sector agrícola da UE. Aínda que favorables a medio prazo, espera que as perspectivas dos mercados agrícolas sexan cada vez máis incertas e inestables.

Por outra banda, a futura PAC entrará en vigor tras unha crise económica que afectou gravemente á agricultura e ás zonas rurais, ligándoas directamente a contextos macroeconómicos máis amplos que repercutiron nos custos da produción agrícola. Tras unha década de estancamento, a renda agrícola caeu substancialmente en 2009, agravando unha situación xa fráxil en que a renda agrícola é perceptiblemente máis baixa (estimada nun 40% por unidade de traballo) que a do resto da economía, e a renda por habitante nas zonas rurais é considerablemente inferior (arredor do 50%) á das zonas urbanas.

### **2. Medio ambiente e cambio climático**

A agricultura e a silvicultura desempeñan un papel clave na produción de bens públicos, especialmente ambientais, tales como a paisaxe, a biodiversidade das terras agrícolas, a estabilidade do clima e unha maior capacidade de resposta ante desastres naturais como inundacións, secas e incendios. Ao mesmo tempo, moitas prácticas agrícolas poden exercer unha presión sobre o medio ambiente e provocar o esgotamento do chan, a escaseza e a contaminación da auga, e a perda de biodiversidade e de hábitats naturais.

Se ben as emisións de gases de efecto invernadoiro procedentes da agricultura diminuíron un 20% na UE dende 1990, son necesarios máis esforzos para cumprir a ambiciosa axenda da UE sobre a enerxía e o clima. É importante seguir liberando o potencial do sector agrícola en materia de mitigación do cambio climático e de adaptación ás súas consecuencias, así como aumentar a súa

contribución positiva a través da redución dos gases de efecto invernadoiro, as medidas relativas á eficacia da produción, incluída a mellora da eficiencia enerxética, a produción de biomasa e de enerxías renovables, a captación de carbono e a retención do carbono almacenado nos chans baseadas na innovación.

### 3. Equilibrio territorial

Un número crecente de zonas rurais depende cada vez máis de factores externos á agricultura debido á diversificación da súa estrutura socioeconómica. Non obstante, a agricultura segue sendo un motor esencial da economía rural en grande parte da UE. A vitalidade e o potencial de moitas zonas rurais seguen estando estreitamente ligados á existencia dun sector agrícola competitivo e dinámico, con capacidade de atraer agricultores novos. Este é o caso nas zonas predominantemente rurais, onde o sector primario representa arredor do 5% do valor engadido e o 16% do emprego, así como nos novos Estados membros nos que é importante consolidar os recentes aumentos de produtividade e aproveitar plenamente o potencial da agricultura. Ademais, a agricultura desempeña un papel importante nas zonas rurais a través da creación de actividades económicas adicionais, relacionadas moi estreitamente coa industria agroalimentaria, o turismo e o comercio, e en moitas rexións a agricultura está na orixe de tradicións locais e da identidade social.

A PAC evolucionou, pero é necesario prever novos cambios para responder aos retos actuais, e en particular:

- Responder ás crecentes preocupacións relativas á seguridade alimentaria na UE e no mundo;
- Promover a xestión sostible dos recursos naturais tales como a auga, o aire, a biodiversidade e o chan;
- Facer fronte á presión cada vez maior sobre as condicións de produción agrícola causada polos cambios climáticos, así como á necesidade de que os agricultores reduzan a súa contribución ás emisións de gases de efecto invernadoiro, desempeñen un papel activo na mitigación do cambio climático e proporcionen enerxías renovables;
- Manter e mellorar a súa competitividade nun mundo cada vez máis globalizado, caracterizado por un aumento da volatilidade dos prezos, á vez que manter a produción agrícola no conxunto da Unión Europea;
- Aproveitar a diversidade das estruturas e dos sistemas de produción da agricultura da UE, diversidade que aumentou tras a ampliación, e manter o seu papel social, territorial e de cohesión;
- Reforzar a cohesión territorial e social nas zonas rurais da Unión Europea, especialmente a través da creación de emprego;
- Facer as axudas da PAC equitativas e equilibradas entre os Estados membros e os agricultores reducindo as diferenzas entre Estados membros dado que a axuda a tanto alzado non é unha solución factible, e, por outra parte, mellorar a orientación das axudas aos agricultores activos;
- Proseguir a simplificación dos procedementos de aplicación e reforzar os requisitos de control da PAC e reducir a carga administrativa dos beneficiarios de fondos.

Ao afrontarse a estes retos, a PAC tamén contribuirá á Estratexia UE 2020 nos seguintes aspectos:

- Crecemento intelixente - aumentando a eficiencia dos recursos e mellorando a competitividade a través do coñecemento e da innovación tecnolóxicos, mediante a concepción de produtos de calidade de alto valor engadido; desenvolvendo tecnoloxías ecolóxicas, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, invertendo en formación, ofrecendo incentivos para a innovación social nas zonas rurais e aproveitando os resultados da investigación;

- Crecemento sostible - mantendo a base produtiva dos alimentos, os pensos e as enerxías renovables, garantindo a xestión sostible da terra, proporcionando bens públicos ambientais, reaccionando ante a perda de biodiversidade, promovendo as enerxías renovables, protexendo a saúde dos animais e as plantas, mellorando a eficiencia dos recursos a través do desenvolvemento tecnolóxico e o aproveitamento dos resultados da investigación, reducindo as emisións, promovendo o almacenamento de carbono e desenvolvendo plenamente o potencial das zonas rurais; y
- Crecemento inclusivo - liberando o potencial económico das zonas rurais, desenvolvendo os mercados e os empregos locais, acompañando a reestruturación da agricultura e apoiando a renda dos agricultores co fin de manter unha agricultura sostible no conxunto de Europa.

Así pois, o crecemento ecolóxico do sector agrícola e da economía rural permitirá mellorar o benestar a través dun crecemento económico respectuoso co medio ambiente.

Os tres obxectivos principais da futura PAC serían os seguintes:

**Obxectivo 1: Produción alimentaria viable**

- Contribuír á renda agrícola e limitar a súa variabilidade, tendo en conta que a volatilidade dos prezos e das rendas e os riscos naturais son máis acusados no sector agrícola que na maioría dos demais sectores e que os rendementos e os niveis de rendibilidade dos agricultores son de media inferiores aos do resto da economía;
- Mellorar a competitividade do sector agrícola e aumentar a súa cota de valor na cadea alimentaria, xa que o sector agrícola está máis disperso que outros sectores da cadea alimentaria que están mellor organizados e teñen, polo tanto, máis capacidade de negociación; ademais, os agricultores europeos enfróntanse á competencia do mercado mundial ao tempo que deben respectar as normas moi rigorosas de medio ambiente, calidade, seguridade alimentaria e benestar animal, que esixen os cidadáns europeos;
- Compensar dificultades de produción en zonas con limitacións naturais específicas, xa que estas rexións se enfrontan a un risco cada vez maior de abandono da terra.

**Obxectivo 2: Xestión sostible dos recursos naturais e acción polo clima**

- Garantir prácticas de produción sostibles e mellorar a subministración de bens públicos ambientais, xa que moitos dos beneficios públicos xerados pola agricultura non están remunerados a través do funcionamento normal dos mercados;
- Estimular o crecemento ecolóxico a través da innovación, o que require adoptar novas tecnoloxías, desenvolver novos produtos, modificar os procesos de produción e promover novos modelos de demanda, especialmente no ámbito da bioeconomía emerxente;
- Proseguir as accións de mitigación do cambio climático e de adaptación a este; dado que a agricultura é particularmente vulnerable aos efectos do cambio climático, o feito de facilitar a adaptación do sector aos efectos de flutuacións extremas do clima, tamén pode reducir os efectos negativos do cambio climático.

**Obxectivo 3: Desenvolvemento territorial equilibrado**

- Apoiar o emprego rural e manter o tecido social das zonas rurais;
- Mellorar a economía rural e promover a diversificación co fin de axudar aos axentes locais a liberar o seu potencial e a optimizar a utilización doutros recursos locais;
- Permitir a diversidade estrutural dos sistemas agrícolas, mellorar as condicións das pequenas explotacións agrícolas e desenvolver os mercados locais, xa que a

heteroxeneidade das explotacións agrícolas e dos sistemas de produción europeos contribúen ao atractivo e á identidade das rexións rurais.

Estes obxectivos solo poderán alcanzarse se se mantén o apoio público ao sector agrícola e ás zonas rurais. É necesario adoptar medidas a nivel europeo para garantir condicións xustas e un conxunto común de obxectivos, principios e normas. Así mesmo, unha política agrícola concibida a nivel da UE asegura unha utilización máis eficaz dos recursos presupostarios que a coexistencia de políticas nacionais. Xunto coas cuestións relativas ao mercado único, outros obxectivos tamén se abordan mellor a nivel transnacional, por exemplo, a cohesión entre os Estados membros e entre as rexións, os problemas ambientais transfronteirizos e os problemas mundiais tales como o cambio climático, a xestión da auga, a biodiversidade, a saúde e o benestar animal, a seguridade dos produtos alimentarios e dos pensos, a fitosanidade, a saúde pública e os intereses dos consumidores.

Todas as opcións posibles da futura PAC implican cambios dos seus actuais instrumentos, os cales poden ser definidos para responder dun xeito máis eficaz aos obxectivos antes referidos.

### **A. Pagamentos directos**

As adaptacións necesarias do sistema de pagamentos directos afectan á redistribución, á redefinición e a unha mellor orientación das axudas, co fin de aumentar o valor e a calidade dos gastos. Existe un consenso xeneralizado acerca da necesidade de revisar a distribución dos pagamentos directos e de facela máis comprensible para o contribuínte. Así pois, deberían aplicarse criterios económicos, toda vez que a función dos pagamentos directos é garantir unha renda de base, e ambientais, co obxecto de contribuir á subministración de bens públicos.

A utilización dun pagamento directo único a tanto alzado é unha das propostas xurdidas do debate público. Non obstante, os produtores agrícolas enfróntanse a condicións económicas e naturais moi diferentes dunha rexión a outra da UE, o que xustifica a necesidade dunha distribución equitativa dos pagamentos directos.

Polo tanto, trátase de alcanzar unha distribución equitativa que reflecta, de xeito pragmático, económico e politicamente factible, os obxectivos da axuda, evitando cambios brutais que poderían ter consecuencias económicas e sociais de grande envergadura nalgúns rexións e/ou en certos sistemas de produción. Unha posible solución sería un sistema que limitase as ganancias e as perdas dos Estados membros, garantindo que os agricultores en todos os Estados membros reciben, de media, unha parte mínima do nivel medio dos pagamentos directos a nivel da UE.

Os futuros pagamentos directos destinados aos agricultores activos poderían basearse nos seguintes principios, adoptando o concepto proposto polo Parlamento Europeo:

- Apoiar a renda de base, a través da concesión dun pagamento directo dissociado que ofrezca un nivel uniforme de axuda obrigatoria a todos os agricultores dun Estado membro (ou dunha rexión), sobre a base dun mecanismo de dereitos transferibles activados a través da súa asociación a superficies agrícolas subvencionables, e no respecto de requisitos de condicionalidade. Conviría introducir un límite máximo para os pagamentos directos recibidos por grandes explotacións agrícolas individuais, co obxecto de mellorar a distribución dos pagamentos entre os agricultores. O feito de ter en conta a intensidade de traballo asalariado podería atenuar os efectos desproporcionados nas grandes explotacións con moitos traballadores.
- Consolidar os resultados ambientais da PAC a través dun compoñente «ecolóxico» obrigatorio dos pagamentos directos, apoiando medidas ambientais aplicables en todo o territorio da UE. Deberá concederse prioridade ás accións dirixidas á consecución de obxectivos ambientais e climáticos. Este obxectivo podería

alcanzarse a través de actuacións ambientais sinxelas, xeneralizadas, non contractuais e de carácter anual que vaian máis alá da condicionalidade e estean ligadas á agricultura (por exemplo pastos permanentes, cuberta vexetal, rotación de cultivos e retirada de terras ecolóxica). Así mesmo, debería examinarse a posibilidade de incluír os requisitos das zonas actualmente incluídas na rede NATURA 2000 e reforzar algúns elementos das normas das BCAM.

- Promoción do desenvolvemento sostible da agricultura en zonas con limitacións naturais específicas, facilitando unha axuda adicional á renda dos agricultores das devanditas zonas en forma dun pagamento por superficie, que complemente a axuda concedida ao amparo do segundo pilar.
- Co fin de ter en conta os problemas específicos de certas rexións nas que os diferentes tipos de agricultura se consideran especialmente importantes por razóns económicas e/ou sociais, pode continuar concedéndose a axuda non disociada voluntaria, dentro de límites claramente definidos (sobre a base de superficies concretas, rendementos ou número de animais).
- O réxime actual daría paso a un réxime de axuda sinxelo e específico destinado aos pequenos agricultores, co fin de mellorar a competitividade e a vitalidade das zonas rurais e reducir a carga administrativa.
- Simplificación das normas de condicionalidade, ofrecendo aos agricultores e ás administracións un conxunto de normas máis sinxelo e completo sen desvirtuar o concepto de condicionalidade mesmo. Podería considerarse a inclusión da Directiva marco da Auga no ámbito da condicionalidade despois da súa aplicación e despois da identificación das obrigas operativas dos agricultores.

Estes cambios de concepción dos pagamentos directos deberían acompañarse dunha mellor definición e orientación da axuda unicamente aos agricultores activos, en resposta ás críticas expresadas polo Tribunal de Contas Europeo.

## **B. Medidas de mercado**

O debate público puxo de relevo a existencia dun amplo consenso acerca da conveniencia de conservar a orientación global ao mercado da PAC, mantendo a estrutura xeral dos instrumentos de xestión do mercado. Efectivamente, a crise do mercado do leite e dos produtos lácteos de 2009 evidenciou o importante papel que desempeñan en tempo de crise os actuais mecanismos de apoio ao mercado. Non obstante, convén realizar algunhas adaptacións, especialmente no que respecta á racionalización e simplificación dos instrumentos existentes, así como introducir novos elementos políticos relativos ao funcionamento da cadea alimentaria.

As posibles adaptacións incluírían a ampliación do período de intervención, o recurso a cláusulas de perturbación do mercado e o almacenamento privado para outros produtos, así como outras iniciativas para aumentar a eficacia e mellorar os controis. Estas medidas de mercado e, en particular, o instrumento de intervención, deberían utilizarse unicamente como rede de seguridade no caso de crise de prezos e de potenciais perturbacións do mercado. A finais de 2010 presentárase unha proposta de política revisada de calidade que axudará aos agricultores a dar a coñecer aos consumidores a calidade ou as características específicas dos seus produtos.

As cotas lácteas expiran en 2015. En breve prazo deberán presentarse propostas xurídicas sobre a base das recomendacións do Grupo de Expertos de Alto Nivel sobre o Leite, co fin de poder realizar unha planificación a longo prazo e asegurar a estabilidade do sector. O réxime actual do azucre e da isoglucosa expira en 2014/15. Convén examinar diversas opcións para o futuro co fin de evitar efectos perturbadores coa supresión das cotas, a data das cales está aínda por determinar, e de aumentar a eficiencia e a competitividade do sector.

Por último, é necesario mellorar o funcionamento da cadea alimentaria. As perspectivas a longo prazo da agricultura non mellorarán se os agricultores non poden inverter a tendencia constante de diminución da súa parte do valor engadido xerado pola cadea alimentaria. De feito, a proporción do valor engadido agrícola na cadea alimentaria pasou do 29% en 2000 ao 24% en 2005, mentres que durante o mesmo período aumentou a parte da industria alimentaria, da venda por xunto e do sector da distribución.

Sen unha transmisión axeitada dos sinais do mercado, as perspectivas a longo prazo do sector agrícola e da súa parte do valor engadido xerado pola cadea alimentaria están en perigo. As cuestións claves están relacionadas co desequilibrio actual da capacidade de negociación ao longo da cadea alimentaria, o nivel de competitividade en cada elo da cadea, as relacións contractuais, a necesidade de reestruturar e consolidar o sector agrícola, a transparencia, e o funcionamento dos mercados de derivados de materias primas agrícolas.

### **C. Desenvolvemento rural**

Parte integrante da PAC, a política de desenvolvemento rural demostrou a súa eficacia, aumentando a sostibilidade do sector agrícola e das zonas rurais da UE do punto de vista económico, ambiental e social.

Hai firmes chamamentos en favor de seguir integrando na política de desenvolvemento rural as dificultades e oportunidades relativas ao medio ambiente e ao cambio climático, e o desexo de que esta política achegue unha ampla gama de beneficios á agricultura, as zonas rurais e toda a sociedade, contribuíndo á consecución dos seguintes obxectivos:

- A competitividade da agricultura, promovendo a innovación e a reestruturación e axudando ao sector agrícola a utilizar mellor os seus recursos;
- A xestión sostible dos recursos naturais, velando pola protección do medio ambiente e aumentando a resistencia dos ecosistemas ao cambio climático, protexendo os espazos naturais e mantendo a capacidade de produción da terra;
- D desenvolvemento territorial equilibrado das zonas rurais da UE, potenciando o papel e as capacidades dos habitantes das zonas rurais e mellorando as condicións locais e a relación entre os zonas rurais e urbanas.

Neste marco, o medio ambiente, o cambio climático e a innovación deben ser máis que nunca os principios reitores da política. Así por exemplo, os investimentos deben dirixirse á consecución de resultados tanto económicos como ambientais; as medidas ambientais deben estar máis estreitamente adaptadas ás necesidades específicas das rexións, incluíndo as zonas integradas na rede Natura 2000 e as zonas de elevado valor natural, e as medidas destinadas a liberar o potencial das zonas rurais deben prestar unha atención especial ás ideas innovadoras no ámbito da actividade empresarial e a gobernanza local. É necesario aproveitar as novas oportunidades de desenvolvemento local tales como as canles de distribución alternativas que engaden valor aos recursos locais. Así mesmo, é importante a axuda destinada a promover as vendas directas e os mercados locais e considerárase prioritario atender ás necesidades específicas dos agricultores novos e dos novos agricultores.

Para que estes obxectivos se traduzan en resultados é fundamental contar cuns mecanismos de execución eficaces. A formulación estratéxica actual consolidaríase mediante o establecemento de obxectivos cuantificados a nivel da UE e do programa, posiblemente acompañados de incentivos, tales como a reserva de eficacia. Este cambio a unha formulación máis baseada nos resultados melloraría a orientación da política cara ás prioridades da UE e mostraría os logros realmente alcanzados. Así mesmo, conviría simplificar e mellorar os indicadores do marco común de seguimento e avaliación.

En aras da eficiencia, será esencial mellorar a coherencia entre a política de desenvolvemento rural e outras políticas da UE, simplificando e reducindo a carga administrativa sempre que sexa posible. Con este fin, cabe prever a creación dun marco estratéxico común para os fondos da UE.

Seguirá sendo útil contar cunha gama ampla de ferramentas, dende investimentos e infraestruturas a pagamentos para servizos relacionados con ecosistemas, apoio ás zonas desfavorecidas, apoio a medidas ambientais e de loita contra o cambio climático, apoio á innovación, a transferencia de coñecementos e o desenvolvemento de capacidades, a creación de empresas e o desenvolvemento social e institucional que promova métodos de produción adaptados ás especificidades locais e en función das necesidades específicas dos Estados membros co fin de aumentar a súa eficiencia económica. É posible mellorar a relación entre as diversas medidas, especialmente a través da formación, adoptando paquetes de medidas destinadas a abordar as necesidades específicas de grupos ou zonas concretos (por exemplo, pequenos agricultores ou áreas de montaña), fomentando a participación dos agricultores para a conectividade dos espazos naturais con fins de protección da biodiversidade e de adaptación ao cambio climático («infraestrutura ecolóxica»), ou ofrecendo incentivos tales como porcentaxes de intensidade da axuda preferentes para recompensar a mellora da afectación da axuda.

Ademais, debería establecerse unha serie de instrumentos de xestión do risco co obxecto de abordar máis eficazmente a variabilidade da renda e a inestabilidade dos mercados, que constitúen obstáculos á capacidade de inversión do sector agrícola para seguir sendo competitivo. Estes instrumentos estarían a disposición dos Estados membros para facer fronte aos riscos no ámbito da produción e da renda, e incluírían dende un novo instrumento de estabilización compatible coa caixa verde da OMC, ata o aumento da axuda aos instrumentos de seguro e os fondos de investimento. A coherencia destes novos instrumentos con outros instrumentos da PAC, en particular os relativos ao mercado, estaría garantida.

Deberá considerarse o recurso a criterios obxectivos de distribución da axuda entre os Estados membros, sen causar perturbacións significativas no sistema actual.

Así mesmo, é esencial mellorar e simplificar a calidade (incluíndo a agricultura ecolóxica) e as políticas de promoción co fin de aumentar a competitividade do sector agrícola. Finalmente, a iniciativa «Unión pola innovación» achegará novas formulacións para alcanzar os obxectivos da estratexia Europa 2020 para unha economía intelixente, sostible e inclusiva.

#### **D. Estrutura xeral**

Os instrumentos da futura PAC deberían seguir estruturados en dous piares, de acordo coa opinión expresada maioritariamente polos participantes no debate público e claramente avalada polo Consello, o Parlamento Europeo e o Comité das Rexións. O primeiro piar incluíría a axuda pagada a todos os agricultores anualmente, mentres que o segundo piar seguiría sendo o instrumento de axuda para obxectivos comunitarios, dando aos Estados membros a suficiente flexibilidade para adaptalo ás súas especificidades, sobre unha base plurianual, programada e contractual. A separación entre ambos os dous piares debería ser clara e estes complementarse mutuamente, evitando posibles solapamentos, e centrarse no obxectivo de eficiencia.

Asimesmo, merecen considerarse en detalle tres opcións políticas amplas, que reflicten as orientacións principais do debate sen excluírse mutuamente. Indican os posibles camiños a seguir, os efectos dos cales se analizarán antes de adoptar as decisións definitivas. As tres opcións están baseadas nunha estrutura de dous piares (se ben cun equilibrio diferente entre os piares).

#### **Opción 1**

Esta opción introduciría novos cambios graduais do marco político actual. Apoiaríase nos elementos da política que demostraron a súa eficacia e centraríase na realización de adaptacións e de melloras no ámbito da PAC máis suxeito ás críticas, é dicir, a cuestión da equidade na distribución dos pagamentos directos entre os Estados membros. Esta opción aseguraría a continuidade e a estabilidade da PAC actual, facilitando a planificación a longo prazo dos operadores de toda a cadea alimentaria.

### **Opción 2**

Outra alternativa sería aproveitar esta oportunidade para levar a cabo a reforma e efectuar reaxustes importantes para mellorar a sostibilidade da PAC e o equilibrio entre os distintos obxectivos políticos, os agricultores e os Estados membros. Isto levaríase a cabo a través de medidas máis específicas, que tamén serían máis comprensibles para o cidadán da UE. Esta opción implicaría mellorar a eficacia do gasto e poñer a énfase no valor engadido da UE. Esta orientación respondería mellor aos retos económicos, ambientais e sociais e consolidaría significativamente a contribución da agricultura e das zonas rurais aos obxectivos de crecemento intelixente, sostible e inclusivo da UE.

### **Opción 3**

Esta opción avoga por unha reforma máis ambiciosa da PAC moi centrada na consecución de obxectivos ambientais e de loita contra o cambio climático, abandonando gradualmente o apoio á renda e a maior parte das medidas de mercado. Un aumento considerable dos fondos destinados a cuestións ambientais ou relacionadas co cambio climático a través da política de desenvolvemento rural promovería estratexias rexionais destinadas a alcanzar os obxectivos da UE.

As distintas opcións teñen claras vantaxes e desvantaxes para alcanzar os obxectivos da nova PAC que figuran na presente Comunicación. Deberán avaliarse sobre a base dos seus efectos económicos, sociais e ambientais.

## 1. Obxectivos da política agrícola e de desenvolvemento rural

1.0

Dentro dunha concepción moderna do mundo rural interprétase que o alto rendemento económico debe ir unido á utilización sostible dos recursos naturais e a niveis de residuos adecuados, de forma que se manteña a diversidade biolóxica, se conserven os ecosistemas e se evite a desertización das zonas rurais. Para afrontar estes retos, o Consello Europeo acordou que un dos obxectivos da política agrícola común e o seu desenvolvemento futuro debería ser a contribución ao logro dun desenvolvemento sostible facendo maior fincapé no fomento de produtos saudables e de alta calidade, en métodos de produción respectuosos co medio, incluída a produción ecolóxica, nas materias primas renovables e na protección da biodiversidade (*Decisión do Consello do 20 de febreiro de 2006 sobre as directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, período de programación 2007-2013*).

A práctica totalidade da Rede Natura de Galicia está inscrita en zonas rurais, as cales teñen retos concretos nos próximos anos en canto a parámetros de crecemento, emprego e sostibilidade. Actualmente estas zonas xa posúen potencial de desenvolvemento en novos sectores, oferta de actividades recreativas e turísticas, mostran un carácter atractivo como lugar para vivir e traballar, así como unha función de preservación dos recursos naturais e das paisaxes de grande valor que ostentan. Así mesmo, sería conveniente aproveitar as oportunidades que ofrecen as novas formulacións de desenvolvemento sostible, de Conservación, de novas tecnoloxías e innovacións xurdidas para adaptarse á evolución en cada un dos sectores potenciais dentro do mundo rural.

De feito, a Política de Desenvolvemento Rural (DR) europea, tamén coñecida como Segundo Piar da Política Agraria Común (PAC), establécese a través dun único fondo, coñecido como Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. Este regula as posibles medidas de DR a levar a cabo durante o novo período de programación. As devanditas medidas agrúpanse en catro prioridades estratéxicas, coñecidas como eixes no Regulamento (CE) nº 1698/2005 e como directrices estratéxicas comunitarias na Decisión do Consello, 20 de febreiro de 2006 sobre as directrices comunitarias de desenvolvemento rural (período de programación 2007-2013).

Polo anteriormente exposto, tanto os nomeados eixes e as directrices estratéxicas comunitarias, serán tidos en conta no presente Plan, para ser establecidos particularmente na Rede Natura 2000 de Galicia, como xa se comentou, inscrita nunha porcentaxe altísima no medio rural galego.

Así, a xeración de directrices e normas de DR articularase en torno a catro eixes (ámbitos fundamentais da política europea de DR). Estes son establecidos como os obxectivos principais no apartado que nos concirne, e estes son:

1. Aumento da competitividade do sector agrícola e forestal (Eixe 1).
2. Mellora do medio e do ámbito rural (Eixe 2).
3. Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural (Eixe 3).
4. O Leader (Eixe 4).

Nos seguintes apartados de directrices e normas reflectirase o papel multifuncional que desempeña o DR na riqueza e diversidade das paisaxes e do patrimonio cultural e natural de Galicia e como se interpreta que ese II Piar da PAC debería ser aplicado en toda a Rede Natura 2000.

## 2. Directrices da política agrícola e de desenvolvemento rural

### Directrices específicas para o eixe 1

1.0

Fomentar o coñecemento e mellorar o potencial humano. É necesario incrementar a oferta de actividades de formación xeral nas zonas de Rede Natura de Galicia, aumentando deste modo o nivel de coñecementos dos residentes no medio Rural, e incorporándoos aos cambios económicos, tecnolóxicos e ambientais que se produciron na sociedade. Consecuentemente, conseguirase unha maior produtividade laboral e o mantemento e/ou incremento da competitividade das explotacións agrícolas, gandeiras e silvícolas, ao tempo que se coopera a conservar os hábitats e especies sensibles.

2.0

Reestruturar e desenvolver o potencial físico e de fomento da innovación. Coa modernización das explotacións agrarias poderase conseguir un mellor uso dos factores de produción, a introdución de novas tecnoloxías, investimentos innovadores, a mellora da calidade das producións e a diversificación no medio rural, o que contribuirá á fixación da poboación nas zonas Rede Natura.

3.0

Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrícola e alimentario e no sector forestal. É importante velar para que os sectores agrícola, gandeiro, forestal e transformador artesanal, nun contexto de crecente competencia, poidan aproveitar as oportunidades que brinda o mercado, mediante o fomento de enfoques amplos e innovadores que induzan á creación de novos produtos, procesos e/ou tecnoloxías. Con tal fin, sería conveniente fomentar a cooperación entre produtores, artesáns,

- industria de transformación de alimentos e materias primas, sector I+D+i e demais axentes implicados no fomento do sector rural, co obxecto de facer atractivas as oportunidades de emprego nas zonas Rede Natura.
- 4.0 Mellora, desenvolvemento e adaptación das infraestruturas agrícolas e forestais. Mantendo o respecto ás condicións ambientais e hábitats sensibles, é necesario desenvolver as infraestruturas necesarias para lograr o deseable o desenvolvemento sostible nestas zonas.
- 5.0 Despregamento de medidas destinadas a mellorar a calidade da produción e dos produtos agrícolas. A economía rural nas zonas Rede Natura aínda ten unha marxe considerable para crear e comercializar novos produtos, reter máis valor nas zonas rurais por medio de programas de calidade que simbolizen a calidade ligada a áreas protexidas. Recorrer a servizos de asesoramento e apoio para que os produtos cumpran as normas comunitarias contribuirá a este proceso de integración.

### Directrices específicas para o eixe 2

---

- 1.0 Desenvolvemento sostible das áreas rurais e responder á demanda crecente da sociedade por servizos ambientais. Introducir ou continuar aplicando métodos de produción agrícola compatibles coa protección e a mellora do medio, a paisaxe e as súas características, os recursos naturais, os hábitats sensibles, os elementos do medio físico da terra e a diversidade xenética.
- 2.0 Reforzar a produción agraria ecolóxica e o seu desenvolvemento no mercado. Aproveitar as vantaxes de imaxe e credibilidade de ofrecer as producións realizadas mediante boas prácticas agrarias en zonas Rede Natura, abrindo novas vías comerciais que cubran a demanda de produtos ambientalmente amigables.
- 3.0 Potenciación da produción integrada. Coa potenciación desta política agraria conseguirase achegar unha serie de produtos e bens intanxibles con maiores garantías ambientais.
- 4.0 Loita contra a erosión en medios fráxiles e mantemento da paisaxe. É esta unha das directrices máis importantes e de maior consecuencia para o futuro da Rede Natura de Galicia, dado que as prácticas de mantemento de solos e contención da erosión nas cuncas hidrográficas, así como a conservación das paisaxes, son obxectivos fundamentais da devandita Rede.
- 5.0 Xestión sostible da fertilización. A xestión sostible da fertilización achegará un dobre beneficio ambiental, por un lado valorizar un subproduto agrario e polo outro fomentar unha serie de boas prácticas que polo sobrecusto que teñen son difíciles de levar a cabo.
- 6.0 Medidas destinadas á utilización sostible das terras forestais. Nesta directriz hai que remitirse aos obxectivos, normativas e liñas de traballo manifestados no apartado destinado aos bosques e recursos forestais da Rede Natura de Galicia, onde se mostran os principios xerais a seguir nas masas arbóreas da Rede Natura.

### Directrices específicas para o eixe 3

---

- 1.0 Diversificación da economía rural. O desenvolvemento de actividades dedicadas ao ocio, ao recreo ou ao contacto coa natureza, o agroturismo, a artesanía non alimentaria ou mesmo a participación directa nas tarefas de transformación e comercialización dentro da propia explotación rural, tamén contribuirá a mellorar o equilibrio territorial e a percepción que da actividade agraria se ten por parte da sociedade en xeral.
- 2.0 Fomento de actividades turísticas. O turismo nas súas variadas formas, dende o, por exemplo, ligado ao contacto coa natureza, ata o cinxético ou piscícola, é un factor de desenvolvemento importante para moitas zonas rurais, crea novas posibilidades de emprego e aumenta a atracción global destas co conseguinte estímulo e consolidación do desenvolvemento económico sostible.
- 3.0 Medidas de mellora da calidade de vida nas zonas rurais. A existencia dalgunhas zonas rurais con deficiencias no acceso a servizos básicos e insuficiencias na rede local de comunicacións terrestres e telecomunicacións fai necesario establecer unha medida para fomentar o seu desenvolvemento e, desta forma, manter, e mesmo mellorar, as condicións de vida e o benestar dos habitantes das zonas rurais dentro da Rede Natura de Galicia. Deste modo, pódese incrementar o potencial de mantemento da poboación rural e da actividade económica que faga viable e atractiva a vida en zonas da Rede Natura galega.
- 4.0 Conservación e mellora do patrimonio rural. A terceira directriz estratéxica comunitaria tamén vai dirixida a mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e o fomento da diversificación da economía rural. Esta directriz establece, como actuacións básicas, devolver e manter a riqueza cultural, costumes, patrimonio e tradicións aos pobos e fomentar o desenvolvemento de accións que promovan estes campos, onde a presente actuación desenvolverá un papel importante.

### Directrices específicas para o eixe 4

---

- 1.0 As iniciativas "Leader" supuxeron e poden significar para as zonas rurais de Galicia impulsos importantes baixo unha estratexia de proxecto singular definidos para bisbarras concretas. Así, o FEADER intervirá nos Estados Membros a través do segundo pilar de DR. Estes programas porán en aplicación unha estratexia de DR a través dunha serie de medidas reunidas en torno aos eixes definidos. En aras de participar nestas iniciativas para zonas de Rede Natura priorizarse e solicitarase a axuda do FEADER (*Decisión do Consello do 20 de*

febreiro de 2006 sobre as directrices estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural, período de programación 2007-2013). Aquelas medidas que se definan no Programa de Desenvolvemento rural de Galicia, terán especial preferencia, en canto á concesión das devanditas axudas se refire, ás destinadas a espazos pertencentes á Rede Natura 2000.

### **3. Accións e medidas para a Rede Natura 2000 de Galicia**

Por razóns obvias de diversidade de accións, non é posible redactar un conxunto de accións e medidas con eixes de actividade emanados da política de Desenvolvemento Rural, actualmente en revisión para o seu novo período Comunitario de vixencia, e sen referirse a proxectos ou medidas concretas de futura aplicación na Comunidade galega. Os Plans de Desenvolvemento Rural que afecten ás zonas Rede Natura 2000 de Galicia deberán ser necesariamente informados polos servizos de conservación da natureza. Así mesmo, deberán incluír medidas específicas para as devanditas zonas, que haberán de ter en consideración os novos conceptos europeos da economía verde o pagamento por servizos ambientais, compensación de limitacións de uso, etc. Expóñense a continuación liñas de acción nas que debería centrarse o escenario de actuacións nas zonas da Rede Natura 2000 de Galicia dentro da Política de Desenvolvemento Rural, en base aos contidos desta e ás características socioeconómicas do rural galego.

#### Accións e medidas para a o eixe 1

##### Accións e medidas relativas á directriz nº 1

- 1.0 Actividades de información e formación profesional. Formación continua e divulgación dirixida a produtores, asesores, asalariados e formadores.
- 2.0 Fomentar a realización de proxectos de incorporación de agricultores novos á actividade agrícola ou forestal e de emprendemento de novas actividades rurais compatibles coa conservación da natureza.
- 3.0 Apoio á incorporación das novas tecnoloxías da información para o desenvolvemento das actividades de xestión técnica e económica das explotacións rurais.
- 4.0 As accións de innovación e a difusión de resultados de investigación en temas relacionados co desenvolvemento rural e a conservación activa da Rede Natura, para así achegar a capacidade de adaptación ás novas necesidades ambientais e do mercado.

##### Accións e medidas relativas á directriz nº 2

- 1.0 Accións de modernización das explotacións agrarias e forestais.
- 2.0 Iniciativas para un mellor uso dos factores de produción, a introdución de novas tecnoloxías, investimentos innovadores, a mellora da calidade das producións e a diversificación. É tamén preciso mellorar a sostibilidade ambiental, seguridade alimentaria e laboral, así como a hixiene e benestar dos animais.

##### Accións e medidas relativas á directriz nº 3

- 1.0 Fomento da cooperación entre produtores, artesáns, industria de transformación de alimentos e materias primas, turismo rural, sector I+D+i e demais axentes implicados no desenvolvemento sostible do sector rural.
- 2.0 Facilitar a innovación e o acceso á investigación e desenvolvemento (I+D+i) en zonas rurais da rede Natura.

##### Accións e medidas relativas á directriz nº 4

- 1.0 Mellora da competitividade e das condicións de vida do medio rural co fin de contribuír ao mantemento das poboacións e ao equilibrio territorial.
- 2.0 Mellora e desenvolvemento das infraestruturas de maneira que facilite á poboación rural, por unha parte, a produción de alimentos e outros produtos en condicións competitivas, e por outra, continuar coa súa contribución á protección e á mellora do medio natural do ámbito no que residen.

##### Accións e medidas relativas á directriz nº 5

- 1.0 Adaptación ás novas normas comunitarias establecidas no ámbito da protección do medio, das zonas da Rede Natura, a saúde pública, a sanidade animal e vexetal, o benestar dos animais, a seguridade no traballo e outros campos, compensando os custos e as perdas de ingresos ocasionados pola condición e limitacións de residencia nas zonas da Rede Natura de Galicia.

## Accións e medidas para a o eixe 2

---

### Accións e medidas relativas á directriz nº 1

---

- 1.0 Mellora da biodiversidade, preservación e desenvolvemento dos sistemas agropecuarios e forestais de grande valor ambiental, así como dos hábitats prioritarios, mediante técnicas respectuosas co medio.

### Accións e medidas relativas á directriz nº 2

---

- 1.0 Fomento da introdución de boas prácticas de cultivo, que diminúan os efectos contaminantes en solos e augas, mediante a redución verificable de produtos químicos.
- 2.0 Fomento do desenvolvemento de liñas de mercado para os produtos ecolóxicos xerados nas zonas Rede Natura.

### Accións e medidas relativas á directriz nº 3

---

- 1.0 Redución dos efectos contaminantes de augas e solos, así como outras prácticas pouco compatibles cos principios de mantemento dun estado favorable das zonas Rede Natura, mediante o fomento da adopción de metodoloxías de produción vexetal ou animal que utilicen ao máximo os recursos e os mecanismos de produción naturais e aseguren a longo prazo unha agricultura sostible e a protección dos recursos naturais.

### Accións e medidas relativas á directriz nº 4

---

- 1.0 Protección das paisaxes rurais. Os sistemas agropecuarios e forestais tradicionais axeitadamente mantidos permiten preservar a paisaxe e os hábitats, dende as zonas húmidas ata as pradarias secas e os pastos de montaña. En numerosas zonas, estas paisaxes constitúen un elemento importante do patrimonio cultural e natural, que é necesario conservar.
- 2.0 Protección da erosión, evitando as perdas de solo por fenómenos erosivos en cultivos con elevadas pendentes ou en zonas cun réxime pluviométrico intenso ou climatoloxía dura. Con esta norma perséguese a conservación de especies e cultivos, mediante o mantemento de técnicas de traballo do solo, sementeiras, limpeza, etc., axeitadas ás condicións do ámbito, co obxecto de manter a cuberta vexetal e os hábitats prioritarios en zonas con alto risco.

### Accións e medidas relativas á directriz nº 5

---

- 1.0 Impulsar unhas ferramentas que favorezan o uso racional dos fertilizantes e outros produtos químicos de uso agrario, permitindo así levar a cabo unhas prácticas agronómicas cun alto grao de sostibilidade, preferiblemente superior aos requisitos mínimos establecidos por normativa europea, estatal e autonómica, ao tratarse das zonas Rede Natura de Galicia, sempre que tamén sexan economicamente viables.

### Accións e medidas relativas á directriz nº 6

---

- 1.0 Impulso á primeira forestación de terras agrícolas: mellora do balance de carbono. A segunda directriz estratéxica comunitaria establece como actuacións básicas a loita contra o cambio climático, mediante o aumento do efecto sumidoiro de carbono e o fomento do equilibrio territorial. Neste sentido o repoboación de terreos agrícolas abandonados enmárcase prioritariamente dentro de ambas as dúas actuacións.

## Accións e medidas para a o eixe 3

---

### Accións e medidas relativas á directriz nº 1

---

- 1.0 Diversificación das actividades da explotación agraria que incrementen o valor engadido das súas producións e outras accións non agrarias, fomentando o seu desenvolvemento e a promoción do emprego. Enténdese que nas zonas rurais, particularmente nas inscritas na Rede Natura, o crecemento, o emprego e o desenvolvemento sostible pasan pola diversificación das actividades, a cal é tamén unha premisa do equilibrio territorial, tanto dende o punto de vista económico coma dende o social.
- 2.0 Fomento do turismo, a artesanía e as actividades recreativas, como sectores de crecemento en moitas áreas, ofrecendo oportunidades tanto para a diversificación das explotacións agrícolas en actividades distintas da agricultura, coma para o desenvolvemento de microempresas na economía rural.

### Accións e medidas relativas á directriz nº 2

---

- 1.0 A terceira directriz comunitaria establece como actuación básica incrementar a actividade económica e a taxa de emprego na economía rural, en sentido amplo. Nas zonas rurais da Rede Natura, o desenvolvemento

2.0 sostible ha de interpretarse dende o mantemento dun medio rural vivo e activo, o que conseguirá conservar moitos dos hábitats de alto valor natural, froito da interacción do home co medio natural e que necesitan do seu concurso para non reducir as taxas de biodiversidade.

No sentido do punto anterior, o fomento dos tipos de turismo compatibles coa conservación favorable de zonas da Rede Natura de Galicia, como, a observación de aves, excursionismo, cinxético, sendeirismo, etc., considerárase decisivo para o crecemento sostido de moitas zonas rurais, susceptible de aproveitar o patrimonio cultural e natural.

#### Accións e medidas relativas á directriz nº 3

1.0 Mellora con carácter xeral da calidade de vida nas zonas rurais e o benestar da poboación.

2.0 Mellora dos servizos básicos e o atractivo de vida das zonas rurais da Rede Natura.

3.0 Potenciación das actuacións para a mellora da calidade de vida e servizos básicos nas zonas máis deficitarias.

4.0 Estabilización da poboación rural e agraria, mediante a creación de incentivos e a eliminación de desvantaxes específicas.

5.0 Dotación ás zonas rurais, particularmente ás inscritas en zonas da rede Natura de suficientes infraestruturas para facilitar a instalación de empresas e industrias compatibles co medio natural destes espazos.

#### Accións e medidas relativas á directriz nº 4

1.0 Revalorización do patrimonio artístico-cultural e o mantemento da propia identidade do ámbito rural e promoción das actuacións non produtivas culturais ou tradicionais.

#### Accións e medidas para a o eixe 4

#### Accións e medidas relativas á directriz nº 1

1.0 Promoción xeral de todo proxecto específico sobre zonas Rede Natura de Galicia, dentro da iniciativa LEADER, que conteñan medidas que sexan harmónicas co contexto das directrices e obxectivos deste Plan Director da Rede Natura de Galicia.

## 3.3 Usos Forestais

---

O presente apartado contempla unha revisión das fontes de información internacional, europea e nacional, recompilando das fontes de información consultadas a información referente aos plans, programas e acordos ou convenios que posúen unha incidencia sobre o desenvolvemento da conservación e xestión dos valores naturais no sector forestal. Deste xeito, inclúese de seguido unha relación dos documentos manexados, así como unha descrición máis ou menos extensa dos seus obxectivos, directrices, e contidos máis relevantes. A continuación, e tomando como documentos de referencia todos os anteriormente consultados, elaborouse unha escolma dos obxectivos, directrices, e medidas de acción que deben rexir no desenvolvemento das actividades, usos e prácticas forestais que permitan acadar un desenvolvemento sostible e garantan a conservación dos valores naturais e da biodiversidade.

### ✳ Green Paper. Protección e información forestal

O título completo é "Green Paper. Forest Protection and Information in the EU: Preparing forests for climate change". Este é un documento da Comisión Europea, actualmente en consulta pública e tutelado pola Dirección Xeral Europea de Medio Ambiente. O Libro Verde ten por obxecto abrir un debate en torno ás distintas opcións posibles para o establecemento dunha estratexia da Unión Europea (UE) sobre protección dos bosques e información forestal, no marco do Plan de Acción da UE para os Bosques, como anunciou a Comisión no Libro Branco *"Adaptación ao cambio climático: Cara a un marco europeo de actuación"*.

Nas Conclusións do Consello do 25 de xuño de 2009 sobre ese Libro Branco, insistíase en que o cambio climático tivera e ía seguir tendo impacto, en particular nos bosques. Habida conta de que eses impactos van ter consecuencias socioeconómicas e ambientais, neste documento insítese na conveniencia de prepararse xa, de maneira que os bosques da UE poidan seguir realizando todas as súas funcións nunhas condicións climáticas cambiantes.

Neste contexto, a protección dos bosques da UE debería ter por obxecto garantir que estes sigan realizando no futuro todas as súas funcións produtivas, socioeconómicas e ambientais. En virtude do principio de subsidiariedade, a competencia en materia de política forestal recae, principalmente, nos Estados membros (EM). O papel da UE é limitado e consiste, sobre todo, en achegar un valor engadido ás políticas e programas forestais nacionais mediante:

- O seguimento do estado dos bosques da UE e, eventualmente, a publicación de informes ao respecto;
- A anticipación de tendencias globais e a comunicación aos EM dos novos problemas que vaian xurdindo;
- Propostas de opcións para unha actuación rápida a escala da UE e, eventualmente, a coordinación ou o apoio a tales opcións.

O debate aberto por Libro Verde debería, pois, centrarse en determinar como modifica o cambio climático as condicións da xestión e protección dos bosques europeos e como debería evolucionar a política da UE para reforzar a súa contribución ás iniciativas dos EM en asuntos forestais.

A nivel internacional, a importancia de protexer os bosques e xestionalos dunha forma sostible empezou a recoñecerse cando, na Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio e Desenvolvemento, de 1992, se adoptou a *"Declaración de principios sobre os bosques"*. A Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC) recoñece tamén a importancia dos bosques no balance global dos gases de efecto invernadoiro (GEI), e o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CDB) ocupase da biodiversidade forestal a través dun programa de traballo ampliado. A Convención das Nacións Unidas de Loita contra a Desertización recoñece tamén a importante contribución dos bosques na consecución dos seus obxectivos.

A nivel paneuropeo, a Conferencia Ministerial sobre Protección de Bosques de Europa (MCPFE) deu, en 1993, a seguinte definición de xestión forestal sostible: *"a administración e uso dos bosques e terras forestais de forma e intensidade tales que manteñan a súa biodiversidade, produtividade, capacidade de rexeneración, vitalidade e potencial para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes a escala local, nacional e global, e que non causen dano a outros ecosistemas"*. En Conferencias posteriores formuláronse recomendacións sobre xestión forestal sostible e protección dos bosques, así como criterios e indicadores para os informes nacionais. Todos os EM da UE e a Comisión asinaron as resolucións da MCPFE nas que se confirma que a xestión forestal sostible e a multifuncionalidade son o enfoque esencial para a silvicultura.

A escala da UE, a Estratexia Forestal establece principios comúns para a silvicultura na UE (xestión forestal sostible e multifuncionalidade) e indica os procesos e actividades internacionais que deben aplicarse a nivel da UE. O Plan de Acción da UE para os Bosques baséase na Estratexia Forestal e serve de instrumento de coordinación das actividades e medidas relacionadas cos bosques a nivel da UE. Ten por obxecto, entre outras cousas, manter e potenciar de forma axeitada a biodiversidade, a fixación de carbono, a integridade, a saúde e a resistencia dos ecosistemas forestais a múltiples escalas xeográficas, xa que uns ecosistemas forestais que funcionen correctamente son fundamentais para manter a capacidade produtiva. Unha das medidas previstas nese Plan de Acción consiste en traballar a favor da creación dun sistema de seguimento forestal europeo e dunha protección maior dos bosques da UE. En resumo, o Libro Verde:

- Expón brevemente a situación xeral e a relevancia global dos bosques;
- Describe as características dos bosques da UE e as funcións que realizan;
- Sinala os principais problemas aos que se enfrontan os bosques da UE ante o cambio climático e explica de qué xeito poden eses problemas poñer en perigo as funcións dos bosques;
- Presenta un panorama xeral das ferramentas dispoñibles para garantir a protección dos bosques, así como dos sistemas de información forestal existentes que poderían utilizarse para resolver os problemas e efectuar un seguimento dos impactos ambientais e dos efectos das accións.

Ademais, formula unha serie de cuestións sobre a elaboración de opcións respecto á protección dos bosques e aos sistemas de información forestal no futuro na UE nunhas condicións climáticas cambiantes. As respostas das institucións da UE, os EM, os cidadáns da Unión e outras partes interesadas orientarán a reflexión da Comisión sobre calquera medida adicional que poida adoptarse a nivel da UE para preparar mellor os bosques da Unión ante o cambio climático e permitirles realizar mellor as súas funcións. Así mesmo, poden alimentar o debate sobre a posible actualización da Estratexia Forestal da UE no que se refire aos aspectos relacionados co clima.

### **✳ White Paper. Adaptación ao Cambio Climático**

---

Procedente da Comisión Europea, o White Paper (cuxo título completo é "White Paper. Adaptación ao Cambio Climático: cara a un marco europeo de actuación") establece un marco para reducir a vulnerabilidade da UE ao impacto do cambio climático. Elaborouse sobre a base das respostas a unha ampla consulta iniciada en 2007 no marco do Green Paper "Adaptación ao cambio climático en Europa: Opcións de actuación para a UE" e doutros traballos de investigación nos que se sinalaron as medidas que debían adoptarse a curto prazo. Ese marco concibiuse de maneira que poida evolucionar a medida que vaian coñecendo novos datos. Completará as medidas adoptadas polos EM e servirá de apoio ao labor internacional de adaptación ao cambio climático, sobre todo en países en desenvolvemento.

A UE está a traballar con outros países socios na Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, de cara a conseguir un acordo en materia de clima para despois de 2012 que se ocupe tanto da adaptación coma da mitigación. As propostas da Comisión neste contexto expóñense na Comunicación titulada "Cara á consecución dun *acordo a grande escala sobre o cambio climático en Copenhague*".

O feito de aumentar a resistencia da UE aos impactos do cambio climático constitúe, así mesmo, unha oportunidade para invertir nunha economía de baixas emisións de carbono, por exemplo fomentando a eficiencia enerxética e a xeneralización de produtos ecolóxicos. Este é un dos obxectivos fundamentais do Plan Europeo de Recuperación Económica, no que se resume a resposta da UE á crise económica, que nos levará cara a unha economía creativa baseada nos coñecementos. Ao mesmo tempo, podemos facilitar cambios estruturais a través da modernización da infraestrutura europea e aumentar a competitividade da economía.

O desenvolvemento dese marco foi un exercicio transversal, e o White Paper vai acompañado de tres documentos sectoriais sobre agricultura, saúde e cuestións relativas á auga, as costas e o medio mariño. No futuro poden presentarse quizais documentos relativos a outros sectores.

### **✳ Natura 2000 e os bosques: retos e oportunidades**

---

Guía da Comisión Europea, concretamente da DG. ENVI, da Unidade de Natureza e Biodiversidade e da Unidade de Bosques e Agricultura. Esta guía ten por obxecto clarificar a función dos bosques e da xestión forestal na rede ecolóxica Natura 2000, co fin de facilitar o coñecemento de Natura 2000 entre os operadores silvícolas.

O documento presenta unha visión xeneral do concepto Natura 2000, o marco xurídico para a conservación da biodiversidade e os requisitos específicos da Directiva Hábitats, e expresa a importancia dos bosques europeos no contexto da conservación a escala mundial.

Tamén contén directrices indicativas para a xestión forestal nos espazos Natura 2000. Estas baséanse nas interpretacións actuais do acervo comunitario para a conservación da natureza, en iniciativas destinadas a promover a xestión forestal sostible e multifuncional (Conferencia ministerial sobre a protección dos bosques en Europa) e na bibliografía sobre o tema.

A premisa da guía é que o patrimonio natural de Europa foi transformada por séculos debido ao uso humano e que a conservación e o uso sostible deste patrimonio nos espazos Natura 2000 require un abano de medidas que van dende a ausencia total ou unha presenza mínima de actividade humana ata diferentes réximes de uso sostible. Esta premisa dá por suposto que as partes interesadas poden

chegar a un compromiso entre os obxectivos da conservación da natureza e a produción económica. A rede Natura 2000 non pretende bloquear toda actividade económica nos espazos designados senón que require unha xestión de cada un dos devanditos espazos feita á medida das circunstancias locais e ten en conta tanto os requisitos da conservación da natureza como os da produción económica.

Este documento recomenda identificar obxectivos e medidas apropiados de xestión dos espazos mediante a consulta en profundidade ás partes interesadas, e que os resultados desta consulta se plasmen en plans de xestión transparentes e a longo prazo.

Co obxecto de promover o interese entre xestores forestais, a guía tamén contén:

- Unha visión xeral dos mecanismos actuais e potenciais de financiamento comunitario e información sobre o seu uso efectivo para fins de conservación da natureza e de xestión de ecosistemas en espazos forestais da rede Natura 2000;
- Exemplos da combinación acertada dunha xestión forestal economicamente viable e obxectivos de conservación da natureza en espazos Natura 2000 de varios EM e en terceiros países;
- Unha bibliografía e unha lista de páxinas web útiles.

### **Plan de Acción da UE en defensa dos Bosques**

---

Xorde como unha comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo sobre un Plan de Acción (PA) para os bosques. Este Plan de Acción ten por obxecto establecer un marco coherente para as iniciativas en defensa dos bosques da Comunidade e constitúe un instrumento de coordinación das accións comunitarias e as políticas en materia forestal dos EM. O plan artículase en torno a catro obxectivos:

- Mellorar a competitividade do sector forestal a longo prazo.
- Protexer o medio.
- Mellorar a calidade da vida.
- Aumentar a coordinación intersectorial e a comunicación.

Estes obxectivos artículanse en torno a unha serie de 18 accións clave que a CE e os EM deben aplicar conxuntamente. Así mesmo, o plan de acción prevé medidas suplementarias que os EM poden levar a cabo en función das súas condicións e prioridades específicas con axuda dos instrumentos comunitarios existentes.

#### a) Mellorar a competitividade a longo prazo

A competitividade do sector forestal é esencial. Este sector ofrece, en efecto, un forte potencial na elaboración de novos produtos e servizos de alta calidade como resposta a unha demanda crecente de materias primas renovables. Para responder a este obxectivo, a Comisión propón cinco accións clave:

- **Acción clave 1:** a Comisión vai examinar os efectos da globalización sobre a competitividade da silvicultura da UE co obxecto de determinar os principais factores que inflúen na evolución do sector forestal europeo. Este documento servirá de base nos debates sobre as medidas a adoptar para mellorar a competitividade e a viabilidade económica do sector.
- **Acción clave 2:** fomentar a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico para potenciar a competitividade do sector forestal (en particular, a través do Sétimo Programa Marco de Investigación). A Comisión e os EM seguirán apoiando o desenvolvemento da plataforma

tecnolóxica para o sector forestal. Así mesmo, estudarase a posibilidade de crear un foro científico comunitario.

- **Acción clave 3:** intercambiar e avaliar as experiencias en materia de valoración e comercialización de bens e servizos forestais distintos da madeira: trátase de cuantificar o valor global dos bosques e das súas funcións co fin de establecer instrumentos de remuneración polos bens e servizos que non se comercializan.
- **Acción clave 4:** fomentar o uso da biomasa forestal para a produción de enerxía.
- **Acción clave 5:** fomentar a cooperación entre os propietarios de bosques, e promover a educación e a formación en materia forestal.

Ademais das accións realizadas a escala comunitaria, os EM poden tamén:

- promover a cooperación entre os propietarios de explotacións forestais, a industria e outros axentes no desenvolvemento de novos produtos, procesos, tecnoloxías e mercados
- fomentar os investimentos para aumentar o valor económico dos bosques
- apoiar o establecemento e o desenvolvemento de asociacións de propietarios forestais.

**b) Mellorar e protexer o medio**

O obxectivo xeral é manter e potenciar de forma axeitada a biodiversidade, a captación de carbono, a integridade, a saúde e a resistencia dos ecosistemas forestais a múltiples escalas xeográficas. A este respecto, a Comisión propón as seguintes accións clave:

- **Acción clave 6:** facilitar o cumprimento polos EM da UE das obrigas en materia de mitigación do cambio climático da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático (CMNUCC) e o Protocolo de Kiotoseu, así como fomentar a adaptación aos efectos do cambio climático.
- **Acción clave 7:** contribuír ao logro dos obxectivos comunitarios revisados en materia biodiversidad para 2010 y posteriormente.
- **Acción clave 8:** traballar en favor da creación dun sistema de seguimento forestal europeo como continuación do sistema de seguimiento «Forest Focus».
- **Acción clave 9:** mellorar a protección dos bosques na UE.

Por outra parte, os Estados membros poden promover -co apoio doFEADER e o instrumentoLIFE + - medidas en favor dos bosques (Natura 2000, sistemas agroforestales, directrices nacionais, etc.) axudar a rehabilitar os bosques danados por catástrofes naturais e incendios, e apoiar estudos sobre as causas dos incendios forestais, campañas de sensibilización, cursos de formación e proxectos de demostración, así como reexaminar e actualizar estratexias máis amplas contra os axentes bióticos e abióticos.

**c) Contribuír a unha mellor calidade de vida**

A Comisión considera que é importante preservar e apoiar a dimensión cultural e social dos bosques. Para iso, define as seguintes accións clave:

- **Acción clave 10:** fomentar a educación e a información ambientais.
- **Acción clave 11:** manter e potenciar as funcións de protección dos bosques.
- **Acción clave 12:** explorar o potencial dos bosques urbanos e periurbanos.

Ademais, os EM poden, co apoio de, aumentar FEDER os investimentos e a xestión sostible dos bosques para mellorar a prevención das catástrofes naturais.

**d) Promover a coordinación e a comunicación**

Se ben a política forestal é competencia dos EM, son numerosas as iniciativas con incidencia na xestión dos bosques que se adoptan a nivel europeo, polo que se fai necesaria unha mellora da

coherencia e a cooperación intersectorial para equilibrar os obxectivos económicos, ambientais e socioculturais nos diversos niveis organizativos e institucionais.

- **Acción clave 13:** reforzar o papel do Comité Forestal Permanente.
- **Acción clave 14:** reforzar a coordinación entre os distintos ámbitos políticos en asuntos relacionados cos bosques.
- **Acción clave 15:** explorar a aplicación do método aberto de coordinación aos programas forestais nacionais.
- **Acción clave 16:** reforzar o perfil da UE nos procesos internacionais vinculados cos bosques.
- **Acción clave 17:** fomentar o uso da madeira e outros produtos forestais derivados de bosques xestionados de xeito sostible.
- **Acción clave 18:** mellorar o intercambio e a comunicación de información. A Comisión Europea porá a punto unha páxina Internet dedicada á xestión dos bosques no sitio EuropaInternet.

Por outro lado, os EM poden organizar acontecementos de certa visibilidade como unha "semana do bosque" ou un "día do bosque", co fin de sensibilizar á opinión pública sobre as vantaxes da xestión sostible dos bosques. Polo que se refire a este plan de acción, a Comisión fará unha avaliación intermedia en 2009 e unha avaliación global en 2012.

### ✱ **3ª Conferencia sobre Protección dos Bosques**

---

Na Terceira Conferencia Ministerial Sobre Protección de Bosques en Europa (CMPFE), celebrada en Lisboa do 2 ao 4 de xuño de 1998, xudían dúas resolucións. Os Ministros responsables de bosques na CMPFE, recordando as decisións e acordos relativos aos bosques da Conferencia de Nacións Unidas sobre Medio e Desenvolvemento, da Sesión Especial da Asemblea Xeral de Nacións Unidas, e do XI Congreso Forestal Mundial, así como o acordado nos Convenios de Nacións Unidas (sobre Conservación da Biodiversidade, sobre Cambio Climático e sobre Loita contra a Desertización), recoñecendo o progreso e as metas conseguidas na aplicación dos compromisos das Conferencias Ministeriais de Estrasburgo e Helsinki, e conscientes dos moitos desafíos, oportunidades así como as ameazas relacionados coa xestión sostible dos bosques, comparten a seguinte visión:

- O sector forestal europeo no século XXI, no que respecta ás funcións sociais, económicas, ambientais e culturais dos bosques, optimizará a súa contribución ao desenvolvemento sostible da sociedade, especialmente o das áreas rurais, a subministración de recursos renovables e a protección do medio local e global.
- A sociedade, comprendendo a multifuncionalidade dos bosques, e recoñecendo a importancia da conservación e a xestión sostible dos bosques, apoiará un intenso desenvolvemento do sector forestal, proporcionando unha estrutura legal, institucional e económica conducente á práctica dunha xestión sostible dos bosques, tomando decisións informadas sobre o mellor uso posible dos produtos e servizos forestais, madeirables e non madeirables, e reducindo as presións que existen sobre a saúde e vitalidade dos bosques.
- Reforzárase unha asociación efectiva entre a sociedade e o sector forestal recoñecendo o papel do bosque como fonte de recursos renovables clave, a responsabilidade dos propietarios forestais na súa xestión sostible, e a responsabilidade de Europa na demostración da integración de todas as funcións dos bosques e as producións e empregos innovadores dos produtos e servizos forestais, madeirables e non madeirables.
- A herdanza ás xeracións futuras duns bosques saudables e bioloxicamente diversos, a contribución positiva aos ciclos globais do carbono e hidrolóxico, a protección do chan e da auga, a protección das poboacións e as infraestruturas fronte aos desastres naturais, a

creación de renda e emprego, particularmente nas áreas rurais, e as excelentes condicións para proporcionar recreo e valores culturais para todos, son características asociadas aos bosques sobre as cales xeracións de propietarios e a sociedade en xeral construíron e continuarán construíndo presentes e futuros valores.

No espírito da visión anterior, os Ministros responsables de bosques na CMPFE declaran o seu compromiso de:

- Mellorar os elementos sociais e económicos da xestión sostible de bosques e fortalecer os contactos entre o sector forestal e a sociedade, aumentando o diálogo e a mutua comprensión da xestión sostible de bosques, o seu papel e o da selvicultura. Desenvolver ata a súa máxima valorización as contribucións potenciais do sector forestal ao desenvolvemento rural, o emprego, o medio e o desenvolvemento sostible global da sociedade, adoptando a Resolución L1 Bosques, Selvicultura e Sociedade *"Mellora dos aspectos socioeconómicos da xestión sostible dos bosques"*.
- Continuar facendo promoción de a xestión sostible de bosques contribuindo, entre outras cousas, á conservación da biodiversidade, mitigar os efectos negativos do cambio climático, e loitar contra a desertización,
  - a. Adoptando os seis criterios paneuropeos de xestión sostible de bosques, aceptando e aplicando mentres se van mellorando continuamente os indicadores paneuropeos de xestión sostible de bosques e aceptando as Directrices Xerais Paneuropeas a escala operativa de Xestión Sostible dos Bosques aplicando a Resolución L2 *Criterios e Indicadores e Directrices Xerais Paneuropeas a escala operativa de Xestión Sostible dos Bosques*;
  - b. Colaborando co proceso Medio Ambiente en Europa, especialmente ao aceptar o Programa de Traballo sobre a Conservación e Mellora da Diversidade Biolóxica e Paisaxística en Ecosistemas Forestais 1997 -2000, promovendo a súa posta en práctica e a súa futura revisión, en liña coa Resolución H26 e as propostas de acción acordadas no Panel Intergubernamental de Bosques de Nacións Unidas;
  - c. Actuando para estimular e promover o uso estendido da madeira e os demais produtos forestais como materiais respectuosos co medio e recursos renovables;
  - d. Avaliando o papel dos ecosistemas forestais na mitigación do cambio climático, en liña co Sistema de Nacións Unidas do Convenio sobre Cambio Climático, como captadores e almacéns de carbono, combinado co crecente uso de produtos de madeira, de ciclo total de vida moi longo, e mellorando as múltiples contribucións dos ecosistemas forestais ao enriquecemento e conservación de chans e almacéns de regulación dos ciclos da auga;
- Actuar no ámbito nacional e cooperar internacionalmente para a aplicación das decisións da Sesión Especial da Asemblea Xeral das Nacións Unidas (UNGASS) respecto ás propostas de acción acordadas no Panel Intergubernamental de Bosques (IPF) e contribuír ao labor do Foro Intergubernamental de Bosques da Comisión de Nacións Unidas de Desenvolvemento Sostible (UNCSD/IFF).
- Continuar compartindo os resultados que se obteñan neste proceso con todas as partes interesadas e en todos os foros internacionais importantes, dentro e fóra do Sistema de Nacións Unidas, contribuindo polo tanto coa súa experiencia e logros a promover a xestión sostible de bosques en todos os ámbitos, a crear un consenso en temas de política forestal, e á posta en práctica dos importantes compromisos e acordos políticos.
- Acordar o desenvolvemento dun programa de traballo para a posta en práctica das decisións desta Conferencia, e reforzar a dos compromisos previos adquiridos nas Conferencias Ministeriais de Estrasburgo e Helsinki, en colaboración con organizacións internacionais, en particular o Comité Forestal Europeo da Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), o Comité da Madeira da Comisión Económica de Nacións Unidas para Europa (UNECE), o Programa Ambiental de Nacións Unidas, a Organización

Internacional do Traballo, ONGs, e outros interesados. Este programa estará baseado na cooperación científica e técnica en Europa proporcionando unha aproximación dinámica para a resolución dos problemas da selvicultura europea.

- Proseguir no espírito que presidiu as Conferencias de Estrasburgo e Helsinki, reafirmando os principios acordados para a aplicación das decisións tomadas pola Conferencia e a continuación do Proceso Ministerial. Deberíanse convocar novas Conferencias cando o consideren necesario un número suficiente de estados signatarios e se realizaran progresos na aplicación das Resolucións a escala nacional e rexional.
- Traballar activamente para a creación dun consenso sobre a necesidade e os posibles elementos dun instrumento global legalmente vinculante sobre a xestión, conservación e desenvolvemento sostible de toda clase de bosques no ámbito do UNCSD/IFF, recordando o seu firme compromiso sobre tal instrumento.

1. **Resolución 1, Bosques, Selvicultura e Sociedade: Mellora dos Aspectos Socioeconómicos da Xestión Sostible dos Bosques.**

Nesta Resolución os Estados signatarios e a Comunidade Europea (ES e CE), recordando e recoñecendo:

- os obxectivos da xestión sostible dos bosques tal e como se estableceron nos principios forestais adoptados na Conferencia de Nacións Unidas sobre Medio e Desenvolvemento
- a definición de xestión sostible dos bosques adoptada na Conferencia Ministerial de Helsinki na Resolución H1
- o papel significativo do sector forestal e a xestión sostible dos bosques no desenvolvemento sostible global da sociedade
- a importancia das funcións sociais e económicas xunto coas funcións ambientais, ecolóxicas, e culturais como elementos esenciais da xestión sostible dos bosques, e a necesidade de estudalas para responder positivamente ás crecentes e en ocasións conflitivas demandas da sociedade

Conscientes da necesidade dun diálogo crecente entre o sector forestal e o público en xeral para definir obxectivos amplamente aceptados para a política forestal.

Afirmando que os bosques e a selvicultura constitúen un dos principais piares do desenvolvemento rural sostible e recoñecendo a complementariedade entre o sector forestal e os outros sectores para un desenvolvemento sostible.

Conscientes da contribución do sector forestal na maioría dos países europeos como fonte de emprego directo e indirecto, e do potencial de xeración de empregos e de rendas nas áreas rurais, en actividades diversas como pequenas industrias non tradicionais, outras relacionadas co forestal como o recreo e o ecoturismo, e outras actividades emerxentes.

Recordando que unha estrutura legal, institucional e económica axeitada é importante para practicar unha xestión sostible dos bosques.

Recordando que a xestión forestal en Europa recae en millóns de propietarios particulares, así como na actividade de órganos estatais e outras estruturas públicas con longas tradicións e dereitos.

Resaltando a natureza renovable e respectuosa co medio dos produtos forestais madeirables e non madeirables procedentes de bosques xestionados de forma sostible, e que é preciso o desenvolvemento de métodos apropiados de estudo e valoración dos bens e servizos forestais non comerciais.

Agradecendo a valiosa contribución do Equipo de especialistas de FAO/CEPE/OIT (FAO: Organización das Nacións Unidas para a agricultura e a alimentación, CEPE: Comisión Económica para Europa e OIT: Organización Internacional do Traballo) sobre aspectos sociais da xestión sostible dos bosques, especialmente a través do informe "Persoas, Bosques e Sostibilidade".

Comprométense a promover:

1. A aplicación das Directrices Xerais e das Accións futuras establecidas nesta Resolución.
2. O intercambio de experiencia e a cooperación na consecución das Accións futuras establecidas na Parte II en Europa por medio das organizacións e institucións internacionais existentes.

## **2. Resolución 2, Criterios e Indicadores e Directrices Xerais Paneuropeas a Escala Operativa para unha Xestión Sostible dos Bosques**

Os ES e CE, recordando as resolucións adoptadas na Conferencia de Helsinki, especialmente na Resolución H1 "*Directrices xerais para a xestión sostible dos bosques en Europa*" e a Resolución H2 "*Directrices xerais para a conservación da biodiversidade nos bosques europeos*" e constatando que os criterios e indicadores e as directrices xerais paneuropeas a escala operativa para unha xestión sostible dos bosques están baseados nas Resolucións H1 e H2;

Agradecendo o traballo de cooperación entre os países e organizacións europeos na formulación dos criterios, describindo os diferentes aspectos da xestión sostible dos bosques e o desenvolvemento, mediante indicadores cuantitativos e descritivos, dun xogo de ferramentas coherente para estudar e axudar ao progreso da xestión sostible dos bosques, a escalas internacional e nacional, e a escala operativa mediante liñas guía para o seu uso práctico sobre a base da súa voluntariedade.

Anotando que os criterios e indicadores son ferramentas potencialmente útiles para promover a xestión sostible dos bosques a proporcionar información relevante para o desenvolvemento e avaliación de políticas forestais, plans e programas forestais nacionais e como base para as estatísticas de datos horizontais relativos aos bosques.

Anotando que as directrices xerais paneuropeas, a pesar da súa natureza voluntaria, poden contribuír a mellorar a comunicación, a concienciación e a aplicación das accións apropiadas na práctica da xestión sostible dos bosques cando estean adaptadas ás condicións específicas do nivel de aplicación.

Conscientes da necesidade de refinar e mellorar estas ferramentas segundo evolucione o concepto de xestión sostible dos bosques, melloren os coñecementos científicos e técnicos, e se desenvolvan os acordos internacionais.

Recoñecendo o esforzo realizado e os progresos alcanzados por outros países e organizacións internacionais na expansión e emprego de criterios e indicadores de xestión sostible dos bosques.

Agradecendo os contactos e a cooperación con outros procesos e iniciativas internacionais e rexionais, así como organizacións internacionais, para o desenvolvemento e aplicación de criterios e indicadores, e resaltando a importancia da cooperación para promover a comparabilidade entre varios xogos de criterios e indicadores.

Agradecendo a colaboración de CEPE/NU e a FAO, e particularmente o apoio prestado na estatística mediante a inclusión da maioría dos indicadores cuantitativos no compoñente morno e boreal do Programa de Estudo de Recursos Forestais (FRA).

Decidiron:

1. Adoptar os seis criterios de xestión sostible dos bosques dos Criterios e Indicadores Paneuropeos de Xestión Sostible dos Bosques (Anexo 1), e asumir os indicadores asociados como base dos informes internacionais e para o desenvolvemento de indicadores nacionais.
2. Proceder á aplicación, revisión continua e posterior mellora dos indicadores asociados.
3. Asumir as Directrices Xerais a escala operativa de Xestión Sostible dos Bosques (Anexo 2) como estrutura de recomendacións de xestión sostible dos bosques para un uso práctico de carácter voluntario.

E comprométense a:

1. Promover o desenvolvemento e aplicación de criterios e indicadores nacionais utilizando os criterios e indicadores paneuropeos como estrutura de referencia, tendo en conta as condicións específicas de cada país integrándoas nos programas forestais nacionais ou outras estruturas políticas relevantes.
2. Mellorar a calidade e promover as necesarias adaptacións dos sistemas estatísticos nacionais para cubrir as necesidades de información para os informes nacionais e internacionais sobre xestión sostible dos bosques, recoñecendo a necesaria continuidade dos termos e definicións.
3. Utilizar na medida do posible os criterios e indicadores nos informes internacionais comparativos sobre o estado dos bosques europeos. Tamén se fai un chamamento a CEPE/NU a FAO e a outras organizacións relevantes para que consideren se nos seus informes internacionais regulares, particularmente o FRA podería basearse en criterios e indicadores actualizados
4. Estimular os institutos nacionais e internacionais de investigación para que estuden a consistencia, relevancia e custo-efectividade dos indicadores no estudio da xestión sostible dos bosques, así como a dispoñibilidade de datos nacionais. Xunto con gobernos e organizacións, identificar necesidades, promover e apoiar a necesaria cooperación na investigación para mellorar e estudar mellor o funcionamento e as múltiples funcións e usos dos bosques que se consideren insuficientemente cubertas polos xogos de criterios e indicadores actualmente existentes.
5. Avaliar a escala nacional o desenvolvemento no tempo dos indicadores medibles respecto a obxectivos desenvolvidos por acordos co fin de estudar o progreso feito en xestión sostible dos bosques.
6. Coordinar os esforzos con outros procesos e iniciativas internacionais e rexionais, a FAO, o Programa de Nacións Unidas sobre Medio, e outras relevantes organizacións internacionais, así como Convenios, para unha definición común de termos clave e conceptos, así como metodoloxías de obtención, almacenamento e publicación de datos, para mellorar a comparabilidade de diferentes xogos de criterios e indicadores de xestión sostible dos bosques.
7. Estimular a adaptación, coa participación das partes interesadas, das Directrices Xerais a escala operativa de Xestión Sostible dos Bosques ás condicións nacionais, subnacionais e locais económicas, ecolóxicas, sociais e culturais.
8. Publicar as Directrices Xerais a escala operativa de Xestión Sostible dos Bosques ou as actuais normas equivalentes en liña coas Liñas Guía, entre os propietarios forestais, xestores de bosques, organizacións forestais, o público en xeral, e outras partes interesadas, e estimular o seu emprego voluntario.

## ✳ 2ª Conferencia sobre Protección dos Bosques

Da Segunda Conferencia Ministerial Sobre Protección de Bosques en Europa, celebrada en Helsinki do 16 ao 17 de Xuño de 1993, xurdían outras dúas resolucións:

- Resolución 1, Directrices Xerais para unha Xestión Sostible dos Bosques en Europa.  
Os ES e a CE crean unha serie de Directrices Xerais en torno á xestión sostible dos Bosques e unhas Accións para o Futuro.
- Resolución 2, Directrices Xerais para a Conservación da Diversidade Biolóxica dos Bosques Europeos.  
Nesta Resolución os ES e a CE comprométese a promover a aplicación dunha serie de Directrices Xerais para a conservación da diversidade biolóxica, á escala apropiada no exercicio das súas competencias individuais en política forestal e ao seu desenvolvemento posterior. Ademais comprométese á cooperación interna e externa para levar a cabo as Accións Futuras que establecen.

## ✳ Plan Forestal Español

Del Consejo Nacional de Bosques (2002). Agrupáronse en tres grandes grupos de temas a debater:

- Os aspectos produtivos e industriais no sector forestal
- Tratamento dado aos montes de propiedade particular
- Escenario económico do Plan

## ✳ Plan de Restauración Hidrolóxico-Forestal

Os obxectivos do Plan Nacional de Actuacións Prioritarias en materia de Restauración Hidrolóxico-Forestal, Control da Erosión e Defensa contra a Desertización son os seguintes:

- Mantemento e mellora da función protectora dos bosques sobre os recursos chan e auga
- Control da erosión
- Mellora do Réxime hídrico e regulación de caudais
- Restauración, conservación e mellora da cuberta vexetal protectora

## ✳ Programa de Defensa contra Incendios Forestais

A natureza das accións que inclúe o Programa de Defensa contra Incendios Forestais do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (2007) son as seguintes:

- Accións de coordinación e planificación
- Accións de prevención (Convenios coas CCAA)
- Accións de extinción
- Cooperación Internacional

### **✱ Programa Nacional contra a Desertización**

---

O Programa Nacional contra a Desertización (2008) consta dunha primeira parte onde se fixan os obxectivos da loita contra a desertización, unha segunda parte onde se fai un diagnóstico de situación en España e na terceira parte se centra nas propostas de acción para a loita contra a desertización.

### **✱ Estratexia para os Recursos Xenéticos Forestais**

---

A Estratexia Española para a Conservación e o Uso Sostible dos Recursos Xenéticos Forestais (2006) planéase como un marco de traballo para o apoio, o desenvolvemento e a coordinación de actividades e programas de conservación e mellora xenética forestal.

### **✱ Estratexia para a Diversidade Biolóxica**

---

A Estratexia Española para a Conservación e o Uso Sostible da Diversidade Biolóxica (1998) pretende conseguir a conservación da biodiversidade e o uso sostible dos seus compoñentes.

### **✱ Plan Estratéxico de Desenvolvemento Rural**

---

O Plan Estratéxico Nacional de Desenvolvemento Rural 2007-2013 céntrase na consecución dos obxectivos das estratexias de Lisboa e Gotemburgo. A primeira relativa á mellora da competitividade e a creación de emprego, e a segunda referente ao desenvolvemento sostible e a integración do medio na política de desenvolvemento rural, na materia da cal os bosques e os produtos forestais teñen unha especial importancia.

### **✱ Estratexia Española de Cambio Climático**

---

Na Estratexia Española de Cambio Climático e Enerxía Limpa o seu obxectivo é o cumprimento dos compromisos de España en materia de Cambio Climático e o impulso das enerxías limpas.

## 1. Obxectivos da política forestal

1.0 A Conferencia Ministerial sobre Protección de Bosques de Europa (MCPFE) deu, en 1993, a seguinte definición de xestión forestal sostible: «a administración e uso dos bosques e terras forestais de forma e intensidade tales que manteñan a súa biodiversidade, produtividade, capacidade de rexeneración, vitalidade e potencial para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes a escala local, nacional e global, e que non causen dano a outros ecosistemas». En Conferencias posteriores (MCPFE de Lisboa en 1998 e MCPFE de Viena en 2003) formuláronse recomendacións sobre xestión forestal sostible e protección dos bosques, así como criterios e indicadores para os informes nacionais. A escala da UE, a Estratexia Forestal (Resolución do Consello do 15 de decembro de 1998, 1999/C 56/01) establece principios comúns para a silvicultura na UE (xestión forestal sostible e multifuncionalidade).

Neste sentido, a Resolución do Consello do 15 de decembro de 1998 sobre unha estratexia forestal para a Unión Europea recoñece a necesidade da conservación de zonas representativas de todos os tipos de ecosistemas forestais e de interese ecolóxico específico. A Resolución dispón que o establecemento de Natura 2000 debería ter en conta as necesidades económicas, sociais e culturais, as características rexionais e locais, e a participación dos propietarios de bosques.

Así, os bosques realizan, frecuentemente no mesmo momento e no mesmo lugar, moitas funcións sociais, económicas e ambientais, vinculadas entre si. Para protexer esa multifuncionalidade na Rede Natura de Galicia é preciso aplicar á xestión formulacións equilibradas baseadas nunha información forestal axeitada.

Así mesmo, na MCPFE de Helsinki en 1993 asegúrase que as masas forestais teñen unha longa historia e que foron influenciadas polos asentamentos humanos e as súas actividades durante séculos, chegando, entre outras cousas, a coñecementos, técnicas e experiencias en prácticas forestais, ao desenvolvemento e aplicación de regulacións e políticas de xestión baseadas na planificación a longo prazo, e a unha estrutura de propiedade moi fragmentada, que nalgunhas áreas tende a fragmentarse máis. Factores todos eles que teñen un papel na protección e xestión sostible dos bosques en Europa (Segunda Conferencia Ministerial sobre Protección de Bosques en Europa, Helsinki, 16-17 de xuño de 1993).

Ademais diso, os propietarios forestais, que proporcionan beneficios multifuncionais á comunidade, deberían ser incentivados e apoiados pola sociedade ou outros beneficiarios, apropiadamente, cando tal servizo lles supón custos excesivos (Segunda Conferencia Ministerial sobre Protección de Bosques en Europa, Helsinki, 16-17 de xuño de 1993).

### Obxectivos específicos para a Rede Natura 2000

1.0 No manexo forestal dos espazos naturais deberá primar a xestión, os aproveitamentos e usos sostibles ao xeito da silvicultura tradicional, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos e núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

2.0 Protección e conservación das zonas Rede Natura 2000.

3.0 Compatibilización da conservación das especies e hábitats singulares, co aproveitamento sostido dos recursos e mantemento das condicións sociais nas poboacións residentes.

4.0 Con carácter xeral, as actividades que teñan lugar nos espazos existentes na Rede Natura 2000 de Galicia, relacionadas con este sector, serán reguladas pola normativa sectorial específica en vigor, sen prexuízo dos apartados que se desenvolvan a continuación.

## 2. Directrices da política forestal

### Directrices xerais

1.0 Promoverase o manexo dos recursos e os terreos forestais, seguindo os principios establecidos da xestión Forestal Sostible para cubrir as necesidades sociais, económicas, ecolóxicas, culturais e espirituais dos residentes das zonas rurais e as súas xeracións futuras, así como para o conxunto da sociedade.

2.0 Promoveranse as políticas forestais que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable das masas arbóreas e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizarse aqueles compoñentes a persistencia dos cales se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter forestal.

3.0 As prácticas de xestión forestal deberán manter o debido respecto á protección de áreas ecoloxicamente fráxiles, a conservación de bosques maduros e climáticos, áreas con patrimonio cultural, e a paisaxe, así como salvagardar a cantidade e calidade das augas, e a manter e desenvolver outras funcións protectoras dos bosques, como a protección de ecosistemas acuáticos e agrícolas e a protección fronte a inundacións, erosión e aludes.

4.0 As prácticas de xestión deben de asegurar a calidade silvícola co fin de manter e mellorar os recursos forestais, e aumentar a diversidade de bens e servizos a longo prazo.

- 5.0 A planificación forestal debe tratar de chegar ao rendemento económico en termos de custo e beneficio, tendo en conta todos os demais factores ecolóxicos e sociais, ademais doutros factores novidosos como son a xestión consciente de carbono.
- 6.0 Evítanse as actividades humanas alleas ao medio rural que conducen, directa ou indirectamente, á degradación irreversible de solos e terreos forestais, a flora e fauna que sustentan e os servizos que proporcionan. Deben aumentarse os esforzos para manter o papel de fixación de gases de efecto invernadoiro das masas forestais, tendo en conta os efectos acumulativos a longo prazo e/ou ás sinerxías entre eles, ademais do efecto substitución da materia prima de orixe forestal por materiais non renovables ou combustibles fósiles.
- 7.0 Os incendios forestais, a súa prevención e pronta extinción, así como a contaminación de solos deben ser estritamente controlados, podendo limitarse outras políticas sectoriais e os seus obxectivos de xestión e prácticas de aplicación nos lugares especialmente sensibles da Rede Natura.
- 8.0 A xestión forestal debe tratar de manter, conservar e mellorar a biodiversidade no ecosistema, en especies e nivel xenético e, onde sexa apropiado, a diversidade e nivel paisaxístico. Así mesmo, dita xestión deberá tender á restauración forestal de zonas que na antigüidade cambiaron de uso cara a destinos non forestais.
- 9.0 Deberán estimularse as novas oportunidades de emprego e renda en selvicultura sostible, mediante a diversificación das actividades relativas aos bosques.

### Directrices específicas

---

#### Directrices relativas á agricultura e ganderaría

---

- 1.0 Debe ser tida en conta a restauración de terras agrícolas abandonadas e de terreos desarboreados froito de antigas cavaduras en masas boscosas, sempre e cando poida engadir valores económicos, ecolóxicos, sociais e/ou culturais.
- 2.0 As explotacións incluídas no ámbito do espazo natural consideraranse prioritarias para a concesión de axudas procedentes da Política de Desenvolvemento Rural para medidas compatibles cos fins da Rede Natura e a práctica de métodos agroambientais harmónicos coa conservación das especies de interese para a conservación.

#### Directrices relativas á información e concienciación

---

- 1.0 Deberá promoverse a concienciación e a comprensión da xestión forestal sostible, e intensificar a previsión, mediante a investigación apropiada, de información aos silvicultores e propietarios sobre o concepto e os métodos de aplicación desta. Para asegurar ese manexo forestal sostible, é esencial un número suficiente de técnicas competentes e axeitadamente formadas.
- 2.0 Estableceranse programas de educación e concienciación sobre a conservación da biodiversidade nos bosques, resaltando, entre outras cousas, os aspectos positivos da xestión forestal sostible sobre a conservación da biodiversidade.
- 3.0 Promoverase o uso e emprego de madeira como un recurso natural renovable, ambientalmente amigable e onde o carbono está almacenado durante longos ciclos. Empregarase preferentemente o devandito material nas obras a levar a cabo na rede, tanto as promovidas pola Administración como aquelas que contén con axudas públicas para a súa execución, seguindo a política de contratación pública verde.
- 4.0 Deberá mellorarse a organización de propietarios forestais, incentivar a cooperación entre as unidades de manexo forestal así como a consolidación de unidades de xestión de bosques viables.
- 5.0 Debe de facerse promoción do establecemento de asociacións público-privadas para mellorar o desenvolvemento conxunto e transparencia dos mercados, establecendo alianzas a longo prazo, facilitando o acceso á información básica sobre a propiedade forestal, consolidando cadeas de subministración de materia prima forestal sostible e divulgando os servizos que os bosques poden ofrecer á sociedade.
- 6.0 Deben establecerse programas e campañas de divulgación dos bens e servizos que proporcionan as masas forestais da Rede Natura de Galicia, para proporcionar pertinente e veraz información, educación e capacitación sobre as vantaxes do uso da madeira xestionada de forma sostible.
- 7.0 Estableceranse medidas específicas vinculadas á mellora das condicións de traballo, estabilidade, rendibilidade e remuneración da actividade selvícola nos bosques, así como a campañas de imaxe sobre o atractivo dos empregos relacionados cos bosques en Rede Natura, aumentando e paliando o envellecemento e abandono da poboación rural.

#### Directrices relativas a produtos derivados da madeira

---

- 1.0 Mobilizar máis madeira é unha tarefa para todo o sector forestal. Todos os axentes deben estar plenamente comprometidos e involucrados e as súas necesidades deben terse en conta, sobre todo en canto á súa motivación, formación, habilidades e recursos. Orientado e dirixido á participación de grupos específicos, e ter

as garantías necesarias para lograr os propósitos establecidos. O uso de produtos de madeira en "Ferverza" (é dicir, en primeiro lugar para os produtos a base de madeira, en segundo lugar, recuperación e reutilizar ou reciclados e, por último utilización para producir enerxía), debe ser incentivado en situacións onde a análise do ciclo de vida (ACV), lóxística e factores de custo indican a súa eficiencia. Todo iso, co fin de utilizar os recursos máis eficientemente e para maximizar o potencial de mitigación do cambio climático. A mobilización tamén debe ser dirixida aos bosques con alto risco de incendios forestais, tormentas, pragas de insectos, etc, co fin de reducir a súa vulnerabilidade de riscos a tales niveis, (European Commission Agriculture and Rural Development 2010, Good practice guidance on the sustainable mobilisation of Wood in Europe).

2.0 Deberá fomentarse o reciclado e o uso enerxético dos produtos forestais, tanto para aliviar o problema do tratamento de residuos, coma para aumentar o potencial dos produtos forestais como substitutos doutros materiais procedentes de recursos non renovables.

3.0 Deberá fomentarse o uso de produtos forestais, madeireiros e non madeireiros, sobre unha base de compatibilidade coa xestión sostible dos bosques e soportado polas políticas de contratación pública verde, de modo que se promova e incremente o potencial de produtos forestais tradicionais e novos, a venda dos cales pode dar, tanto o seu propietario como a sociedade, medios inmediatos de financiamento da xestión forestal.

4.0 Deberán promoverse activamente a produción, comercialización e consumo de madeira e outros produtos e servizos procedentes de bosques manexados sobre os criterios de xestión forestal sostible, como recursos renovables chave e como medios de mellorar a viabilidade económica da xestión forestal, aproveitándose das novas oportunidades do mercado.

### Directrices relativas ao cambio climático

1.0 Teranse en conta os posibles impactos dun cambio climático nos ecosistemas forestais.

2.0 É importante que os bosques poidan proporcionar enerxía e materias renovables que poidan utilizarse como substitutivos de produtos e fontes de enerxía que emiten máis carbono. Máis carbono nas árbores en pé e nos produtos derivados da madeira e unha menor utilización de combustibles fósiles tradúcense en menos gases de efecto invernadoiro na atmosfera.

3.0 Deberase impedir a degradación dos bosques, ou a súa conversión para outros usos, xa que pode xerar un volume considerable de emisións de gas de efecto invernadoiro, debido aos incendios, a descomposición da biomasa ou a mineralización da materia orgánica do solo, o que converte aos bosques en fonte de CO<sub>2</sub>.

4.0 Deberase fomentar o papel dos bosques como sumidoiros, xa que absorben o CO<sub>2</sub> da atmosfera e o almacenan na súa biomasa e o seu solo.

5.0 Deberanse xestionar as masas forestais co fin de que poidan proporcionar enerxía e materia renovables que poidan utilizarse como substitutivos de produtos e fontes de enerxía que contribúen ao Cambio Climático.

### Directrices relativas á biomasa

1.0 Deberase fomentar o uso da biomasa forestal para a produción de enerxía, sobre todo en aspectos tradicionais de xeración de calor.

2.0 Deberase conservar e/ou aumentar as reservas de carbono forestais e, ao mesmo tempo, obter dos bosques unha produción constante de madeira, fibra ou enerxía, producindo así os maiores beneficios en canto a mitigación duradeira do cambio climático.

3.0 A Directiva sobre o fomento do uso de enerxía procedente de fontes Renovables (Directiva 2009/28/CE) establece un obxectivo obrigatorio para a UE, consistente en conseguir que a cota correspondente ás enerxías renovables sexa a 20% de aquí a 2020, e prevese que unha das principais contribucións para a xeración de enerxía térmica e/ou eléctrica para a consecución dese obxectivo corresponda á biomasa da agricultura, a silvicultura e os residuos para a calefacción e a xeración de electricidade, así como para combustibles de transporte.

### Directrices relativas ás actividades recreativas

1.0 Os bosques xestionados para fins recreativos aumentan o valor dos terreos próximos, fomentan o turismo, contribúen á saúde e ao benestar das persoas e forman parte do patrimonio cultural.

2.0 Debe garantirse que o uso recreativo das áreas forestais incluídas na Rede Natura sexa compatible cos valores a preservar, a conservación e mellora dos hábitats prioritarios e as actividades agrogandeiras e forestais xeradores de renda para os seus habitantes.

### Directrices relativas aos aproveitamentos forestais e traballos silvícolas

1.0 A xestión forestal debe tratar de manter e incrementar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, e tratar de rehabilitar por medios silvícolas os ecosistemas forestais degradados, cando isto sexa posible.

2.0 Na xestión dos bosques existentes e no desenvolvemento dos novos, as especies forestais escollidas deben

- estar ben adaptadas ás condicións locais e ser capaces de tolerar presións climáticas ou doutra clase, como insectos e enfermidades ou potenciais cambios climáticos durante a totalidade do seu período de crecemento. A selección xenética debe favorecer as características que aseguren a persistencia das masas e a súa adaptación aos cambios naturais e ao coidado para protexelos dos danos bióticos e abióticos.
- 3.0 As reforestacións deberán realizarse de forma que traten de restaurar a cuberta arbórea e con sensibilidade de non afectar negativamente a hábitats prioritarios, lugares ou paisaxes ecoloxicamente interesantes ou dignas de consideración no contexto da Rede Natura.
- 4.0 A xestión forestal deberá dar, en tanto sexa rendible, económica e ecoloxicamente, combinacións de bens e servizos para as poboacións locais. A silvicultura multifuncional deberá ser promovida co fin de lograr un equilibrio axeitado entre as distintas necesidades da sociedade.
- 5.0 Preferiranse, onde sexa apropiado, especies nativas e de procedencias locais. O uso de especies, procedencias, variedades ou ecotipos fóra da súa área natural deberían descartarse cando a súa introdución poña en perigo ecosistemas nativos importantes ou valiosos, flora e fauna. Poden empregarse especies introducidas cando xa existisen nas áreas obxecto de actuación, ou en caso contrario cando os seus potenciais impactos negativos fosen estudados e avaliados durante tempo bastante, e onde produzan maiores vantaxes que as especies indíxenas en termos de produción de madeira, contención da erosión, colonización de áreas degradadas por incendios ou outras funcións. Sempre que se usen especies introducidas para substituír ecosistemas locais, realizaranse as accións suficientes para conservar reservorios da flora e fauna nativas.
- 6.0 Deben promoverse as prácticas harmónicas coas actividades silvícolas. As prácticas opostas á xestión sostible deberían ser desincentivadas de forma activa.
- 7.0 A xestión forestal deberá desenvolverse mediante proxectos de ordenación de montes e plans técnicos de xestión. De acordo co artigo 32 desta lei, para a súa aprobación teranse en conta a diversidade e as necesidades de conservación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario, así como dos hábitats das especies de interese para a conservación.
- 8.0 As autorizacións de aproveitamentos forestais deberán establecer as medidas precisas que aseguren o respecto do arboredo, mantemento da diversidade de biótopos e demais directrices consideradas neste Plan Director.
- 9.0 Evitarase que as autorizacións de curtas leven consigo a desaparición integral de bosquetes ou a supresión de sebes arbóreas ou arbustivas nas áreas de uso agrícola ou gandeiro.
- 10.0 A construción de pistas forestais e outras infraestruturas forestais permanentes deberá evitar, no trazado, pendentes que poidan xerar impactos paisaxísticos e ambientais negativos e pouco reversibles. Estas infraestruturas deberán contar cos elementos construtivos necesarios para evitar a aparición de fenómenos pouco desexables, como regueiros, acumulacións de sólidos, descalces, etc.. O depósito dos materiais sobrantes na construción e reparación de pistas será controlado con rigorosidade.
- 11.0 Deberán reducirse os límites de peso por eixe en vehículos de transporte así como mellorar a accesibilidade aos bosques de modo que non se xeren danos, en particular nas zonas de montaña. Así mesmo, é preciso optimizar a planificación lóxística co fin de optimizar as cargas e as distancias de transporte.
- 12.0 A función dos bosques de preservar as paisaxes e a fertilidade do solo, a prevención da erosión e a desertización vai potenciada polo labor da reforestación e a plantación de novas masas forestais, aumentando a superficie forestal. Así como pola rexeneración natural, o aumento da porcentaxe de bosques mixtos e a utilización de maquinaria de talla respectuosa co solo. Por outro lado, medidas de intensificación tales como o acurtamento das rotacións e o uso de residuos da explotación forestal, tocón e raíces, poden danar e empobrecer os solos e provocar emisións de gases de efecto invernadoiro en lugares e situacións locais que reúnen unhas condicións determinadas.

### Directrices relativas á planificación

- 1.0 Segundo dispoña a lei sectorial, deberán ser elaborados e actualizados periódicamente plans de ordenación ou equivalentes, apropiados ao tamaño e ao uso da área forestal. Deberán basearse na lexislación forestal e ambiental, nas orientacións e directrices internacionais nos que o noso país está comprometido, así como nos plans de uso do solo en vigor, e cubrir axeitadamente os recursos forestais.
- 2.0 Na planificación deberase fomentar o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizarse aqueles compoñentes a persistencia dos cales se atope ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter forestal (carballeiras, soutos, corredores fluviais, turbeiras, brañas, matogueiras, etc.). O inventario de recursos forestais terá que incluír biótopos forestais ecoloxicamente importantes, como, por exemplo, áreas de ribeira e húmidais, áreas que conteñan especies endémicas e hábitats de especies ameazadas, definidas en listas de referencia recoñecidas, así como recursos in-situ en perigo ou protexidos. Os usos e aproveitamentos non poderán supoñer unha redución significativa do estado de conservación dos hábitats prioritarios ou que presenten unha reducida cobertura ou elevada fragilidade no espazo natural ou no conxunto da Rede Natura 2000 de Galicia.
- 3.0 No trámite de aprobación pola Administración Forestal dos correspondentes instrumentos de xestión deberase

- 4.0 contar co informe do Servizo de Conservación da Natureza. As actuacións incluídas nun Plan aprobado con informe favorable do Servizo de Conservación da Natureza non deberán requirir posterior autorización.
- 5.0 A ordenación dos espazos forestais deberá incluír garantías para impedir o cambio de uso do solo que implique a desaparición real ou potencial da coberta arbórea.
- 5.0 Deberá realizarse periodicamente un seguimento e avaliación ex-post da xestión dos recursos forestais, e os seus resultados deberán ser utilizados no propio proceso de planificación.

#### Directrices relativas á prevención e control fronte axentes externos

- 1.0 As prácticas de xestión forestal deberán tender ao mantemento e, se é posible, mellora da estabilidade, vitalidade, capacidade de rexeneración, resistencia e capacidade de adaptación dos ecosistemas forestais fronte ás presións, incluíndo protección contra incendios, pragas, enfermidades, animais salvaxes e outros axentes daniños como prácticas indesexables como o sobrepastoreo e o pastoreo incontrolado. Deberá apoiarse a prevención e o control de danos bióticos e abióticos a grande escala. Debe prestarse especial atención a manter e, se é necesario, mellorar, a calidade dos solos forestais.
- 2.0 As prácticas de xestión forestal deberán facer o mellor uso posible das estruturas e procesos naturais e empregar medidas biolóxicas preventivas sempre que sexa economicamente viable, co obxecto de manter e aumentar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais. Melloraránse e/ou manteránse especies xeneticamente axeitadas e a diversidade estrutural na idea de aumentar a estabilidade, vitalidade e capacidade de resistencia dos bosques aos factores ambientais adversos, e fortalecer os mecanismos naturais de regulación.

#### Outras directrices específicas

- 1.0 A conservación, aproveitamento e mellora dos bosques incluídos na Rede Natura de Galicia deberán ser efectuados en consonancia cos compromisos en virtude do Convenio sobre a Estratexia Paneuropea sobre Diversidade Biolóxica e Paisaxística (PEBLDS).
- 2.0 Os proxectos de forestación e reforestación para aumentar a produción de biomasa forestal deben estar en consonancia coas "Directrices Pan-Europeas para a Forestación e Reforestación", con especial atención ás disposicións da Convención Marco elaboradas no marco da Conferencia Ministerial e PEBLDS.
- 3.0 Os traballos de control de pragas deberán ter en conta as seguintes consideracións:
- En xeral non se empregarán fitocidas e insecticidas (salvo casos de xustificada necesidade).
  - Permitirase o control biolóxico ou natural determinado pola Comunidade Internacional e coñecido como Entomology Management.
  - Con carácter preferente, en labores de prevención e loita potenciarase o emprego de plantas cebos, loita biolóxica con uso de trampas de feromonas e, principalmente, a estabilización de poboacións de insectívoros mediante o uso de caixas niño, así como a protección dos durmideiros de quirópteros.
  - Na extinción de incendios empregaranse, preferentemente, as accións que xeren menor impacto no medio e a restauración das áreas afectadas terá carácter prioritario.

### **3. Accións e medidas para a Rede Natura 2000 de Galicia**

- 1.0 A administración e uso dos bosques e terras forestais debe facerse de forma e intensidade tales que manteñan a súa biodiversidade, produtividade, capacidade de rexeneración, vitalidade e o seu potencial para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes a escala local, rexional e global, e que non causen dano a outros ecosistemas.
- 2.0 A xestión forestal deberá ser sostible e tratar de manter ou incrementar o nivel e a calidade dos valores económicos, ecolóxicos, culturais e sociais dos recursos forestais, incluíndo o solo e a auga. Isto deberá de alcanzarse facendo pleno uso dos servizos relacionados, como a planificación do uso do solo e o principio de precaución.

#### Accións e medidas relativas á agricultura e gandería

- 1.0 Fomentaranse a conversión de terras agrícolas abandonadas e de terreos desarborizados en bosques, coidando sensiblemente a súa idoneidade ás estacións físicas e biocénóticas, sempre engadindo valores económicos, ecolóxicos, sociais e/ou culturais.
- 2.0 Respetarase o obxectivo da xestión sostible, debendo de tomar as medidas axeitadas para equilibrar a presión das poboacións animais e o pastoreo coa capacidade de carga do territorio e dos seus ecosistemas.
- 3.0 Fomentaranse todos os cultivos e prácticas agrarias tradicionais que deron orixe aos hábitats, paisaxes e biodiversidade inscritas na Rede Natura de Galicia, facilitando o seu mantemento e modernización a través de equipamentos, métodos e maquinaria que fagan economicamente viables as explotacións agropecuarias.

- 4.0 Priorizaranse as axudas e estímulos da política agraria e ambiental que favorezan o mantemento e eventual incremento das poboacións de residentes rurais.

#### Accións e medidas relativas aos aproveitamentos forestais e traballos silvícolas

- 1.0 As prácticas de xestión dos bosques deberán salvagardar a cantidade e calidade dos recursos forestais a medio e longo prazo, equilibrando curtas e taxas de crecemento, e preferindo técnicas que minimicen os danos directos ou indirectos sobre os compoñentes do bosque, o solo e os recursos hídricos.
- 2.0 A xestión forestal manterá e incrementará a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, e tratará de rehabilitar os ecosistemas forestais degradados por medios silviculturais.
- 3.0 Deberán aplicarse as prácticas de xestión forestal apropiadas en primeiras e segundas reforestacións con especies arbóreas e taxóns adaptados axeitadamente ás condicións da estación, en función do estado do solo e seguindo as sucesións ecolóxicas naturais de vexetación.
- 4.0 En ditas primeiras ou segundas reforestacións priorizaranse as especies nativas ou de orixes ben adaptadas, onde sexa apropiado. As especies introducidas, orixinais e modificadas, utilizaranse soamente despois de avaliar os seus impactos potenciais sobre o ecosistema e sobre a integridade xenética das especies nativas e biótopos locais, e así os impactos negativos poden ser evitados ou minimizados.
- 5.0 O establecemento de taxóns que estean naturalmente asociados con aqueles que aparecen con maior frecuencia no monte, deberán ser potenciados, e deberá favorecerse a variedade de estruturas dentro da masa, onde o permita a dinámica natural das devanditas asociacións.
- 6.0 A conservación dos recursos xenéticos dos taxóns forestais, tanto daqueles utilizados por motivos económicos, ou por calquera outro, así como aqueles considerados raros ou secundarios.
- 7.0 Tomaranse as medidas silvícolas apropiadas para manter o conxunto de recursos non madeirables, como froitos, cogomelos e outros, que crecen nos bosques e poden achegar alternativas para alcanzar un nivel económico, ecolóxico ou socialmente desexable.
- 8.0 Empregaranse as técnicas de curta, saca e transporte que minimicen os danos ao arboredo e ao solo.
- 9.0 Evitaranse estritamente prácticas pouco compatibles co mantemento dos elementos físicos ou bióticos do medio tales como, por exemplo, a vertedura de aceite nas operacións de campo, as deposicións de residuos materiais activos e inertes indiscriminados en terreos forestais.
- 10.0 Deberán promoverse todas as operacións selvícolas necesarias e preceptivas para realizar unha xestión forestal e profesionalizar accións tales como apoio á rexeneración, curtas, podas, rareos, sacas, etc. As devanditas operacións levarán a cabo no momento e de maneira que non reduzan a produtividade da estación, por exemplo, evitando danos ao latizal e fustal presente, así como ao solo forestal mediante as propiedades hidrolóxicas, e a biodiversidade mediante o emprego de sistemas axeitados.
- 11.0 Preferirase a rexeneración natural, supoñendo que as condicións son adecuadas para asegurar a cantidade e calidade da reconstitución forestal e que o rexenerado existente é suficiente para garantir a calidade do lugar no sentido máis amplo.
- 12.0 Os pés mortos, en pé ou caídos, as árbores secas, os revellos e os exemplares raros e especiais deben manterse nas cantidades e distribución necesaria para salvagardar a biodiversidade, tendo en conta o efecto potencial nos ecosistemas que o rodean.
- 13.0 Planificaranse, construíranse e manteranse as obras de infraestrutura de apoio necesarias, como camiños, vías de saca, diques, devasas, pontes ou outras, co obxecto de asegurar o transporte de bens e produtos. As devanditas obras haberá que facelas coa máxima sensibilidade posible cara aos hábitats, paisaxes e ecosistemas presentes na Rede Natura de Galicia, xerando os mínimos impactos negativos sobre o medio.
- 14.0 As infraestruturas non forestais que haxan de efectuarse en terreos de monte planificaranse e construíranse de maneira que se minimize o dano aos ecosistemas, especialmente os hábitats escasos, sensibles ou representativos e as reservas xenéticas, e tendo en conta as especies protexidas ou importantes por outra causa, en particular, os patróns migratorios.
- 15.0 As prácticas de xestión deberían, onde sexa apropiado, promover a diversidade de estruturas, horizontais e verticais, tales como os rodais multi-idade, a diversidade de especies ou os bosquetes mixtos. Así mesmo, as prácticas tratarán de manter ou restaurar a diversidade paisaxística.

#### Accións e medidas relativas á planificación

- 1.0 Deberase establecer e manter a inventariación e a cartografía dos recursos forestais na Rede Natura de Galicia, acurtando a súa periodicidade, empregando as novas tecnoloxías de SIX e harmonizándoa coas metodoloxías máis avanzada de países da Unión Europea.
- 2.0 Desenvolveranse proxectos piloto de establecemento dos Indicadores de Xestión Forestal Sostible nas áreas boscosas da Rede Natura.
- 3.0 A planificación forestal manterá a capacidade de produción dunha serie de produtos e servizos forestais, madeira e outros, sobre a base de persistencia das masas, a sostibilidade dos aproveitamentos e a garantía da

conservación dos hábitats.

- 4.0 Particularmente a planificación deberá incluír a ordenación do aproveitamento dos bosques non madeirables cuxo valor económico, social ou recreativo sexa elevado, como, por exemplo, os cogomelos ou os arandos. Por outra banda, deberán ser tidos en consideración aqueles produtos que sirvan de alimentación ás especies faunísticas en épocas críticas da súa bioloxía.
- 5.0 A planificación do uso recreativo das masas forestais deberá ser establecida en función da fragilidade dos enclaves, xeral ou estacional, e da súa capacidade de acollida. Aquellos usos recreativos ou deportivos que se consideren incompatibles co mantemento das condicións aceptables dos espazos boscosos, deberán ser limitados expresamente ou prohibidos.
- 6.0 Os plans de ordenación ou os seus equivalentes deberán de ter en conta os diferentes usos e funcións da área forestal xestionada. A planificación debe de usar aqueles instrumentos políticos creados para soste-lo a produción de bens e servizos forestais, comerciais e non comerciais.
- 7.0 Dados os longos prazos que concirnen á planificación forestal, esta deberá priorizarse cando outros plans e programas sectoriais afecten ás masas boscosas e ás condicións e parámetros implicados nela.
- 8.0 Terán preferencia as medidas forestais necesarias para a execución das planificacións en bosques da Rede Natura de Galicia dentro das medidas dispoñibles na Política Comunitaria de Desenvolvemento Rural.

#### Accións e medidas relativas á prevención e control fronte axentes externos

- 1.0 A saúde e a vitalidade dos ecosistemas forestais deben de ser revisadas periodicamente, especialmente os factores clave bióticos e abióticos que afectan á saúde e vitalidade dos bosques, tales como pragas, enfermidades, sobrepastoreo ou sobrecarga gandeira, lume e danos causados por factores climáticos, contaminantes do aire, ou operacións de xestión forestal.
- 2.0 Minimizarase o uso de pesticidas, tendo en conta as alternativas silvícolas apropiadas e outras medidas biolóxicas.
- 3.0 No caso de utilización de fertilizantes, deberán de aplicarse de forma controlada, tendentes a unha xestión consciente en carbono e coa debida consideración para o medio.

#### Accións e medidas relativas a produtos derivados da madeira

- 1.0 Fomentarase e facilitarase os aproveitamentos tradicionais dos residentes no medio rural para uso familiar, tales como leña.
- 2.0 As cantidades extraídas de madeira e outros produtos forestais non excederán dunha taxa que poida ser mantida a longo prazo, e deberá facerse un uso óptimo dos produtos forestais extraídos, tendo en consideración a extracción de nutrientes.
- 3.0 Fomentarase o uso de madeira en construción e para outros destinos nas zonas Rede Natura de Galicia, como material ambientalmente amigable e depositario de carbono a longo prazo.
- 4.0 Promoveranse os produtos non madeirables dos bosques con orixe na Rede, como por exemplo, cogomelos, froitos, mel, etc.

## 3.4 Conservación da biodiversidade

---

O presente apartado contempla unha revisión das fontes de información internacional, europea e nacional, recompilando das mesmas a información referente aos plans, programas e acordos ou convenios que posúen unha incidencia sobre o desenvolvemento da conservación e xestión dos valores naturais, exceptuando as disposicións legais sobre conservación dos recursos e medio ambiente, que xa están implementadas no resto do presente Plan. Deste xeito, inclúese de seguido unha relación dos documentos manexados, así como unha descrición máis ou menos extensa dos seus obxectivos, directrices, e contidos máis relevantes.

### ✱ Plan de acción da biodiversidade – meta 2010

No ano 2006, a Comisión poñía en marcha un plan de acción que incluía os obxectivos destinados a deter o declive da biodiversidade e as medidas que permitían alcanzalos ata o ano 2010. Este plan de acción, publicado na Comunicación COM(2006)216 da Comisión, do 22 de maio de 2006, titulada «Deter a perda de biodiversidade para 2010, e máis adiante - Avalar os servizos dos ecosistemas para o benestar humano» baséase nunha avaliación da perda de biodiversidade en Europa e no mundo así como nas medidas xa adoptadas pola Unión Europea ata agora para facer fronte a este problema.

A Comisión elaborou un plan de acción destinado a preservar e deter a perda de biodiversidade\* dentro das fronteiras da Unión Europea (UE) e a escala internacional. Os termos e definicións máis salientables empregados neste plan son os seguintes:

- Biodiversidade: conxunto de especies, ecosistemas e o seu patrimonio xenético. A biodiversidade defínese pola variedade e pola variabilidade dos seus elementos.
- Ecosistema: sistema autónomo composto dun ou máis hábitats e das especies que viven dentro. Está regulado polas interrelacións entre os distintos elementos que o compoñen.
- Servizos dos ecosistemas: conxunto de servizos prestados polos ecosistemas, como por exemplo a produción de alimentos, combustible, fibras e medicamentos, a regulación do ciclo da auga, a composición do aire e do clima, o mantemento da fertilidade do chan e o ciclo dos nutrientes.

É urxente deter os ataques aos ecosistemas co fin de protexer o futuro da natureza, polo seu valor intrínseco (valor recreativo e cultural) e polos servizos que nos presta (servizos dos ecosistemas). Estes servizos son esenciais para a competitividade, o crecemento e o emprego, así como para a mellora das condicións de vida en todo o mundo.

Este plan de acción fixa dez obxectivos prioritarios de actuación distribuídos en catro ámbitos políticos: **biodiversidade na UE, biodiversidade mundial, biodiversidade e cambio climático, e base de coñecementos**. Tamén describe catro grandes medidas de apoio (financiamento, proceso decisorio, creación de asociacións e educación, e concienciación e participación do público), así como as actuacións de seguimento, avaliación e revisión. O plan de acción vai dirixido tanto á UE coma aos Estados membros, e no seu período de vixencia deben adoptarse as medidas necesarias, que seguirán de aplicación con posterioridade á devandita data.

O plan de acción prevé protexer **os hábitats e as especies máis importantes** da Unión Europea. A consecución deste obxectivo pasa por unha aplicación reforzada da rede Natura 2000 (designación e xestión dos lugares protexidos, coherencia e conectividade da rede), pola recuperación das especies máis ameazadas e pola adopción de medidas de protección nas rexións ultraperiféricas.

Pero a protección sostible da biodiversidade vai máis alá de Natura 2000 e das especies ameazadas. Por esta razón, o plan de acción prevé preservar e restaurar a biodiversidade e os servizos dos ecosistemas nas zonas **rurais da UE non protexidas** de xeito específico. Trátase, en particular, de optimizar as disposicións da política agrícola común (PAC), para a conservación das terras agrícolas e bosques cun alto valor natural. No mesmo sentido, o plan de acción prevé preservar e restaurar a biodiversidade e os servizos dos ecosistemas no medio **mariño da UE non protexido**. Así, hai que restablecer as poboacións de peixes, e reducir o impacto nas especies non obxectivo e nos hábitats mariños, en particular no marco da política pesqueira común.

Reforzar a compatibilidade **do desenvolvemento rexional e territorial** coa biodiversidade na UE é outro obxectivo prioritario do plan de acción, en particular grazas a unha mellor planificación a nivel nacional, rexional e local, que teña en conta aínda máis a biodiversidade (avaliacións ambientais, proxectos financiados por fondos comunitarios, asociacións entre os responsables da planificación e do desenvolvemento).

O plan de acción tamén ten como obxectivo reducir de modo substancial o impacto na biodiversidade da Unión Europea **das especies exóticas invasivas** e dos xenotipos exóticos. Para iso debe desenvolverse unha estratexia global sobre este tema combinada con accións específicas, entre as que podería atoparse a creación dun sistema de alerta rápido.

Co fin de reforzar de modo substancial a eficacia **da gobernanza internacional** en favor da biodiversidade e os servizos dos ecosistemas, o plan de acción suxire centrarse nunha aplicación máis eficaz do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica e dos acordos conexos. O plan de acción prevé, ademais, reforzar de modo importante o apoio á biodiversidade e os servizos dos ecosistemas na **axuda exterior** da UE, a nivel financeiro e nos programas sectoriais e xeográficos.

Por outra banda, urxe reducir de modo substancial o impacto **do comercio internacional** na biodiversidade e os servizos dos ecosistemas a escala mundial, especialmente co fin de limitar a deforestación tropical. Debe garantirse, neste sentido, unha maior coherencia entre estes tres ámbitos: gobernanza, comercio e cooperación ao desenvolvemento. Ademais, é imprescindible adoptar medidas nos países e territorios de ultramar dos Estados membros para garantir a credibilidade da actuación europea.

O plan de acción destaca a contribución potencial da biodiversidade para limitar os gases de efecto invernadoiro na atmosfera, grazas ao mecanismo de captura do carbono. Destácase tamén a repercusión do cambio climático na biodiversidade; por esta razón, o plan de acción fai fincapé na limitación das emisións de gas de efecto invernadoiro co fin de reducir as presións futuras sobre a biodiversidade. Prevé, ademais, **apoiar a adaptación da biodiversidade ao cambio climático**, garantindo a coherencia da rede Natura 2000 e minimizando os posibles danos á biodiversidade vinculados ás medidas de atenuación do cambio climático.

No seu plan de acción, a Comisión considera indispensable **reforzar de modo substancial a base de coñecementos** para a conservación e o uso sostible da biodiversidade na Unión Europea e no mundo. Iso pasa, en particular, por reforzar o Espazo Europeo de Investigación, as infraestruturas de investigación, a comunicación e a interoperabilidade dos datos, así como pola recompilación de ditames científicos independentes (para a obtención da cal a Comisión prevé establecer un mecanismo específico) e o asesoramento científico dos responsables políticos.

Co fin de garantir a consecución dos obxectivos previstos no plan de acción, a Comisión identificou catro grandes medidas de apoio que deben poñerse en marcha:

- garantir un financiamento axeitado, mediante os instrumentos comunitarios dispoñibles e sen superar os límites das perspectivas financeiras 2007-2013;
- reforzar o proceso decisorio comunitario, en particular, no que se refire á coordinación e a complementariedade entre os niveis europeos, nacionais e rexionais, e á toma en consideración da biodiversidade e o custo ambiental;
- crear asociacións entre os poderes públicos, os sectores financeiros, educativos e privados (incluídos os propietarios e os profesionais da conservación);
- mellorar a educación, a concienciación e a participación do público.

Máis alá dos obxectivos para 2010 fixados polo plan de acción, a Comisión propón un debate sobre unha visión a máis longo prazo da biodiversidade como marco político. Segundo este enfoque, a interdependencia coa natureza debería recoñecerse na elaboración e a aplicación das políticas comunitarias, así como a necesidade dun novo equilibrio entre o desenvolvemento económico e social e a conservación da natureza.

A biodiversidade debe protexerse por dous tipos de razóns:

- o seu valor intrínseco: a natureza é fonte de pracer e inspiración, e constitúe a base de numerosas actividades recreativas, turísticas e culturais;
- os servizos dos ecosistemas que presta: a natureza proporciónanos os elementos necesarios para a nosa vida e o noso benestar (alimentos, medicamentos, auga, aire, etc.). Existen límites á capacidade do enxeño humano e da tecnoloxía para substituír estes servizos naturais.

A Comisión destaca as alarmantes porcentaxes de degradación dos hábitats e de extinción das especies. En concreto, identifica as seguintes ameazas que pesan sobre a biodiversidade:

- a modificación da utilización dos solos, que implica a fragmentación, a degradación e a destrución dos hábitats. Este cambio de asignación débese principalmente ao crecemento demográfico e ao aumento do consumo per cápita (dous factores que se van seguir intensificando no futuro e crear aínda máis presión);
- o cambio climático, que destrúe algúns hábitats e certos organismos vivos, perturba os ciclos de reprodución, empurra aos organismos móbiles a desprazarse, etc.;
- outras presións importantes son a sobreexplotación dos recursos biolóxicos, a difusión de especies exóticas invasivas, a contaminación dos medios naturais e dos hábitats, a globalización, que aumenta a presión debida ao comercio, e a mala gobernanza (incapacidade á hora de recoñecer o valor económico do capital natural e dos servizos dos ecosistemas).

A conservación da biodiversidade é un dos obxectivos fundamentais da estratexia para un desenvolvemento sostible e do sexto programa de acción en materia de medio ambiente. Os obxectivos e medidas de apoio definidos no plan de acción baséanse nunha ampla consulta realizada entre expertos e a poboación xeral. Ademais, a UE xa adoptou medidas relativas á biodiversidade:

- **política comunitaria en materia de medio ambiente:** a estratexia e os plans de acción comunitarios en favor da diversidade biolóxica (que figuran a continuación na rúbrica «Actos conexos») forman o marco xeral da acción en favor da biodiversidade. Por outra parte, as Directivas sobre «aves silvestres» y «hábitats» crean a rede «Natura 2000» encamiñada a protexer os hábitats e as especies. Outras disposicións particulares consideran a protección de especies de fauna e flora silvestres;

- **outras políticas internas da UE:** a biodiversidade é un factor que se ten en conta nas políticas agrícolas, rexionais e da pesca;
- **política exterior da UE:** a Comunidade e os Estados membros son Partes en varios convenios internacionais que afectan á biodiversidade, convenios a aplicación dos cales, por certo, debe reforzarse. A Comisión destaca tamén a necesidade de aumentar a porcentaxe de financiamento dos proxectos de desenvolvemento relativos á biodiversidade, así como manter ben presente a preocupación pola biodiversidade na asistencia facilitada aos terceiros países.

### **✳ Plan Estratéxico da Biodiversidade 2011 - 2020**

---

O 15 de marzo de 2010 o Consello de Ministros de Medio Ambiente da UE decidía en Bruselas tres conclusións post-2010 en materia de biodiversidade. Fixaban, en primeiro lugar, unha visión a longo prazo para 2050 para que a biodiversidade e os servizos dos ecosistemas sexan protexidos, valorados e restaurados. Antes desa data, en 2020, o obxectivo da UE será deter a perda de biodiversidade e a degradación dos servizos dos ecosistemas e restauralos (o obxectivo que xa posuía o Plan de Acción para 2010).

Ademais, estes obxectivos deben estar reflectidos nas políticas e estratexias transversais europeas, dada a contribución da biodiversidade e o seu uso e xestión sostibles ao benestar humano e á prosperidade económica. Non obstante, a UE indicaba que só se conseguirá elaborar a visión e alcanzar a meta principal se os medios se adecúan aos obxectivos. Por iso, plantexouse que é necesario establecer obxectivos secundarios ambiciosos, realistas, realizables, e medibles, e a necesidade de reforzar os instrumentos e indicadores de avaliación.

A primeira das conclusións adoptadas en Bruxelas establecía que a protección da biodiversidade e o mantemento dos servizos ecosistémicos van máis alá das zonas protexidas e as redes ecolóxicas. Tamén se insiste na necesidade de aplicar plenamente as Directivas sobre aves e hábitats, e acelerar a conclusión da rede Natura 2000, tanto en medio terrestre como mariño.

A segunda sección de conclusións aborda unha visión global en materia de biodiversidade para despois de 2010: a UE, ao igual que outros actores, debe ocuparse da súa pegada ecolóxica no mundo. Europa deberá promover tamén todas as medidas necesarias para protexer a biodiversidade nos terceiros países e nas zonas mariñas situadas máis alá das xurisdicións nacionais.

A terceira parte das conclusións céntrase nas negociacións internacionais sobre o acceso aos recursos xenéticos e a repartición dos beneficios xerados, e expresa o compromiso da UE para concluír con éxito as negociacións para establecer este réxime internacional.

En consecuencia, fixébase como meta inmediata que a Comisión Europea, en cooperación cos Estados membros, debería presentar unha estratexia da UE para biodiversidade despois de 2010, tras a X Conferencia das Partes no Convenio sobre Diversidade Biolóxica que se celebraba a finais do ano 2010 en Nagoya (Xapón). Era nesta conferencia, que supoñía a 10ª reunión ordinaria das partes (COP10), celebrada entre os días 18 e 29 de outubro, na que se elaboraba a Decisión X/2, relativa ao Plan Estratéxico para a Biodiversidade 2011-2020. Este Plan promove unha aproximación estratéxica na que se inclúan as metas e obxectivos incluídos nos "Obxectivos da Biodiversidade de Aichi", e proporciona un marco de traballo flexible para o establecemento de obxectivos nacionais e rexionais así como a implementación con outros documentos, como por exemplo a Estratexia Global para a Conservación Vexetal (Decisión X/17) ou o Protocolo para o Acceso a Recursos Xenéticos (Decisión X/1).

Tomando como base os 3 obxectivos do Convenio da Diversidade Biolóxica (conservación da diversidade biolóxica, usos sostible dos seus compoñentes e reparto xusto e equitativo dos beneficios da explotación dos recursos xenéticos), o obxectivo da biodiversidade para o 2010 axudou a poñer en marcha numerosas accións a diferentes niveis, pero debido a diversos condicionantes, non puido ser acadado, xa que a diversidade xenética, específica e ecosistémica segue a descender mentres que a presión humana sobre a mesma mantense constante ou mesmo se incrementa.

Con todo, o análisis do escenario actual revela que existe un amplo rango de opcións posibles que poden ser postas en marcha para atallar este problema. Protexer e valorar a biodiversidade beneficiaría a millóns de persoas dende diferentes puntos de vista, incluíndo melloras na saúde, maior seguridade alimentaria e diminución da pobreza. Do mesmo xeito, axudaría á mitigación fronte ao cambio climático xa que se permitiría aos ecosistemas naturais seguir absorbindo e retendo máis carbono. Esta visión positiva reflíctese nos 5 obxectivos estratéxicos do Plan, que inclúen:

- a) Iniciar accións para paliar as causas subxacentes da perda de biodiversidade.
- b) Posta en marcha de accións que reduzan as presións directas sobre a biodiversidade.
- c) Continuación da acción directa de conservación e, cando sexa necesario, restauración da biodiversidade e dos servizos dos ecosistemas.
- d) Esforzos para asegurar a provisión continuada de servizos dos ecosistemas, así como para asegurar acceso aos mesmos, especialmente para as poboacións en estado de pobreza que dependen directamente deles.
- e) Mellorar os mecanismos de apoio para a xeración, uso e compartición do coñecemento, así como o acceso aos recursos necesarios, tanto financeiros como doutro tipo.

A visión deste Plan é a dun mundo no que se leve a cabo o lema "Vivir en harmonía coa natureza", e no que no ano 2050 a biodiversidade sexa valorada, conservada, restaurada e amplamente usada, mantendo os servizos dos ecosistemas, mantendo a saúde global e proporcionando beneficios esenciais a toda a poboación mundial.

En consecuencia, este Plan plantéxase como misión a toma de accións efectivas e urxentes para frenar a perda da biodiversidade de xeito que se asegure que no ano 2020 os ecosistemas sexan resilientes e que continúen a proporcionar servizos esenciais, asegurando polo tanto a variedade de vida do planeta, e contribuíndo ao benestar humano e á erradicación da pobreza. Para asegurar isto, as presións sobre a biodiversidade deben ser reducidas, así como os ecosistemas deben ser restaurados, os recursos biolóxicos deben ser usados de xeito sostible, e os beneficios obtidos do emprego dos recursos xenéticos deben ser compartidos de xeito equitativo e xusto. Asimesmo, deben ser proporcionados recursos financeiros adecuados, mellorar as capacidades, os valores e cuestións da biodiversidade deberán ser priorizados, sexan implementadas de xeito efectivo políticas apropiadas e a toma de decisións se basee sobre o coñecemento científico e os principios de cautela.

O Plan Estratéxico para a Biodiversidade 2011-2020 inclúe un total de 20 obxectivos principais para ser acadados no período comprendido entre 2015 e 2020 (os Obxectivos da Biodiversidade de Aichi), organizados baixo os 5 obxectivos estratéxicos enumerados con anterioridade. Tanto os primeiros como os segundos comprenden aspiracións para a súa consecución a nivel global, así como un marco de traballo flexible para o establecemento de obxectivos nacionais ou rexionais. Para isto invítase ás partes a establecer os seus propios obxectivos neste marco flexible, tendo en conta necesidades e prioridades nacionais, de xeito que as contribucións nacionais axuden a acadar os obxectivos globais. Con todo, non todos os países necesitan desenvolver un obxectivo nacional para cada un dos obxectivos globais, xa que para algunhas nacións o limiar global permite acadar xa algúns dos seus propios obxectivos, incluso algúns obxectivos poden non ser relevantes no contexto nacional.

**Obxectivo Estratéxico A. Iniciar accións para paliar as causas subxacentes da perda de biodiversidade.**

**Obxectivo 1:** como máis tarde no 2020, que a poboación sexa consciente dos valores da biodiversidade, así como das pasos que poden tomar para axudar a conservala e usala de xeito sostible.

**Obxectivo 2:** como máis tarde no 2020, que os valores da biodiversidade sexan integrados no desenvolvemento nacional e local, e que os procesos de planeamento e estratexias de redución da pobreza sexan incorporados á contabilidade nacional, cando sexa apropiado, así como nos sistemas de información.

**Obxectivo 3:** como máis tarde no 2020, que os incentivos, incluíndo subsidios, que sexan lesivos para a biodiversidade sexan eliminados ou reformados, de xeito que se minimicen ou eviten impactos negativos, así como sexan desenvolvidos e aplicados incentivos positivos para a conservación e o uso sostible da biodiversidade, de xeito consistente e harmónico coas obrigacións da Convención e con outras internacionalmente relevantes, tendo en conta as condicións socioeconómicas nacionais.

**Obxectivo 4:** como máis tarde no 2020, que os Gobernos, mercados e partes interesadas a todos os niveis que den pasos ou implementen plans para a produción e consumo sostibles, así como manteñan os impactos sobre os recursos naturais dentro de límites ecolóxicos de seguridade.

**Obxectivo Estratéxico B. Posta en marcha de accións que reduzan as presións directas sobre a biodiversidade.**

**Obxectivo 5:** que no 2020, o índice de perda de todos os tipos de hábitats naturais, incluíndo os forestais, sexa polo menos diminuído ou cando sexa posible reducido a cero, así como sexa reducida significativamente a súa degradación e fragmentación.

**Obxectivo 6:** que no 2020 todos os stocks de peixes e invertebrados, así como as plantas acuáticas, sexan manexados e cultivados de xeito sostible, legalmente e aplicando enfoques baseados nos ecosistemas, de xeito que se evite a sobrepesca, que se poñan en marcha plans de recuperación e as medidas necesarias para todas as especies con poboacións esgotadas, que as pesquerías non provoquen impactos negativos sobre as especies ameazadas e os ecosistemas vulnerables e que os impactos das mesmas sobre os stocks, especies e ecosistemas se atopen dentro de límites ecolóxicos de seguridade.

**Obxectivo 7:** que no 2020 sexan manexadas de xeito sostible as áreas sometidas á agricultura, á silvicultura e á acuicultura, asegurando a conservación da biodiversidade.

**Obxectivo 8:** que no 2020 a polución, incluíndo o exceso de nutrientes, sexan levados a niveles que non afecten negativamente á biodiversidade e á función dos ecosistemas.

**Obxectivo 9:** que no 2020 as especies invasoras e as súas vías de dispersión sexan identificadas e priorizadas, controlando e erradicando ás especies exóticas para as que debe ser priorizada a súa eliminación, e que se poñan en marcha medidas sobre as súas vías de dispersión para previr a súa introdución e establecemento.

**Obxectivo 10:** que no 2015 sexan minimizadas as múltiples presións antrópicas sobre os arrecifes de corais, así como sobre outros ecosistemas vulnerables afectados polo cambio climático ou pola acidificación oceánica, de xeito que se manteña a súa integridade e funcionalidade.

**Obxectivo Estratéxico C. Continuación da acción directa de conservación e, cando sexa necesario, restauración da biodiversidade e dos servizos dos ecosistemas.**

**Obxectivo 11:** que no 2020 cando menos o 17% das áreas terrestres e continentais, e o 10% das áreas mariñas e costeiras, especialmente as áreas de particular importancia para a biodiversidade e para os servizos dos ecosistemas, sexan conservados a través de complexos de áreas protexidas ben conectados, ecolóxicamente representativos e baixo un manexo efectivo e equitativo, ou baixo outras medidas de conservación efectivas baseadas en áreas protexidas, e integrados nos grandes complexos de paisaxes terrestres e mariñas.

**Obxectivo 12:** que no 2020 sexa impedida a extinción das especies ameazadas, así como se mellore ou manteña o seu estado de conservación, particularmente daquelas que se atopan nun maior grao de declive.

**Obxectivo 13:** que no 2020 se manteña a diversidade de plantas cultivadas, dos animais criados ou domesticados e dos semisalvaxes, incluíndo outras especies socioeconómicamente valoradas culturalmente, desenvolvendo e implementando estratexias que minimicen a erosión xenética e conserven a súa diversidade xenética.

**Obxectivo Estratéxico D. Esforzos para asegurar a provisión continuada de servizos dos ecosistemas, así como para asegurar acceso aos mesmos, especialmente para as poboacións en estado de pobreza que dependen directamente deles.**

**Obxectivo 14:** que no 2020 sexan restaurados e ben conservados os ecosistemas que proporcionan servizos esenciais, incluíndo servizos relativos á auga, e que contribúan á saúde, ao sustento e ao benestar da poboacións, tendo en conta as necesidades das mulleres, dos indíxenas e das comunidades locais, así como das poboacións máis pobres e vulnerables.

**Obxectivo 15:** que no 2020 sexa mellorada a resiliencia dos ecosistemas e a contribución da biodiversidade aos stocks de carbono, a través da súa conservación e restauración, incluíndo cando menos a restauración do 15% dos ecosistemas degradados, contribuíndo así á mitigación e adaptación fronte ao cambio climático, así como a combatir a desertificación.

**Obxectivo 16:** que no 2015 se atope operativo e en funcionamento de acordo á lexislación nacional o Protocolo de Nagoya sobre acceso aos recursos xenéticos e compartimento xusto e equitativo dos beneficios obtidos da súa utilización (Decisión X/1).

**Obxectivo Estratéxico E. Mellorar os mecanismos de apoio para a xeración, uso e compartición do coñecemento, así como o acceso aos recursos necesarios, tanto financeiros como doutro tipo.**

**Obxectivo 17:** que no 2015 un plan estratéxico de acción nacional para a biodiversidade sexa desenvolvido e implementado por cada unha das partes, adoptado como un instrumento político, e que sexa actualizado e efectivo, incluíndo o correspondente proceso de participación pública e institucional.

**Obxectivo 18:** que no 2020 sexan respectados os coñecementos tradicionais, as innovacións e prácticas das comunidades locais e indíxenas relevantes para a conservación e o uso sostible da biodiversidade, así como os usos tradicionais dos recursos biolóxicos, de acordo á lexislación nacional e ás obrigas internacionais relevantes, así como que sexan plenamente integrados e reflectidos na implementación da Convención coa participación plena e efectiva das comunidades locais e indíxenas a todos os niveis relevantes.

**Obxectivo 19:** que no 2020 sexan mellorados, amplamente compartidos e transferidos, así como aplicados, o coñecemento, as bases científicas e as tecnoloxías relativas á biodiversidade, os seus valores, funcionamento, estado e tendencias, así como as consecuencias da súa perda ou diminución significativa.

**Obxectivo 20:** como máis tarde no 2020, que debería incrementarse substancialmente dende os niveis actuais a mobilización dos recursos financeiros para implementar efectivamente o Plan Estratéxico para a Biodiversidade 2011-2020 dende todas as súas fontes, en concordancia co proceso consolidado e acordado na Estratexia para a Mobilización dos Recursos. Este obxectivo debería estar suxeito continxente de cambios nas valoracións das necesidades dos recursos que serán desenvolvidas e informadas polas Partes.

Este Plan Estratéxico será implementado de xeito primario a través de actividades a nivel nacional ou subnacional, contando con accións de apoio a nivel rexional e global. Os medios de implementación deste Plan incluírán a provisión de recursos financeiros de acordo ás obrigas respectivas segundo a Convención, tendo en conta o disposto no artigo 20 da mesma. Os programas temáticos de traballo da Convención inclúen: biodiversidade de augas continentais, biodiversidade mariña e costeira, biodiversidade agrícola, biodiversidade forestal, biodiversidade de terras áridas e subhúmidas, biodiversidade de montaña e biodiversidade de illas.

Requírense asociacións a todos os niveis para a implementación efectiva deste Plan. En concreto, as asociacións cos programas, fondos e axencias especializadas do sistema das Nacións Unidas, así como outras convencións e axencias bilaterais, multilaterais, fundacións, comunidades locais, indíxenas ou de mulleres, así como organizacións non gubernamentais, serán esenciais para promover a implementación deste Plan a nivel nacional. A nivel internacional, este require asociacións entre a CDB e outras convencións, organizacións e procesos internacionais, a sociedade civil e o sector privado. En particular, serán necesarios esforzos para:

- a) Asegurar que a CDB, a través deste novo Plan Estratéxico, contribúe ao desenvolvemento sostible e á eliminación da pobreza, así como a acadar outros Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.
- b) Asegurar a cooperación para acadar a implementación do Plan en diferentes sectores.
- c) Promover prácticas amigables coa biodiversidade por parte do comercio.
- d) Promover a sinerxia e a coherencia na implementación dos acordos medioambientais multilaterais.

Como mecanismos de apoio para a investigación, o seguimento e a valoración do proceso, os seguintes elementos son clave para asegurar a implementación efectiva do Plan Estratéxico:

- a) Seguimento global da biodiversidade: é necesario levar a cabo traballos de seguimento do estado e tendencias da biodiversidade, manter e compartir datos, e desenvolver e usar indicadores e medicións útiles da biodiversidade e dos cambios nos ecosistemas.
- b) Valoración regular do estado de conservación da biodiversidade e dos servizos dos ecosistemas, dos escenarios futuros e da efectividade das respostas: isto podería ser levado a cabo polo SBSTTA así como pola plataforma intergubernamental proposta sobre biodiversidade e servizos dos ecosistemas.
- c) Investigación actual da biodiversidade e da función e servizos dos ecosistemas, así como da súa relación co benestar humano.
- d) Contribucións a todo o anterior do coñecemento, innovacións e prácticas das comunidades locais e indíxenas relevantes para a conservación e o uso sostible da biodiversidade.
- e) Recursos financeiros e técnicos sostibles, axeitados, predecibles, oportunos e con capacidade operativa.



## **4. Definición**

## 4 Definicións

---

A

### Afección significativa ou impacto significativo

O Anexo II da Lei 9/2006 do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (BOE 102, 29/04/06), fixa os criterios para determinar a posible significación dos efectos sobre o medio ambiente:

1. As características dos plans e programas, considerando en particular:
  - a) A medida en que o plan ou programa establece un marco para proxectos e outras actividades con respecto á situación, a natureza, as dimensións, as condicións de funcionamento ou mediante a asignación de recursos.
  - b) A medida en que o plan ou programa inflúe noutros plans ou programas, incluídos os que estean xerarquizados
  - c) A pertinencia do plan ou programa para a integración de consideracións ambientais, co obxecto, en particular, de promover o desenvolvemento sostible
  - d) Problemas ambientais significativos relacionados co plan ou programa.
  - e) A pertinencia do plan ou programa para a implantación da lexislación comunitaria ou nacional en materia de medio ambiente (por exemplo, os plans ou programas relacionados coa xestión de residuos ou a protección dos recursos hídricos).
2. As características dos efectos e da área probablemente afectada, considerando en particular:
  - a) A probabilidade, duración, frecuencia e reversibilidade dos efectos.
  - b) O carácter acumulativo dos efectos.
  - c) O carácter transfronteirizo dos efectos.
  - d) Os riscos para a saúde humana ou o medio ambiente (debidos, por exemplo, a accidentes).
  - e) A magnitude e o alcance espacial dos efectos (área xeográfica e tamaño da poboación que poidan verse afectadas).

- f) O valor e a vulnerabilidade da área probablemente afectada a causa de:
- I As características naturais especiais ou o patrimonio cultural.
  - II A superación de estándares de calidade ambiental ou de valores límite.
  - III A explotación intensiva do solo.
  - IV Os efectos en áreas ou paisaxes con rango de protección recoñecido nos ámbitos nacional, comunitario ou internacional.

Lei 9/2006

#### Área de distribución natural

A área de distribución natural dunha especie é o ámbito territorial que abrangue as localidades onde está presente de forma natural. A delimitación e representación da área de distribución realizase mediante a determinación da área de presenza ou de ocupación.

IUCN

#### Área de distribución naturalizada

A área de distribución naturalizada dunha especie é o ámbito territorial que abrangue as localidades onde está presente non de forma natural.

IUCN

#### Área de distribución potencial

A área que, pola súas características naturais, e estado de conservación reúne condicións como hábitat do taxón. Formarán tamén parte da área de distribución potencial as áreas identificadas e verificadas como zonas de conexión entre os actuais núcleos de poboación.

Decreto 88/2007

#### Área de ocupación

Refírese á área máis pequena vital para a supervivencia das poboacións existentes dun taxón.

Decreto 88/2007

#### Área de presenza

Virá definida pola área onde a presenza de exemplares foi regular nos últimos cinco anos.

Decreto 88/2007

#### Área crítica para unha especie

Aqueles sectores incluídos na área de distribución que conteñan hábitats esenciais para a conservación favorable da especie ou que pola súa situación estratéxica para esta requiran o seu axeitado mantemento

Lei 42/2007

#### Área prioritaria de conservación

Son ás áreas vitais para a supervivencia e recuperación dun taxón ou poboación ameazada. Incorporarán, como mínimo, os encraves do refuxio, celo, reprodución e alimentación utilizados en diferentes estacións.

Decreto 88/2007

#### Área prioritaria das especies de interese para a conservación

Son os núcleos poboacionais e as áreas vitais para a supervivencia e recuperación das especies de interese para a conservación. Incorporarán, como mínimo, os encraves do refuxio, celo, reprodución e alimentación utilizados en diferentes estacións.

**B**

**Biodiversidade (Diversidade biolóxica)**

A variabilidade de organismos vivos de calquera fonte, incluídos, entre outras cousas, os ecosistemas terrestres e mariños e outros ecosistemas acuáticos e os complexos ecolóxicos dos que forman parte; comprende a diversidade dentro de cada especie, entre as especies e dos ecosistemas.

CDB-Río

**C**

**Compoñentes clave da biodiversidade**

Os tipos de hábitats do Anexo I de la DC 92/43/CEE. As especies e os hábitats das especies incluídas nos anexos das Directivas Comunitarias Hábitats (DC 92/43/CEE) e Aves (DC 2009/147/CE), así como as especies que integran o Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (CNEA) e o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA).

**Condicións in situ**

As condicións en que existen recursos xenéticos dentro de ecosistemas e hábitats naturais e, no caso das especies domesticadas ou cultivadas, nos ámbitos en que desenvolveran as súas propiedades específicas.

CDB-Río

**Conservación**

Un conxunto de medidas necesarias para manter ou restablecer os hábitats naturais e as poboacións de especies de fauna e de flora silvestres nun estado favorable.

DC 92/43/CEE

**Conservación ex situ**

A conservación de compoñentes da diversidade biolóxica fora dos seus hábitats naturais.

CDB - Río

**Conservación in situ**

A conservación dos ecosistemas e os hábitats naturais e o mantemento e recuperación de poboacións viables de especies nos seus ámbitos naturais e, no caso das especies domesticadas e cultivadas, nos ámbitos en que desenvolveran as súas propiedades específicas.

CDB - Río

**Coñecemento tradicional**

O coñecemento, as innovacións e prácticas das poboacións locais ligados ao patrimonio natural e a biodiversidade, desenvolvidas dende a experiencia e adaptadas á cultura e o medio local.

Lei 42/2007

**Custodia do territorio**

Conxunto de estratexias ou técnicas xurídicas a través das cales se implican os propietarios e usuarios do territorio na conservación e uso dos valores e os recursos naturais, culturais e paisaxísticos.

Lei 42/2007

E

**Ecosistema**

Un complexo dinámico de comunidades vexetais, animais e de microorganismos e o seu medio non vivente que interactúan como unha unidade funcional

CDB-Río

**Ecosistema natural**

Ecosistemas que non foron alterados (ao menos perceptiblemente) pola acción humana

IUCN

**Ecosistema semi natural**

Ecosistema que foi afectado pola acción humana na súa composición, estrutura ou función, pero que mantén elementos característicos dos ecosistemas naturais.

Modificado de IUCN

**Ecosistema sinantrópico**

Un ecosistema ou unha parte do, cuxa orixe, configuración e dinámica está determinada directamente pola acción humana.

IUCN

**Entidade de custodia do territorio**

Organización pública ou privada, sen ánimo de lucro, que leva a cabo iniciativas que inclúan a realización de acordos de custodia do territorio para a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

Lei 42/2007

**Espazo Natural Protexido**

Unha área definida xeograficamente que fose designada ou regulada e administrada co fin de alcanzar obxectivos específicos de conservación

CDB - Río

**Especie**

Grupo de individuos que é morfolóxica, fisiolóxica ou bioquimicamente distinto doutros grupos nalgunha característica (definición morfolóxica das especies). Ou ben, un grupo de individuos que poden potencialmente reproducirse entre eles e que non se reproducen con individuos doutros grupos e, que a partir deles se obtén descendencia fértil (definición biolóxica). O termo especie inclúe as categorías infra-específicas (subespecies, variedades, híbridos, cultivares, formas, etc).

**Especie autóctona (nativa ou silvestre)**

Especie que se atopa dentro dos límites actuais ou históricos, da súa área de distribución orixinal, e en consecuencia ocupa unha área, e medios ecolóxicos, acordos co seu potencial de dispersión natural.

IUCN

**Especies de interese comunitario**

As que, no territorio da Unión Europea.

- I estean en perigo, salvo aquelas cuxa área de distribución natural se estenda de forma marxinal no devandito territorio e non estean nin ameazadas nin sexan vulnerables na área do paleártico occidental; ou ben

- II sexan vulnerables, é dicir que o seu paso á categoría das especies en perigo se considera probable nun futuro próximo en caso de persistir os factores que ocasionen a ameaza; ou ben
- III sexan raras, é dicir que as súas poboacións son de pequeno tamaño e que, sen estar actualmente en perigo nin ser vulnerables, poderían estalo ou selo. As devanditas especies localízanse en áreas xeográficas limitadas ou atópanse dispersas nunha superficie máis ampla; ou ben
- IV sexan endémicas e requiran especial atención debido á singularidade do seu hábitat e/ou a posibles repercusións que a súa explotación poida ter para a súa conservación.

Estas especies figuran ou poderán figurar no Anexo II e/ou IV ou V de la DC 92/43/CEE.

DC 92/43/CEE

#### **Especies de interese para a conservación**

As especies que figuran como protexidas nos anexos das Directivas Hábitats (DC 92/43/CEE) e Aves (DC 2009/147/CE), e nos convenios internacionais ratificados por España, así como as especies consideradas como "En Perigo" ou "Vulnerables" no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (CNEA), ou no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA).

#### **Especie domesticada (cultivada)**

É aquela que foi criada en cativeiro con algunha finalidade (como compañía, de uso económico, etc.) e que foi mantido baixo o control da súa reprodución, organización territorial e suplementos alimenticios ao longo de moitas xeracións. Normalmente o proceso de domesticación vai acompañado de modificacións morfolóxicas (tamaño, cor, peso, presenza ou ausencia de caracteres, etc.), e fisiolóxicas, que os diferencian da especie proxenitora e que, en moitos casos, son produto da selección artificial.

A persistencia temporal das especies domésticas ou cultivadas esta vinculada na maioría dos casos, á acción directa do home, desaparecendo do territorio a curto prazo tras o cesamento da actividade humana.

IUCN

#### **Especie endémica (endemismo)**

Aplícase ás especies ou aos taxóns cuxa área de distribución natural é exclusiva dunha localidade, área, ou territorio xeográfico, e non se atopa en ningunha outra parte do mundo. Elemento endémico de Galicia, aquel cuxa área de distribución natural se restrinxe a localidades do territorio galego.

#### **Especie exótica (alóctona)**

Especie (alóctona ou introducida) que se atopa fóra dos límites actuais ou históricos, da súa área de distribución orixinal, e en consecuencia ocupa unha área, e medios ecolóxicos, non acordes co seu potencial de dispersión natural.

IUCN

#### **Especie exótica invasora**

A que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética.

Lei 42/2007

**Especie extinta**

Unha especie ou un taxón están Extintos cando non queda ningunha dúbida razoable de que o último individuo existente morreu. Presúmese que un taxón está Extinto cando prospeccións exhaustivas dos seus hábitats, coñecidos e/ou esperados, nos momentos apropiados (diarios, estacionais, anuais), e ao longo da súa área de distribución histórica, non puideron detectar un só individuo. As prospeccións deberán ser realizadas en períodos de tempo apropiados ao ciclo de vida e formas de vida do taxón. A fixación de calquera límite de tempo para a súa inclusión na lista como extinto en ningún caso debe ser unha data anterior ao 1.500 DC.

IUCN

**Especie extinta en estado silvestre**

Unha especie ou un taxón está Extinto en Estado Silvestre cando só sobrevive en cultivo, en cativeiro ou como poboación (ou poboacións) naturalizadas completamente fóra da súa distribución orixinal. Presúmese que un taxón está Extinto en Estado Silvestre cando prospeccións exhaustivas dos seus hábitats, coñecidos e/ou esperados, nos momentos apropiados (diarios, estacionais, anuais), e ao longo da súa área de distribución histórica, non puideron detectar un só individuo. As prospeccións deberán ser realizadas en períodos de tempo apropiados ao ciclo de vida e formas de vida do taxón.

IUCN

**Especie invasora**

Especie naturalizada que, por conseguinte, é capaz de reproducirse sen intervención directa do home, en áreas diferentes ao sitio de introdución ou cultivo orixinal, mostrando unha grande capacidade de colonización, provocando unha afección significativa sobre os medios e hábitats naturais (desprazamento competitivo das poboacións nativas, modificación das condicións estruturais e eco-funcionais dos hábitats).

Modificado de IUCN

**Especie naturalizada**

Especie alóctona ou especie de orixe doméstica/cultivada que logra establecerse e manterse temporalmente en localidades, fóra da súa área de distribución natural ou dos propios medios de cultivo, independentemente da acción directa do home.

IUCN

**Especie potencialmente invasoras**

Aquelas especies naturalizadas que, atopándose fóra da súa área de distribución natural ou dos medios de cultivos, posúen unha probable capacidade de invasión e por conseguinte de afectar aos hábitats e poboacións silvestres, habida conta do seu comportamento noutros territorios limitrofes.

**Especies prioritarias**

As especies cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade habida conta da importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída na Unión Europea. Estas especies prioritarias sinalanse cun asterisco (\*) no Anexo II da DC 92/43/CEE.

DC 92/43/CEE

**Especie rara**

Todas aquelas que se atopan en números suficientemente baixos como para representar un problema para a súa conservación, e nalgúns casos, coma para atoparse ameazadas de extinción.

#### **Espécime**

Calquera animal ou planta, vivo ou morto, e calquera parte ou produto obtido a partir de estes, así como calquera outra mercadería, no caso de que se deduza do documento xustificativo, da embalaxe, ou dunha etiqueta ou de calquera outra circunstancia, que se trata de partes ou de produtos de animais ou de plantas das devanditas especies

#### **Estado de conservación dun hábitat**

O conxunto das influencias que actúan sobre o hábitat natural de que se trate e sobre as especies típicas asentadas neste e que poden afectar a longo prazo á súa distribución natural, a súa estrutura e funcións, así como á supervivencia das súas especies típicas no territorio de la Unión Europea. O «estado de conservación» dun hábitat natural considerarase «favorable» segundo la DC 92/43/CEE cando:

- I a súa área de distribución natural e as superficies comprendidas dentro da devandita área sexan estables ou se amplíen, e
- II a estrutura e as funcións específicas necesarias para o seu mantemento a longo prazo existan e poidan seguir existindo nun futuro previsible, e
- III o estado de conservación das súas especies típicas sexa favorable conforme á letra i);

DC 92/43/CEE

#### **Estado de conservación dunha especie**

O conxunto de influencias que actúen sobre a especie e poidan afectar a longo prazo á distribución e importancia das súas poboacións no territorio da Unión Europea.

O «estado de conservación» considerarase «favorable» cando:

- I os datos sobre a dinámica das poboacións da especie en cuestión indiquen que a mesma segue e pode seguir constituíndo a longo prazo un elemento vital dos hábitats naturais aos que pertenza, e
- II a área de distribución natural da especie non se estea a reducir nin ameace con reducirse nun futuro previsible, e
- III Exista, e probablemente siga existindo, un hábitat de extensión abonda para manter as súas poboacións a longo prazo;

DC 92/43/CEE

#### **Explotacións tradicionais**

Explotacións integradas nos ecosistemas naturais e semi naturais, mantendo un equilibrio co medio no que están integradas e, do que dependen; polo que o home é, e se sente, parte e mantedor da cadea produtivo-consuntiva, e trata de non esquilmar as fontes de riqueza naturais. A adaptación e revalorización dos sistemas de explotación tradicionais permitiu mellorar nas últimas décadas os seus beneficios económicos, sen minguar o equilibrio ambiental, á vez. Sendo na actualidade fundamentais para a conservación de razas e ecotipos autóctonos, obtención de produtos con denominación de orixe e calidade, agricultura ecolóxica, o mantemento das poboacións rurais, e o desenvolvemento de actividades de turismo rural ou natural.

Os sistemas tradicionais de explotación adóptanse en Galicia hai máis de 5.000 anos coa aparición dos primeiros vestixios de explotación agrícola e gandeira, estruturándose e desenvolvéndose ao longo do devir histórico (Idade dos Metais, Romanización, Idade Media, Antigo Réxime).

#### Explotacións intensivas

A orixe dos sistemas de explotación intensiva vincúlase como consecuencia da Revolución Industrial. Nunha primeira etapa (Finais século XVIII a mediados do século XX), incorporáronse progresivamente novas técnicas produtivas (uso de ferramentas industriais en lugar de manufacturados, mellora das especies cultivadas e domesticadas, emprego de novas fontes de enerxía, substitución da forza humana e animal como forza motora, etc), que supoñen a intensificación dos métodos de produción, que en moitas áreas e para certos tipos de cultivos que xera un importante desequilibrio ambiental e frecuentemente social.

Nunha segunda etapa, cuxo inicio coincidiría co final da segunda Guerra Mundial (1945), os sistemas de explotación intensiva incorporan vertixinosamente os avances tecnolóxicos froito das décadas anteriores, así como outros xerados nas décadas posteriores (desenvolvemento de biocidas, fertilizantes químicos, organismos transxénicos, etc). Esta segunda etapa xerou unha afección ambiental aínda máis significativa (empobrecemento da diversidade biolóxica, incremento de residuos, contaminación de augas e solos, facilitación e expansión de especies invasoras, despoboamento das comunidades locais, etc), o que determinou a necesidade de establecer medidas correctoras, así como supuxo a revitalización dos sistemas tradicionais.

H

#### Hábitat

Extensión topográfica homoxénea nos seus compoñentes físicos e bióticos á escala do fenómeno estudado.

Blondel, 1979

#### Hábitat

Un hábitat é un entidade espacial tridimensional que comprende polo menos a interacción entre o aire, a auga, a terra, e inclúe o ambiente físico e as comunidades de plantas e animais que o ocupan, e é unha entidade fractal, en tanto que a súa definición depende da escala á que se considera

Blondel, 1995

#### Habitats naturais

Zonas terrestres ou acuáticas diferenciadas polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais.

DC 92/43/CEE

#### Habitats de interese comunitario

Os que, no ámbito territorial da Unión Europea e, en coherencia co Anexo I de la DC 92/43/CEE.

- I atópanse ameazados de desaparición na súa área de distribución natural; ou ben
- II presentan unha área de distribución natural reducida a causa da súa regresión ou debido á súa área intrinsecamente restrinxida; ou ben
- III constitúen exemplos representativos de características típicas dunha ou de varias das rexións bioxeográficas establecidas na Unión Europea.

Estes habitats figuran ou poderán figurar no Anexo I de la DC 92/43/CEE.

**Hábitats prioritarios**

Tipos de hábitats naturais ameazados de desaparición presentes na Unión Europea, (hábitat de interese comunitario), cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade habida conta da importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída na Unión Europea. Estes tipos de hábitats naturais prioritarios sinálanse cun asterisco (\*) no Anexo I da DC 92/43/CEE

DC 92/43/CEE

**Hábitat dunha especie**

Medio definido por factores abióticos e bióticos específicos onde vive a especie nunha das fases do seu ciclo biolóxico.

DC 92/43/CEE

I

**Instrumentos de xestión**

Baixo esta denominación inclúese calquera técnica de xestión dun espazo natural e dos seus usos, que fose sometido a un proceso de información pública, fora obxecto dunha aprobación formal e fose publicado.

Lei 42/2007

L

**Lugar**

Os Espazos Naturais que conforman la Rede Natura 2000 (LIC, ZEPA, ZEC)

DC 92/43/CEE

M

**Material xenético**

Todo material de orixe vexetal, animal, microbiana ou doutro tipo que conteña unidades funcionais da herdanza

CDB - Río

**Medidas compensatorias**

Son medidas específicas incluídas nun plan ou proxecto, que teñen por obxecto compensar, o máis exactamente posible, o seu impacto negativo sobre a especie ou o hábitat afectado.

Lei 42/2007

O

**Obxectivo de conservación dun lugar**

Niveis poboacionais das diferentes especies así como superficie e calidade dos hábitats que debe ter un espazo para alcanzar un estado de conservación favorable.

Lei 42/2007

P

**Paisaxe**

Calquera parte do territorio o carácter do cal sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos, tal como a percibe a poboación.

Lei 42/2007

**Patrimonio Natural**

Conxunto de bens e recursos da natureza fonte de diversidade biolóxica e xeolóxica, que teñen un valor relevante ambiental, paisaxístico, científico ou cultural.

Lei 42/2007

**Patrimonio Xeolóxico**

Conxunto de recursos naturais xeolóxicos de valor científico, cultural e/ou educativo, xa sexa formacións e estruturas xeolóxicas, formas do terreo, minerais, rochas, meteoritos, fósiles, chans e outras manifestacións xeolóxicas que permiten coñecer, estudar e interpretar: a) a orixe e evolución da Terra, b) os procesos que a modelaron, c) os climas e paisaxes do pasado e presente e d) a orixe e evolución da vida.

Lei 42/2007

R

**Recursos biolóxicos**

Os recursos xenéticos, os organismos ou partes deles, as poboacións, ou calquera outro tipo de compoñente biótico dos ecosistemas de valor ou utilidade real ou potencial para a humanidade.

CDB - Río

T

**Taxón (Taxóns) [Latín Taxon (Taxa)]**

Grupo de organismos emparentados xeneticamente que foron agrupados nunha das categorías do sistema de clasificación (reino, división, clase, orde, familia, xénero, especie, variedade)

U

**Unidade ambiental**

Porción do territorio que, posuíndo características xeográficas e ecolóxicas homoxéneas, mostra unha resposta tamén homoxénea fronte ás accións derivadas dos procesos antrópicos, constituíndo o elemento básico para sustentar a planificación e xestión dun territorio.

**Uso sostible**

A utilización de compoñentes da diversidade biolóxica dun modo e a un ritmo que non ocasione a diminución a longo prazo da diversidade biolóxica, co cal se manteñen as posibilidades desta de satisfacer as necesidades e as aspiracións das xeracións actuais e futuras.

CDB - Río

**Uso tradicional**

Uso propio e característico dos sistemas tradicionais de explotación do territorio, testemuñados en Galicia con anterioridade a 1945.

X

**Xeodiversidade ou diversidade xeolóxica**

Variedade de elementos xeolóxicos, incluído rochas, minerais, fósiles, chans, formas do relevo, formacións e unidades xeolóxicas e paisaxes que son o produto e rexistro da evolución da Terra.

Lei 42/2007

Z

**Zona**

Cada unha das unidades territoriais establecidas na zonificación do Espazo Natural Protexido considerada no presente Plan.